

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2**

### **SESION ORDINARIA DO 22 DE FEBREIRO DE 2017**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### **NON ASISTEN:**

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vintedous de febreiro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa,

Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocada para o día hoxe as nove horas, en orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e quería iniciar este Pleno mostrando o noso rexeitamento polo asasinato, violencia xénero antonte dunha muller en Chapela (Redondela), con independencia do minuto de silencio que gardaremos inmediatamente antes das mocións. Iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(21).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA ORDINARIA 27 DE DECEMBRO 2016)**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 27 de decembro de 2016.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **2(22).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 17760/541 (REXISTRO PLENO 1501/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 30.01.2017, o Tesoureiro municipal emite o seguinte informe.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade do MINHAP.

#### INFORME.-

##### I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoueiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de*

recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación"*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*"Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días."

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

### III.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhaf.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

Así mesmo, establece que as obrigas de remisión de información daráselles cumprimento por medios electrónicos a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas hoxe Ministerio de Facenda e Función Pública, habilite ao efecto, e mediante firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de firma electrónica, salvo naqueles casos en os que o Ministerio de Facenda e Función Pública

considere que non é necesaria a súa utilización.

O envío e captura da información prevista nesta Orde realizarase a través de modelos normalizados ou sistemas de carga masiva de datos habilitados ao efecto (...)

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requirida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2016.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2016 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

<b>Situación</b>	<b>Entidade Local</b>	<b>Xerencia M. Urbanismo</b>
<b>Pagos feitos no trimestre</b>		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	5.833	130
Importe dos pagos	39.155.162,78	311.670,07
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	31	2
Importe	118.287,30	2.629,44
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>21,24 días</b>	<b>14,86 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>		
Nº de pagos	,00	,00
Importe	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>		
<i>Dentro do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	1.248	3
Importe dos pagos	12.098.799,11	4.709,25
<i>Fora do período legal de pagos</i>		
Nº de pagos	1	0
Importe	519,32	,00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>8,05 días</b>	<b>3,84</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de facturas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750. No transcurso do trimestre, hai un gran número de facturas deste subministro, que por erros na súa emisión (aplicación da Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo) son rexeitadas.

En relación coa facturación pendente de pago, como é normal, a facturación do mes de decembro, pagase nos primeiros días do mes de xaneiro. Na primeira semana de xaneiro do ano 2017, pagáronse máis da metade dos saldos pendentes ao peche do exercicio, o resto dos pagos, fixéronse no transcurso do mes de xaneiro, sendo o saldo pendente de pagamento de obrigas de exercicios pechados á data 27 de xaneiro de CERO euros.

En canto á factura pendente de pago ao peche que está fora do período medio de pago, pola súa pequena contía non merece comentario.

En relación coas facturas pagadas fora de prazo, a súa maioría se corresponden co contrato de renting, aínda así, a porcentaxe que representa sobre a totalidade de pagos por deuda comercial no período, é dun 0,3%.

#### Resumo por trimestres de morosidade

<b>Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2016</b>				
<b>Trimestres</b>	<b>Entidade Local</b>		<b>Xerencia Municipal Urbanismo</b>	
	<b>PMP/días</b>	<b>PMPP/días</b>	<b>PMP/días</b>	<b>PMPP/días</b>
Primeiro Trimestre	27,4	16,72	19,58	9,11
Segundo Trimestre	22,86	14,62	16,11	7,85
Terceiro Trimestre	25,31	10,46	22,81	20,35
Cuarto Trimestre	21,24	8,05	14,86	3,84

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

#### Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

**PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2016**



Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-3,34	-10,48	-8,55	-9,14	-9,44	-7,53	-7,11	-5,03	-10,78	-12,19	-9,07	-15,48
MARCO	29,18	32,74	48,2	51,71	21,39	-2,59	23,09	33,2	32,75	13,25	20,88	28,13
XMU	-14,88	-11,45	-21,24	-15,93	-16,51	-16,77	-13,88	-9,88	-12,6	-5,12	-19,15	-16,58
PMPGlob.	-3,35	-9,99	-7,85	-8,23	-9,25	-7,56	-7,03	-4,84	-10,36	-12,05	-8,94	-15,29

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014, computados estes dende o día que a factura foi rexistrada na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo, rexistro este no que se obtén a información para o cálculo dos días do período de pago.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 15.02.2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O motivo de dar conta dos bos resultados do pagamento a provedores no carto trimestre do ano, hai que sinalar que Vigo foi a primeira cidade de España en pago a provedores, isto non é unha anécdota, é o resultado dunha boa xestión financeira das arcas municipais do Concello de Vigo, posto que a caixa existe pese que algunha persoa lle pareza arrepiante, a recadación funciona e os servizos de Tesourería deste Concello teñen un plan para o bo e correcto pagamento das facturas do Concello.

Hai que dicir que no mes de decembro pagouse en menos 15 días, é dicir, tan só 15 días despois de recibir os servizos ou obras xa se aboaron as prestacións correspondentes a esas facturas, no mes de decembro digo 15 días, no mes de

novembro menos 8 días e no mes de outubro menos 12 días, tendencia que continúa no mes de xaneiro con menos 12 días no prazo de pago a provedores. En datos comparativos, polo tanto, estamos á cabeza das cidades de España, hai que ter en conta que o período medio de pagamentos en toda España se sitúa neste último carto trimestre de 2016 nun total de 64 días, polo tanto, Vigo está moi por debaixo desa media nacional e como exemplo, se tomamos como referencia algunhas cidades de España como Barcelona que paga en 30 días, Madrid en 33 días ou Alacante tamén en 33 días, en Vigo nos primeiros 30 días que ten o Concello para recoñecer os servizos prestados ou as obras realizadas, neses primeiros 15 días en chegar a esgotar os seguintes 30 días, o Concello de Vigo xa efectúa o pagamento das facturas. Isto é mostra, como digo, do bo funcionamento dos servizos económicos municipais, da boa situación financeira do Concello de Vigo e demostra o esforzo que está a facer o goberno municipal por evitar tensións de tesourería para as empresas e para os provedores, favorecendo así que teñan liquidez inmediata para desenvolver a súas actividades económicas nesta cidade que é a cidade máis puxante, máis importante de Galicia e a máis importante tamén do noroeste peninsular, polo tanto, para favorecer tamén o sector produtivo próximo a esta cidade.

Os datos comparativos son tamén bos, non só porque estamos á cabeza polo menos das 25 primeiras cidades de España, senón tamén se tomamos como referencia a outras cidades comparativamente que fan pagos similares a Vigo como pode ser Sevilla, que paga en 55 días, Palma que paga en 95 días, Tenerife que paga en 70 días ou Valencia que paga en 32 días, polo tanto, estamos sempre en mellor posición en comparativa co resto das cidades tamén do noroeste peninsular, a comparación do pagamento tamén se fai con cidades que pagan importes similares, incluso do noroeste como pode ser Xixón que paga en 35 días ou Oviedo que paga en 28 días. Polo tanto, me reafirmo nesta manifestación de que somos a cidade con mellor ratio de pago a provedores, insisto, isto é mostra da boa xestión económica que se está a facer por este goberno das arcas municipais.

A situación comparativa en Galicia tamén nos coloca en primeira posición, insisto, non é unha cuestión anecdótica senón que é un reflexo da boa xestión financeira do Concello de Vigo. Hai que dicir que A Coruña paga en 68 días, Santiago de

Compostela en 67 días, Ourense en 46 días e Pontevedra en 33 días, nós en menos 15, polo tanto, neses primeiros 15 días temos xa pagadas as facturas correspondentes aos servizos contratados polo Concello e os investimentos tamén que se fai dende este Concello de Vigo.

Hai que dicir que durante o cuarto trimestre de 2016, se aboaron un total de 5.994 pagos por un importe total de 39,5 millóns de euros, ningún destes pagamentos fora de prazo, polo tanto, sen pagar xuros de mora, sen pagar intereses de demora por pagamentos fora de prazo, insisto boa xestión económica deste Concello e ao finalizar o trimestre quedaban pendente de pago 1.252 operacións, todas estas dentro tamén de prazo que xa foron aboadas nos primeiros días do mes de xaneiro deste ano 2017. Polo tanto, boa xestión feita deste goberno, das finanzas municipais e boas noticias para os provedores e as empresas que contratan co Concello de Vigo, posto que nun prazo de practicamente 10 días naturais teñen cobradas as súas facturas.

SR. PÉREZ CORREA: Nós seguimos entendendo que o proceso de pago a provedores ten que ser unha mellora continua, é certo que aquí se nos trasladan períodos de pago en negativo que non existen, entendemos que haberá un proceso de recoñecemento da factura e que ese proceso de recoñecemento da factura será tido en conta e polo tanto ímonos quedar cos datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, onde falan que o período medio de pago son 21,24 días dentro de ese período do último trimestre do ano e polo tanto imos a xogar con ese dato. Só unha cuestión, nós dicíamos que efectivamente o pago unha vez que se recoñece a factura pronto aos provedores, forma parte tamén dun xeito de defender unha reactivación económica na nosa cidade, tamén é certo que cada vez hai menos pagos, co cal quere dicir que tamén hai menos provedores, que se van agrupando en determinados grandes provedores determinadas compras ou servizos que este concello fai, e polo tanto, tamén é un dato obxectivo que con respecto ao anterior trimestre co que poderíamos facer unha comparación co ano 2015, pois de 5.833 pagos nese período, pasamos a 4.219, cos datos da web do Ministerio de Facenda e logo é certo que se pode comparar con outras cidades, cidades moitas delas que quedaron con grandes cantidades de facturas no caixón e moitas delas no seu día gobernadas polo Partido Socialista e polo

Partido Popular, e que os gobernos das candidaturas do Partido Popular nos atopamos con grades eivas sobre todo coa visibilización de grandes facturas, eu se que creo que tamén neste informe de tesourería, neses grandes números da tesourería debe haber moito pago pendente porque dende logo si é certo que non hai 90 millóns de euros para dispoñer como dicía o Partido Popular, entre outras cousas porque hai un ministro que sistematicamente impide empregar eses recursos en activación económica, esa lei que impide utilizar remanentes importantes de tesourería en moitos concellos polos criterios moitas veces de acudir ao fondo de rescate ou incluso polos criterios do Teito de Gasto, pero nós si que dicimos que esas cidades coas que se quere comparar Vigo, fixeron un esforzo ao longo do último ano en reducir en máis do 50% o período medio de pagamento, hai algunhas cidades incluso que por enriba do 50% de redución. Vigo está practicamente estancado cos períodos medios de pagamento do ano anterior, se vemos, como digo, a información que figura na web do Ministerio de Facenda e non a evolución mensual que dende logo a nós nos interesa comparar datos en períodos similares de anos diferentes e polo tanto, estar nese importe en 21,15 días no ano 2015 e estar neste ano 2016 que estamos a barallar en 21,24, practicamente é manterse nos mesmos niveis, a nós interézanos ese dato, porque ese dato é certo que é un dato que pode ser tomado como vostedes están a tomar, os períodos de evolución mensual, o período medio de pagos mensuais, nos queremos utilizar o informe trimestral e dicimos que Vigo mantén máis ou menos, os mesmos niveis cun número sensible inferior de pagos e que ao mellor do que se trata non ser o primeiro senón ser ir facendo avances importantes ou incluso auditando determinados importes económicos que figuran na tesourería que entendemos que son pagos comprometidos e que queremos un informe pormenorizado dese importe substancial que figura como pagos pendentes dentro do informe de tesourería, porque non estamos a falar dun recurso menor senón que polo que podemos chegar aquí pode ser case un terzo de todo o dispoñible na Tesourería deste Concello e polo tanto, de facto pode haber unha ocultación de determinadas facturas ou de pagos que dende logo a nós non se nos clarifica en ningún dos informes que se nos vai pasando.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Neste caso eu creo que é importante que fagamos unha

reflexión sobre a intervención do Sr. Aneiros porque sinceramente Sr. Aneiros, a parte do percorrido xeográfico que nos fixo vostede por practicamente toda a xeografía española, non sei se algunha cidade se lle quedou pendente, pouco máis poden dicir vostedes, xa poden pagar rápido, con 97 millóns de euros de fondos líquidos a 31 de decembro, xa poden pagar rápido Sr. Aneiros, xa lles gustaría aos vigueses ter eses fondos nos seus bancos na mesma proporción que teñen vostedes en función do seu presuposto, xa lles gustaría aos vigueses, porque 97 millóns de euros dan para moito evidentemente, como para non pagar rápido, o raro é que non paguen vostedes aínda máis rápido con ese nivel de liquidez que teñen no banco, cun Remanente de Tesourería de 87 millóns de euros, Sr. Aneiros, cun 30% de execución do orzamento de investimentos, pero como di que ten moi contentos aos provedores? Os provedores e as empresas o que queren é que as administracións executen e vostedes executan o 30% do orzamento de investimentos, 7 millóns de euros de 24 millóns, como para non pagar rápido Sr. Aneiros, cun resultado presupostario de 26 millóns de euros positivo. Non sei o que pensará a súa compañeira de Corporación, a Sra. Caride, cando eu a lembro que tiña outro concepto en relación á xestión presupostaria, cando achacaba á Xunta de Galicia de que se deixaba 20 millóns de 8.500 millóns sen executar para cumprir co obxectivo de estabilidade, e aínda por enriba tiña algo que dicir, agora non sei que lle dirá, por que non cambian xa que en Urbanismo non a deixan facer moito, cámbien a Facenda a ver si teñen outra política e melloran vostedes a xestión presupostaria; porque sinceramente o ano 2016 foi un ano perdido absolutamente para esta cidade porque que desastre de xestión orzamentaria e vez de asumir que tiveron vostedes un moi mal ano, en vez de asumilo, recoñecelo aínda por enriba queren vendernos que o fixeron estupendamente.

Insístolles, que os números son dunha administración pública, non dunha empresa privada que ten que dar beneficios a finais de ano, vostedes teñen a obriga de utilizar os fondos que recadan de tódolos vigueses/as co seu esforzo, en mellorar os servizos públicos e con ese nivel de xestión orzamentaria e de execución, dende logo, o fracaso é absoluto. E logo, insisto, en vez de recoñecelo, en vez de ter algo de humildade que lle falla moito a este goberno, lle sobran millóns en bancos e fáltalle humildade, pois resulta que teñen máis que dicir e culpan o Teito de gasto cando todo o mundo sabe que o Teito de gasto se calcula en función dos ingresos

Sr. Alcalde, e teñen vostedes máis ingresos dos presupostados, dos recoñecidos. Logo cumpra a Regra de Gasto, e aquí non é que o diga esta voceira, Sr. Alcalde, senón que o di o propio Interventor no seu informe, quedáronse vostedes por debaixo da Regra de Gasto, é que poderían incrementar os gastos 1,8% e non só non chegaron aí senón que enriba os baixaron, un desastre de xestión orzamentaria, nin a escusa do Teito de Gasto, nin a da Regra do Gasto, aínda que teñan sempre a axuda do grupo municipal de Marea de Vigo para axudarlles a criticar ao Sr. Montoro, non teñen escusa para este desastre de xestión presupostaria, e o problema é que aquí os que si que pagan, os que cumpren, son os vigueses/as, aos que están vostedes masacrando a impostos ano tras ano, porque non contentos con seguir acumulando eses fondos, eses 97 millóns de euros aínda por enriba nos soben os impostos, pagamos o IBI máis caro de España, o imposto de circulación máis caro de Galicia, a taxa de lixo máis cara tamén, nos soben os impostos para que? Para recadarlle aos vigueses que pagan puntualmente e logo non ser capaces de empregalo en mellorar os servizos públicos. Temos un récord de presión fiscal nesta cidade, baseándonos nos seus datos e nos seus informes Sr. Aneiros. A vostedes que lles gusta tanto comparar co ano 2007, no ano 2007 cando chegou ao Alcalde de Vigo ao goberno municipal, os ingresos tributarios, o que pagaban os vigueses por impostos eran 452 euros, agora xa pagan 542 euros, 100 euros máis case en tódolos anos de goberno do Sr. Caballero, pódeme vostede ensinar os cadros que vostede queira Sr. Aneiros, pero esa é a realidade.

Así que lles pedimos, lle volvemos pedir que baixen os impostos, que deixen que os vigueses teñan un respiro, que deixen que os vigueses tamén paguen as súas facturas e que deixen de estar pagándolles a vostedes impostos para que os manteñan nos bancos.

SR. LÓPEZ FONT: Eu sei Sra. Muñoz que vostede ten moitas gañas de chegar á execución do orzamento e demais, pero non se precipite, estamos no punto segundo que é dar conta do informe trimestral de Tesourería, e acaba a súa intervención falando de que nos baixen os impostos aos vigueses, é unha mistura isto, pero tranquila, terá tempo de discutir e nós tamén temos gañas de discutir con vostede sobre o grado de execución do Orzamento.

O primeiro, á hora de defender estas cuestión ten un “handicap” tremendo, o que propón aquí é o contrario do que vostede fixo como conselleira de Facenda, porque permitirse facer a mención que fixo ata agora cando vostedes tiveron facturas nos caixóns, cando vostedes porque eu llo comentarei, direillo no seu momento cando corresponda no punto, o grado de inexecución presupostaria seu, é absolutamente tremendo cando era conselleira de Facenda. Polo tanto, eu comprendo que a vostede non lle gusta falar das datas de pago aos provedores, non quere falar disto, e o concelleiro de Facenda o que fixo é mencionar as cantidades, os días e facer un percorrido pola xeografía española, efectivamente, porque aquí unha intervención como a do voceiro de Marea de Vigo, por facer unha broma, so fai falla que paguemos antes de recibir as facturas, cuestión que iso é certamente imposible. O que si é certo é unha cousa, e é que cando damos uns datos comparados con outras cidades nas que somos os primeiros, manernos é moi importante, haberá máis menos pagos, pero manernos é certamente importante e entón do que se trata Sra. Muñoz é de que en que data pagamos aos provedores, e este que debería de ser un dato a satisfacer e a compartir por tódolos concelleiros que estamos nesta Corporación e polos tres grupos, a vostede lle serve novamente para facer outro debate, pero iso demostra a incapacidade para discutir do que realmente estamos a falar, porque xa vexo que a vostede lle preocupa moi pouco os provedores, que a vostede lle preocupa outras cuestións e fala de desastre de xestión, pero que desastre de xestión Sra. Muñoz? Se é xustamente ao contrario, vostede foi incapaz de rebater os datos que deu o concelleiro de Facenda, vostede é incapaz de debater do que realmente estamos a falar porque non lle interesa, e intúo que cando esteamos a falar de execución orzamentaria, se nos ira outra vez polos cerros de Úbeda para falar doutra cuestión.

Pídlle rigor e coherencia ao que vostede fixo como conselleira de Facenda porque iso é o primeiro que hai que ter, e vostedes non son un exemplo e vostede menos, para dar leccións nin ao concelleiro de Facenda sobre a execución que levamos en canto a pagos aos provedores, nin tampouco ten ningunha autoridade moral para propoñer ningún cambio nas concellerías deste goberno, porque estase a facer o traballo moi a satisfacción e a pena é que vostede perdeu cinco minutos en falar con rigor do que verdadeiramente había que falar, e eu remarco os datos que deu o concelleiro de facenda, o importante é manterse cando se alcanza o primeiro

posto.

E con respecto á intervención de Marea de Vigo, eu creo que sementar dúbidas, voceiro de Marea de Vigo, convén en absoluto evitalo, hai que evitalo porque as facturas evidentemente que se auditan e claro se aquí o que vimos a defender é xestión doutros gobernos diferentes ao desta cidade, creo que o que hai que valorar é o que fai este goberno, creo que o que hai que analizar é como se paga a provedores dende este goberno e isto que debería ser un grado de satisfacción, como dicía anteriormente, para todos, pois serviu aos distintos voceiros para o que serviu e para a Sra. Muñoz, para xustificarse novamente e para non falar do que realmente se debe falar.

Sabe Sra. Muñoz cal é a satisfacción deste goberno? Que somos a primeira cidade que paga ben aos provedores, e é unha pena que vostede enrocada permanentemente no non aos intereses desta cidade cando debatemos de algo tan importante como son os intereses das empresas, estea noutro tipo de debate político que certamente xa está superado.

SR. ANEIROS PEREIRA: Co máximo rigor e a máxima seriedade porque o asunto é serio, hai que evitar terxiversacións da voceira Popular e defensas doutros concellos como parece que fai o voceiro de Marea de Vigo, nós somos concelleiros do Concello de Vigo, non concelleiros de A Coruña, nin de Santiago de Compostela nin doutras cidades de alternativa non sei que. Primeira cuestión que ten que quedar clara e que ten que saber a cidadanía, non existe ningunha factura no caixón dende que o sistema de facturación electrónica estás implantado neste Concello, tódalas facturas deste Concello se tramitan de xeito electrónico, os provedores remiten directamente ao portal Face a súa factura, polo tanto non hai ningunha factura no caixón, é máis, é imposible que existan facturas no caixón, polo tanto, ese é o rexistro dende onde se empeza a computar eses prazos de días para pagar as facturas, primeira cuestión que ten que quedar polo tanto claro.

Segunda cuestión que ten que quedar clara, os datos que manexamos son datos oficiais da central de información do Ministerio de Facenda, eu non sei que datos manexou vostede, wikipedia ou non sei, pero son datos oficiais que remiten tódolos concellos ao Ministerio de Facenda, datos oficiais, polo tanto, datos que están de forma pública no Ministerio de Facenda, menos 15 días no mes de



decembro, menos 12 días no mes de xaneiro, menos 8 días no mes de novembro e menos 12 días no mes de outubro, polo tanto, datos oficiais, non hai terxiversacións ningunha, non hai dúbida deste datos, así que non xoguemos cos datos.

Terceira cuestión que ten que quedar clara tamén porque a Sra. Muñoz parece que non se decata, eu entendo que ela cando foi conselleira non tiña esta situación na Xunta de Galicia e lle parecen arrepiantes estas cifras, o calendario fiscal fai que a recadación municipal sexa fundamentalmente no último trimestre do ano, cando os cidadás pagan o IBI, o lixo, o imposto de vehículos, etc. iso xera que no último trimestre do ano a Caixa Municipal estea digamos en plenitude, por iso hai certas cifras, desas cifras, dos 87 millóns de euros vívese o resto do ano, parece que non se decata Sra. Muñoz, leva aquí dous anos non me faga ser profesor dunha concelleira. Deses 87 millóns vívese o resto do ano, e polo tanto de aí se pagan as facturas, aos provedores, etc., o procedemento impide que se pague unha factura como dicía o meu compañeiro, o voceiro do goberno, antes de prestar os servizos, vostedes que tanto critican que non controlamos ás concesionarias, como din vostedes, cando chega o servizo, cando se fai a obra, se controla se efectivamente foi prestado ou non o servizo e a partires de aí, da aprobación do servizo correspondente se tramita a factura no servizo de Contabilidade, no de Tesourería, e a partires de aí o pagamento aos bancos, e practicamente imposible pagar máis rápido, señores/as porque en practicamente dez días os provedores teñen os seus cartos na conta.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**3(23).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO 2016. EXPTE. 42/143 (1507/1101)**

ANTECEDENTES: Dase conta do Decreto da Alcaldía, de data 7.02.2017, que di o que segue,

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local ( Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2016, e incorpórase a Liquidación do Organismos Autónomo Administrativo. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO.

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:  
Entidade Local  
Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo

#### R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2016 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade e o do seu O.A dependente o longo do ano 2016, conformada pola Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e do Organismo Autónomo Administrativo XMU

XMU		
Remanente Líquido de Tesourería		Resultado Orzamentario
2015	2016	2016
2.344.483,59	2.846.260,17	413.154,65

Entidade	Estados Consolidados
----------	----------------------

Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L.Tesourería		R. Orzamentario
2.015	2.016	2.016	2.015	2.016	2.016
73.908.091,14	84.482.277,68	26.218.217,79	79.253.603,53	87.328.713,88	26.631.372,44

#### Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto

Variable	Entidade	XMU
Estabilidade Orzamentaria	18.631.720,78	461.737,84
Regra gasto (+) cumprimento	6.890.865,97	-77.744,02

#### Tesourería

Entidade	XMU
87.926.364,08	8.865.559,44

#### Endebedamento

% Endebedamento = (Débeda bancaria pte. De amortizar/ Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados)\*100

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados: 233.003.086,915 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2016: 0 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2016, 0%

#### Cumprimentos

Hai un Remanente Líquido de tesourería positivo na Entidade e no seu Organismo Autónomo, así como no perímetro de consolidación.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e no seu Organismo Autónomo, así como no perímetro de consolidación.

Dáse cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, pechándose cun superávit tanto a Entidade como no O.A.

Dáse cumprimento a Regra de Gasto na Entidade e nos estados consolidados cunha execución de gasto computable é menor co legalmente previsto tendo en conta a TRCPIB e o gasto computable na Liquidación do ano 2015 proxectada sobre o 2016 coa TRCPIB do 1,8%, polo tanto, cómprese co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade financeira, sendo o coeficiente de endebedamento do 0% ao peche do ano 2016.

Durante o exercicio, en todos os meses deuse cumprimento a Período Medio de pago, sendo sempre inferior aos 30 días que establece o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposición Final Trixésima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

2) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da Liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHFP) antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e O.A coa taxonomía LENLOC.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 15.02.2017, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da Liquidación dos Orzamentos do ano 2016, esta liquidación, esta dación de conta serve para que o Pleno pero tamén a cidadanía, o Tribunal de Contas saiban como se executa o Orzamento e como se xestionan as finanzas públicas do Concello de Vigo.

Hai que dicir que dentro do prazo para render contas, dentro dese prazo antes do mes de marzo, o Alcalde, a proposta do concelleiro de Facenda, aprobou a Liquidación do ano 2016, se temos en conta os datos desa liquidación e os datos que van ser tidos en conta polo control que se fai “a posteriori” dos Tribunais de Contas, sacamos polo menos dez resultados ou dez aspectos positivos, de aspectos macroeconómicos se queren logo entrarei no micro, que son positivos.

En primeiro lugar o resultado orzamentario é positivo, polo tanto, os ingresos

superaron aos gastos, temos un resultado orzamentario positivo, cumprimos co obxectivo de estabilidade presupostaria que nos establecen as leis do Estado.

Tamén hai outro resultado positivo, que existe aforro neto positivo, isto para que o entendan serve para demostrar solvencia e a capacidade de pago deste concello de Vigo, algo do que acabo de falar no punto anterior.

Por outra banda, a presión fiscal do Concello de Vigo é a menor das cidades de Galicia e como sabía que a Sra. Muñoz lle interesaba este tema, estamos por debaixo da media do estado na presión fiscal e somos a cidade de Galicia con menor presión fiscal, menos presión fiscal que A Coruña, que Santiago de Compostela, moito menos presión fiscal que Ourense e que Pontevedra. Polo tanto, presión fiscal baixa na cidade de Vigo.

En cuarto lugar, o Remanente de Tesourería é positivo, polo tanto significa que temos capacidade para financiar gasto e que o gasto corrente financiámolo con ingresos correntes.

En quinto lugar, o coeficiente de endebedamento é significativo, débeda cero, ningunha cidade de España conta cun capítulo IX de débeda cun cero, polo tanto, non temos nivel de endebedamento, pasamos do ano 2006 que tiña o Concello de Vigo 66 millóns de euros de débeda a cero euro no ano 2016, polo tanto, datos moi significativos no Concello de Vigo.

A ratio de ingresos correntes con respecto do gasto corrente tamén é significativo, 1,16% polo tanto, o ingreso corrente é capaz de soportar o gasto corrente deste Concello, temos unha ratio excelente de liquidez inmediata, 3,15%, é dicir, poderíamos pagar o que debemos e ter aínda solvencia suficiente para pagar outra vez máis.

Cúmprese coa Regra de Gasto, cúmprese tamén co ratio de autonomía fiscal duns 0,69%, polo tanto un 70% e polo tanto temos uns resultados sobresaíntes na xestión orzamentaria deste Concello de Vigo, somos, por dicilo dalgunha forma, sen falsa modestia, o referente dos máis de 300 concellos de Galicia, por máis que lles pese, si Sr. Fidalgo, e o referente tamén dos máis de 8.000 concellos de toda España, somos o Concello coas finanzas públicas máis sólidas e isto mostra o modelo de cidade que queremos señores/as, unha cidade solvente economicamente pero tamén unha cidade das persoas, unha cidade solidaria, unha cidade habitable, limpa, moderna, respectuosa co medio ambiente e que

encabeza a Área Metropolitana do sur de Galicia pois máis que lle pese a algunhas. Pero estes datos macros son tamén importantes polo micro, porque nos importan ás persoas e entre as persoas somos o Concello que máis adica a política social, cheque social, axuda antidesafuzamentos, cun albergue, co Servizo de Axuda Familiar, co servizo de Teleasistencia, co servizo Xantar na Casa, cos cuidadores de barrios, coas bolsas de libros e comedor, co apoio ás ONGs, apoiando á educación dos rapaces/as coas escolas infantís, coas escolas artísticas, co mantemento dos colexios, coas bolsas de inglés que levan a tantos e tantos rapaces/as a estudar inglés fora, co apoio á UNED, co apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén co apoio á xuventude, cos programas de deportes e como non co apoio ao emprego, a través dos plans de emprego municipal e dos convenios coa asociación de empresarios, sindicatos e comerciantes e apoiando a tódolos sectores da cidade, impulsando unha cidade moderna co apoio a eventos culturais e co deseño dunha nova cidade máis moderna e máis humana para todos, ese é modelo que nos temos.

SR. PÉREZ CORREA: O spot publicitario supoño que tería algún sentindo, sistematicamente un concelleiro de Facenda nos remite o que pode ser un texto dun vídeo promocional da cidade pero estamos a falar do Orzamento, de algo serio, polo tanto, imos a centrarnos en algo serio. A min gustaríame que incluso as magnitudes económicas que o concelleiro manexa sexan serias, porque non se pode falar de Madrid, de Santiago de Compostela, doutras cidades con respecto ao punto anterior falando de 40, 60 días que efectivamente en Vigo falar en negativo cando son en magnitudes diferentes porque vostede sabe como a min, que é accesible calquera información do Concello de Madrid onde tamén estes pagos mensuais son negativos pero o informe de morosidade que é o que vostede repite sistematicamente como un mantra, oculta eses informes trimestrais de morosidade, en Vigo estamos en 21 días, podemoslle dar 50.000 voltas aos outros indicadores, entón, manexemos magnitudes iguais. Eu na cuestión do orzamento, isto non é unha cuestión publicitaria, eu non son economista, nin licenciado en económicas, pero as magnitudes económicas que están enriba da mesa nun orzamento creo que son bastante serias, outra cousa é o que di o profesor D. Álvarez Corbacho que de economía sabe, por certo, un libro moi recomendable

onde fala de como os investimentos da Deputación de Pontevedra e da Xunta de Galicia van cambiando nos concellos dependendo da cor política, están neste libro moi interesantes para saber como se van cambiar os investimentos dependendo de que cor político está nas administracións. El di ao final, nas conclusións deste libro publicado por Radio Vento, que “os orzamentos públicos son na actualidade instrumento poderoso, cheo de eufemismos distintos para levar adiante políticas que teñen por obxecto acadar cousas distintas das que se prometen”, eu concordo con esta frase que pon o profesor D. Álvarez Corbacho, non é a cuestión da execución, non é nin sequera a execución das obras que vostedes anunciaron durante un ano, é o problema de toda a propaganda ligada ao orzamento do 2016 que durante un ano este grupo municipal, o grupo municipal do Partido Popular e calquera vigués/as tivemos que soportar, porque se nos fixo unha modificación importante a mediados do exercicio, están os datos aquí no informe de liquidación, que hai case 14 millóns de euros máis que sumados aos sete millóns de investimentos propostas, co cal nós íamos ao horizonte de 20 e pico millóns de euros de investimentos e ao final de ano executan apenas o 30%, volvendo consignar gran parte deses recursos a superávit, que efectivamente, vostede fala de superávit e que os concellos estamos secuestrados, temos que dar superávit si ou si por unha lei que logo falaremos da votación do Partido Socialista no Congreso dos Deputados, absténdose da posibilidade de modificar esa lei, por certo, 14 de febreiro, o día dos namorados, e vostedes agora veñen coa cuestión do superávit como algo positivo, veñen coa cuestión do equilibrio que consagra o Partido Popular a través desa lei como algo positivo e a min gustaríame un goberno sedicioso nesta cuestión, como fixeron outros gobernos que separaron, que dixeron que tiñan tesourería importante para facer actuacións e que non están de acordo cos usos do superávit que o Sr. Montoro consagra, vostedes si, vostedes liquidaron a débeda e xa empezamos a saber por que, porque quitando a débeda significa que o superávit se pode ir empregando nas cuestións que a vostede politicamente lle interesa, non orzamentariamente, chámanse humanizacións, a nós nos parece que nin sequera son actuacións economicamente sostibles porque ao longo dos anos acaban xerando custe, estámolo a ver, precisamente nesas actuacións que ao final da garantía da obra temos que volver a cometer reparacións ou incluso que engordan os contratos de xardinería que logo tamén poderemos falar diso.

Polo tanto, a execución orzamentaria non é un chiste, nin unha propaganda, non é nin sequera unha propaganda. Logo temos 50.000 procesos xudiciais abertos precisamente pola contratación pública desta tipo de obras, aí hai unha cuestión que para nós é central que hai partidas que durante anos non se van executando e se vai rotando como superávit e imputando ao exercicio anterior, hai humanizacións que xa están en case tres exercicios orzamentarios, ponse, non se executa, vai ao superávit, ao ano seguinte volvo a anunciar a mesma humanización, volvo consignar o orzamento e ao seguinte ano estaremos no mesmo, pero é que enriba ese superávit vostedes téñeno dende hai dous exercicios arrastrados de partidas importantes, hai superávit xerado, por exemplo, de non executar o Plan de Emprego, este ano 2016 medio millón de euros do Plan de Emprego sen executar, hai superávit de partidas moi importantes que teñen que ver con coberturas sociais, hai superávit, polo tanto falemos seriamente.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros hai uns anos había un adestrador de fútbol que substituíu ao Sr. Chechu Rojo, este señor chamábase Carlos Aimar e cando saían os xogadores dáballes golpes no peito, e iso é o que vostede está a facer, dándose golpes no peito dicindo que todo é marabilloso, que imos como motos, a velocidade de cruceiro, cando imos como os cangrexos, para atrás, porque o que explica esta liquidación do Orzamento é o comportamento do Orzamento, como se comportaron os ingresos e os gastos durante o ano 2016, e créame despois de telo lido por diante, por detrás, en capítulos, por partidas e ademais agradécello o esforzo que tivo en enviarnos con detalle a execución.

Vemos que vostedes non saben facer un orzamento, despois de dez anos de facer orzamentos, o que si saben que é? Subir impostos, iso dáselles xenial, moi ben, porque seguimos pagando os impostos máis caros de Galicia, a auga máis cara de Galicia, o IBI máis caro de Galicia, o lixo máis cara de Galicia, por certo que pasa co contrato do lixo? É que o contrato do lixo remata o mes que ven, o 31 de marzo, e xa non da tempo a quitar o concurso, que pasa que vano prorrogar? Que pasa con Vitrasa, con Aqualia? As concesionarias, gracias ás concesionarias, vostedes sigan por aí, pregándose e axeonllándose ás concesionarias, benvidos Partido Socialista Obreiro Español.

Sr. Aneiros, que quere que lle diga da liquidación? Un desastre que se vía vir, isto é



como o mal estudante que vai suspendendo tódalas avaliacións e ao final ou teno que deixar para setembro ou ten que repetir curso, porque vostedes xa o sabían porque lles viñamos avisando a presidenta do Partido Popular de Vigo e voceira municipal, en todas e en cada unha das execucións trimestrais do orzamento, dicíalle que ía mal e por iso acabou mal, fatal, horriblemente mal a xestión, por iso o seu balance Sr. Aneiros é absolutamente catastrófico, aí un amigo meu de Beade que se chama Manolo que me chama moito, por certo, que na Xunta de Galicia arranxoulle un problema que tiña coas preferentes porque ao final foron a cobrar e di “mi madriña, Sr, Fidalgo, esta xente como vai”, pois así, vai de mal en peor.

Porque vostedes aquí si que están preocupados por ingresar, iso si que están preocupados, por ingresar si, pero por executar o Orzamento non, ingresaron ou recadaron un 102,44% do Orzamento de ingresos, claro, aí sempre vota unha man as multas de tráfico, sempre presupostan 4 millóns e esta ano 7,5 millóns de caixa en multas de tráfico, clin-clin, incluso agora ata en Balaídos van alí a recadar á xente que non ten outra alternativa onde aparcar, o importante é recadar, todo pola pasta, Sr. Aneiros. Por iso non se demostra unha boa xestión económica equilibrando o Orzamento en base a subir impostos e en base a meter máis multas aos pobres sufridores de Vigo, e isto non o inventa o Partido Popular, isto está na liquidación do Orzamento porque aquí vense os expedientes e vese como xestionan, cada expediente de gasto tardan cinco ou seis anos en executalo, Casa de Patín, que foron alí a dar un paseo que non foi ninguén de Bouzas, non sei que lle pasa con Bouzas, nin a Asociación de Veciños, nin os comerciantes, nin os das festas, nin os cabaleiros, non foi ninguén, pero foron vostedes, empezaron o expediente en 2010, Marqués de Valterra, empezaron en 2010, a escola infantil de Mestres Goldar, a inauguraron o ano pasado no 2016, comezárona no 2010, o Mercado do Progreso seis anos de obras, seis millóns de euros e así consecutivamente.

Así que Sr. Aneiros, menos golpes no peito e máis autocrítica.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, eu non sei se a vostede lle conviña facer como eses xogadores do Celta de darse golpes no peito pero de verdade eu lle presto moita atención e non aprendo nada, pero nada.

Primeiro, non lle entendo nada porque xa non sei de que está a falar vostedes,

Manolo de Beade, preferentes, a Casa Patín, eu de verdade absolutamente me perdo, pero vostede foi a eses cursos de formación do Partido Popular no que lles ensinan “vós repetir mil veces unha cousa que vola ides a crer” pero que é isto de que é un desastre? De que non sabemos facer orzamentos? Se vostedes gobernaron este Concello con maioría absoluta e non foron capaces de facer orzamentos se vostedes tiveron que deixar intervir a Sra. Muñoz neste apartado porque xa lle anticipei o que lle ía dicir, en tres anos de conselleira deixou de executar 1.775 millóns, pero de que nos están a falar? Resulta increíble.

A realidade da cidade é política social, son 700 rúas, por moitos chistes que faga entre que si unha cousa tarda cinco ou seis anos, sabe cal é a avantaxe? Que a vostedes non lles cre ninguén, que os cidadáns saen á rúa, ven o que se fai, e que os cidadáns falan con nós e non falan con vostedes, porque mire se vostedes tiveran o mínimo grado de receptividade ao que din os cidadáns, cuestións, diferentes dirían. Hai un tema que molesta porque no debate se pode dicir de todo, pero o que non se pode é mentir, que temos a maior presión fiscal de Galicia porque se fora así vostede traería un papel que o certificase, e é xusto ao contrario e aquí este é un debate tan kafkiano pola súa parte que non son capaces de contestar ao concelleiro de Facenda cando da determinadas cifras.

Axeonllarse este goberno nin ante concesionarias nin ante ninguén, este goberno é absolutamente rigoroso, e estase demostrando día a día e hoxe, 22 de febreiro, era un bo día para que algúns pedira perdón por ter dito determinadas cuestións, porque tanto que se fala nuns momentos, conviña que cando as cousas se clarifiquen se pediran perdón, polo tanto que lle quede moi claro o que este goberno non se axeonlla ante ninguén.

A diferenza é un orzamento excepcional, un orzamento executado nas súas grandes magnitudes, que levou á mellora da cidade porque iso é o que din os cidadáns, que despois de 10 anos esta cidade cambiou e moito.

Sr. Pérez Correa o libro estará marabilloso e falará de como evolucionan deputacións e concellos en función de cores políticas pero o autor dese libro non se decatou de como funciona a nova Deputación de Pontevedra, ou debe ser unha edición anterior ou non se decatou, porque precisamente o actual goberno da Deputación de Pontevedra é o que trouxo o investimento total fronte á anterior caciquismo e a un reparto xusto para todos os concellos e o compañeiro que ten a

súa dereita o Sr. Jácome é testemuña diso, está no Pleno da Deputación de Pontevedra e sabe perfectamente como se executa o Orzamento, polo tanto nese libro cando volvan facer unha edición se coñece vostede ao autor dese libro, conviría que se lle dixera que coa excepción da Deputación de Pontevedra que é un claro exemplo, ogallá alguén do Partido Popular chegase a este Pleno dicindo que a Xunta de Galicia debería de facer un Plan autonómico como o Plan Concellos que ten a Deputación de Pontevedra, ogallá, dado que tantas leccións queren dar, era por onde terían que empezar.

Propagando ningunha, simplemente, informar e constatar o que se está a facer, e de verdade o Partido Socialista é o único que ten unha alternativa ao municipalismo, dende logo, A Coruña non é un exemplo e en canto a execución o Alcalde de Santiago de Compostela tivo que pedir desculpas por non ser capaz de executar.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que escoitándoos eu teño unha imaxe e é unha caricatura porque isto parece un cómic, por unha parte o concelleiro doutras cidades sentado neste Pleno do Concello de Vigo e por outra banda supoñendo que debería falar quen sabe do tema, fala pois o Sr. Fidalgo que cóntanos un par de chascarrillos, dun adestrador de fútbol, dun amigo de Beade, pero de cifras de execucións de orzamentos non sabe nada porque o primeiro que hai que saber para facer unha crítica é saber ler os datos que figuran no informe de execución do orzamento, se non sabemos ler mal vamos, entón para evitar algúns equívocos, falan vostedes de presión fiscal, o Sr. Montoro subiu 13.500 millóns de euros a recadación, polo tanto, quen sobe os impostos é o Partido Popular. Tamén os sobe a Xunta de Galicia porque fale vostede tamén do canón de Sogama que tamén o coñece, canto subiu o canón de Sogama Sra. Muñoz? Un 4,5% e que o Concello de Vigo non o repercute na taxa de lixo.

Menten vostedes de que temos a auga máis cara de toda España, mentira, estudos oficiais, incluso estudos dunha organización de consumidores, somos a liña amarela, señores, hai cidades moito máis caras que Vigo. Polo tanto, Vigo está no umbral máis baixo de auga.

Datos tamén oficiais de presión fiscal, presión fiscal por debaixo da media de España e a máis baixa das cidades de Galicia, somos a columna verde, presión

fiscal máis baixa que A Coruña, que a media de toda España, que Santiago de Compostela, que en Pontevedra, moito máis baixa que Ourense, así que menten cando falan de que subido os impostos, de que temos os impostos máis caros de toda España. Polo tanto, menten á cidadanía, temos unha moi boa execución do Orzamento e estamos transformando a cidade como ninguén o fixo en anos nesta cidade, con máis de 700 rúas humanizadas, coa política social máis importante dos concellos de toda España, cubrindo as necesidades que non cobren outras administracións como a Xunta de Galicia que non inviste nada en Vigo e cubrimos o que non inviste o Estado en Vigo.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**4(24).- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 1.02.2017, NA QUE SE ACORDA O PERSONAMENTO DO CONCELLO DE VIGO ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 000025/2017. REXISTRO PLENO 1502/1101.**

ANTECEDENTES.- Ratificación da Resolución da Alcaldía, de data 15 de febreiro de 2017, que di o que segue:

“A Área Metropolitana de Vigo, mediante Resolución da Presidencia de data 31.01.2017, cumprimentando o sinalado no artigo 49.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición empraza a este Concello, na súa condición de interesado no expediente, ao obxecto de que no prazo dos nove días seguintes ao da recepción da notificación da Resolución poda persoarse como demandado no recurso contencioso-administrativo promovido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo pola XUNTA DE GALICIA, Procedemento Ordinario 000025/2017.

O recurso interponse contra as seguintes actuacións da Área Metropolitana de Vigo:

Convocatoria da sesión constitutiva da Asemblea asinada o 22.11.2016.

Celebración da sesión constitutiva da Asemblea da Área realizada o 1.12.2016

Declaración de constitución da Asemblea na sesión constitutiva.

Elección da Presidencia na sesión constitutiva.

Demais acordos e pronunciamentos da sesión constitutiva.

Convocatoria da sesión constitutiva Xunta de Gob. da A.M. asinada o 22.12.2016

Celebración e acordos acadados na sesión constitutiva da Xunta de Gob. da A.M.

Convocatoria da sesión da Xunta de Gob. da A.M. asinada o 4.01.2017.

Celebración e acordos acadados na sesión da Xunta de Gob. da A.M. Do 11.01.2017.

O amparo do sinalado no artigo 124.4.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolvo:

PRIMEIRO: Acordar o persoamento do Concello de Vigo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no Procedemento Abreviado 000025/2017.

SEGUNDO: Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice para a súa ratificación e notificala á Asesoría Xurídica.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 15.02.2017, ditamina ratificar dita Resolución.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Este para nós é certamente un punto importante, aínda que se remita a ratificación do persoamento do Concello de Vigo.

O contencioso-administrativo presentado pola Xunta de Galicia sobre boicotear á Área Metropolitana é un feito certamente insólito, porque a cita constitutiva o era por mandato legal e dentro dos supostos contemplados pola lei.

Estamos ante unha utilización das institucións no xudicial con contido político absolutamente perverso, non hai precedentes na nosa recente historia constitucional dun intento dun membro da Mesa de Idade por evitar unha sesión constitutiva, pero o problema aquí é político, o problema político teno o Sr. Feijóo que deixou de ser viguista ao día seguinte de gañar as eleccións e o seu obxectivo máximo é boicotear á Área Metropolitana de Vigo, nun acto certamente sen

precedentes porque non hai que esquecer que este recurso o que fai é levar a tódolos cidadás metropolitanos aos tribunais e isto é un atentado moi importante contra a autonomía municipal e contra un ente territorial que ten personalidade xurídica propia e potestades de autogoberno, é un ataque directo como dicía á autonomía local é un desprezo absoluto ao dereito asociativo das entidades locais como é recoñecido no principio de representación e participación democrática dos cidadás, pero algo peor os concelleiros metropolitanos foron elixidos directamente polos cidadás e os concelleiros/as metropolitanas que xuraron o seu cargo o día 1 de decembro, incluídos os do Partido Popular, representan a tódolos cidadás nun mandato de soberanía popular ao que ataca precisamente este recurso porque a Área Metropolitana está obrigada a funcionar.

Hai un dato moi revelador, os que tratan de paralizar, boicotear e fundir a Área Metropolitana, representan o 16% da poboación e aqueles que gobernan e cren na Área Metropolitana, representan o 84%, cinco formacións políticas cren na Área Metropolitana e só unha non cre na Área Metropolitana e utiliza as institucións e ese é o Partido Popular.

Polo tanto, estamos ante unha petición de suspensión cautelar, universal, indiscriminada que certamente atenta contra esa autonomía e faise cunha escusa que é o transporte metropolitano, e isto é o que debería facer ruborizar a máis dun concelleiro do Partido Popular, porque Sra. Muñoz, lémbrollo novamente, non teño ningunha obsesión con vostede pero vostede foi a que difundiu estes panfletos e estes panfletos son o mesmo que di este goberno, e sabe cal é problema Sra. Muñoz? Que unha vez que difundiu vostede estes panfletos a desautorizaron porque se isto que vostede distribuíu o asumise a Xunta de Galicia o transporte metropolitano estaría hoxe funcionando, que pasa? Que vostede que é cómplice, que tanto reivindica o seu papel de voceira, que a escoite o Alcalde, que a escoitemos todos, e agora di que estou obsesionado con vostede, non, pero sabe cal é o problema? Que vostede é a responsable de que non haxa transporte metropolitano, si vostede, porque vostede difundiu isto porque vostede aquí debería reivindicar o mesmo que reivindicamos nós e vostede o que está a facer, dado que fala sempre dos intereses dos vigueses, é intentar que os vigueses paguemos o transporte ilimitado e barra libre a tódolos cidadás da Área Metropolitana, porque vostede cando entrou aquí de concelleira tiña unha

obediencia debida que era ao Sr. Feijóo, pero esa vaise ampliando ao vicepresidente da Xunta de Galicia e o peor de todo é que agora tamén é vostede refén da Alcaldesa de Mos á hora de determinadas reivindicacións, fíxese, por moito que escenifique é así porque se vostede fose coherente o que tería que facer é reivindicar ante a Xunta de Galicia isto que vostede precipitouse a difundir que é o mesmo que di este goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Isto é unha crónica que creo que este grupo municipal explicitou en varias ocasións neste Pleno e o problema é que nas loitas sobre todo xudiciais polas paternidades, os que sofren son os fillos e o que está a sufrir aquí é un fillo que en teoría colectivamente de todos que se chama Área Metropolitana, que nós dixemos que ía morrer de morte infantil e é o que está a pasar de facto. Nos estamos de acordo con este recurso, pero estamos de acordo despois dunha actuación tamén xudicial coa presentación dun recurso por parte do Partido Popular, temos que facelo porque eu creo que os grupos municipais, os concelleiros/as metropolitanos que asumíamos que a sesión constitutiva, a elección do Presidente era un feito, dicimos asumido por todos porque se produciu votación, a constitución da Mesa, pensábamos que o que podíamos xudicializar é de feito nós dicíamos que se había discrepancia coa interpretación da lei, non do convenio, porque a lei di que ten que haber un convenio e o convenio vai anexado á lei, polo tanto, se hai un problema coa interpretación da lei e do convenio que esixe que conteña, que esa parte fora xudicializada, que fora un tribunal contencioso-administrativo e que resolvéramos sobre un convenio que xa digo eu que se asinou mal por parte deste Concello, que en medio folio non se pode anexar a entrada do transporte urbano de Vigo dentro do transporte metropolitano, entre outras cousas porque hai unha concesionaria Vitrasa que pinta moito máis que este Alcalde, que este grupo Socialista e que está a condicionar a entrada ou non do transporte urbano de Vigo no transporte metropolitano, porque se lle acaba a concesión en dous anos e quere seguir tendo o cálculo polinómico ou todas estas variables que durante 25 anos están facendo co transporte urbano de Vigo sexa absolutamente custoso para os veciños/as. Entón, ao mellor o que temos que facer é sentar á concesionaria e dicirlle que lle quedan dous anos e que polo tanto dentro de dous anos a próxima concesión senón somos capaces de

remunicipalizalo, non será o que diga Vitrasa senón será o que diga este Concello, será o que diga o transporte metropolitano. Pero da igual, non se quixo xudializar só esa parte que nos entenderíamos que hai unha discrepancia, non estamos todos de acordo e a cuestión das canceladores é surrealista, o ser humano mandou homes á lúa como para non ser capaces en seis meses de solventar unha cuestión software dunha canceladora, agás que ao mellor estean a utilizar ordenadores con windows 95, que non creo que sexa o caso, é dicir, se non somos capaces de solventar o das canceladoras case mellor que nos adiquemos colectivamente as administracións públicas a outra cousa.

Aquí hai unha cuestión máis de fondo, pero si é certo que o Partido Popular no recurso e no informe que se nos pasou xa non era cuestión exclusivamente do transporte senón que era a propia acta da constitución, o propio feito da presidencia da Mesa, feito bochornoso da pelexa que houbo alí, pelexa non, díxoo algún medio, e facerlle a cobra ao Alcalde e presentarse unha persoa de maior idade para a Mesa, foi todo un delirio, pero parece ser que o Partido Popular que nos dicía que a primeira parte dese Pleno era asumida, pois non tamén toda e cada unha das actuacións que estaban dentro da primeira parte do Pleno, tampouco valen, non vale nin a data, nin a elección da presidencia, cousa que non debería ter discusión como en Barcelona non hai discusión que a Sra. Colau a presidenta da Área Metropolitana de Barcelona e como nas áreas constituídas os presidentes son xeralmente os alcaldes das cidades de cabeceira, ben é certo que noutros sitios esa é unha cuestión menor porque o que importa non é a presidencia senón a xerencia, unha persoa cualificada para levar adiante os traballos e a constitución das áreas.

Polo tanto, nós estamos de acordo que se faga este recurso porque hai un recurso previo, pero tamén dicimos non vai gañar a Área Metropolitana porque gañe a posición do Partido Popular e o Partido Socialista, porque o feito de xudializar todo e cada dos compoñentes da Área Metropolitana xa a matou, xa está morta, imos estar un ano que seguramente non seremos capaces nin de discutir outras cousas, que o transporte é unha parte importante, pero que imos facer co subministro da auga? Que imos facer cos recursos sociais que podemos empregar a través dunha Área Metropolitana de medio millón de persoas potenciais que significa que poderíamos remunicipalizar ou polo menos quitarlle ás empresas concesionarias



que o están a facer moi mal, como Clece, poderíamos quitarlle os servizos e facer servizos integrados para medio millón de habitantes e o criterio do custe efectivo que o Partido Popular meteu na lei, non aplicaríaa porque sería absolutamente sostible dende o público, uns servizos sociais 100% públicos sen participación de empresas privadas, se está morto porque imos estar discutindo sobre Vitrasa si ou Vitrasa non, ou transporte urbano de Mos que non sabía eu que existía.

SRA. MUÑOZ FONTERÍZ: Hoxe con este punto da orde do día damos un paso máis no despropósito ao que o Sr. Alcalde de Vigo está convertendo o soño que tiñan tódolos vigueses de ter unha Área Metropolitana, porque a pesar dos intentos que fai o Sr. Font, que hai que recoñecerlle de enredar, e que nos está a dar boa mostra neste Pleno, por certo, acudindo na axuda do Sr. Aneiros porque como o Orzamento non había por onde collelo vai ver se intervén o Sr. Font tamén para enredar un pouco máis e facer iso que lle gusta tanto e que ademais hai que recoñecer que se lle da tan ben, enredar, e non nos vai enredar coa Área Metropolitana Sr. Font, porque os vigueses están a ver moi claro quen é o responsable de que neste momento a Área Metropolitana estea na situación que está, e ten nome, Sr. Abel Caballero, a realidade é que o Sr. Caballero, Sr. Alcalde, vostede nunca quixo a Área Metropolitana, nunca a quixo porque vostede é o contrario do espírito metropolitano, se hai alguén que encarna o contrario da cooperación, da coordinación, da colaboración é vostede Sr. Alcalde, vostede que non sabe cooperar cos demais, que está en contra, que non ten esa palabra no seu dicionario, Sr. Alcalde, a vostede o que lle vai máis é confrontar co Sr. Feijóo, iso si, esa obsesión que ten vostede e calquera cousa vale para confrontar co Sr. Feijóo, Sr. Alcalde, calquera instrumento lle serve, caia quen caia, e o problema aquí é que quen está a caer son os vigueses Sr. Alcalde, e quen ten a Área Metropolitana paralizada son os veciños da Área Metropolitana e os vigueses, porque o que tiña que traer vostede hoxe aquí era o acordo do seu goberno de cumprir o convenio que vostede asinou, pero como ten a desvergoña de dicir que foron os que estamos na oposición, este grupo municipal, o que quere facer pagar os vigueses as viaxes dos veciños da Área Metropolitana se foi o que vostede asinou Sr. Alcalde, que pasa que non leu ben o convenio? Que non chegou aos anexos? Era moi longo? Non lle informou ben a súa concelleira que cada día é máis

transparente, que pasa que agora resulta que non queren cumprir, e onde dixen digo, digo diego, e obrigaron a xudicializar un proceso, por certo, do que están moi preocupados porque vostede quitou peito dicíndolle á Xunta de Galicia que recorrera aos tribunais, e resulta que cando recorre aos tribunais entón estamos moi preocupados, incrivelmente preocupados porque vostede fixo unha constitución da Área Metropolitana ilegal, a medida, porque vostede tiña todo preparado, unha escifinición na que non podíamos nin falar e lle saíu o tiro pola culata porque non presidiu vostede dende o principio esa sesión, e vostede o fixo ilegalmente e veremos que din os tribunais.

Por certo, vostede en vez de ser prudente e respectar á xustiza e esperar a que conteste aos recursos e a petición de medidas cautelares o que fai é seguir convocando Xuntas de Goberno, carentes de contido Sr. Alcalde, por certo, Xunta de Goberno que podémolas chamar incrivelmente minguantes, porque xa só hai cinco alcaldes nesta mesa, de 14 alcaldes da Área Metropolitana. Sr. Alcalde, xa cada vez ten menos poder de convocatoria, porque ao final os cidadáns estanse a dar conta de que iso son paripés, fotos que se buscan sen ningún contido, e aí dende logo non vai ter vostede ao Partido Popular.

Vostede o que ten que facer é cumprir o convenio que asinou, é integrar a Vigo no transporte metropolitano, estamos encantados no Partido Popular do éxito que tiveron os nosos panfletos que reivindicamos ao 100% porque é a verdade, porque os vigueses están a pagar o transporte urbano cando tiñan que telo gratis, e estano pagando gracias ao Alcalde, outra taxa máis Sr. Aneiros, ese non vai na liquidación orzamentaria, a taxa Caballero que lle está vostede a facer pagar a tódolos vigueses/as, esa é a realidade, que o están a notar nos seus petos pola súa obsesión.

Polo tanto, novamente aquí lle volvo pedir Sr. Alcalde sentido común, que pense nos vigueses/as, que cumpra coa súa palabra, coa súa sinatura, que ten que valer de algo a sinatura do Alcalde de Vigo, aínda que vostede crea que a súa sinatura non vale nada, vostede representa aos vigueses e polo tanto ten que cumprir, se cumpre mañá acábese o problema, mañá estamos coa Área Metropolitana desbloqueada, terá aí ao Partido Popular porque se hai Área Metropolitana, se hai Lei da Área Metropolitana é gracias ao Partido Popular, a ver si se decatan vostedes, gracias ao Partido Popular que foi o que levou a lei ao Parlamento de

Galicia e iso é o que vostedes non perdoan e gracias ao Partido Popular e o Partido Popular estará aí da súa man para desenvolver a Área Metropolitana que verdadeiramente serva para tódolos veciños/as da Área Metropolitana, aí si o terán, noutro sitio dende logo non.

SR. LÓPEZ FONT: Normalmente, Sra. Muñoz, véxoa moi enfadada nestes Plenos, co día tan maravilloso que fai non debería vostede enfadarse tanto pero sabe o que descubrín, que realmente este enfado que vostede escenifica aquí é un enfado con vostede mesma, porque vostede realmente está enfadada con vostede mesma porque a mandaron aquí para defender posicións doutros e posicións anti Vigo, e dicir que isto foi un éxito, non, esta é a verdade pero que foi un éxito a tivo que retirar vostede, voume poñer serio, vostede non ten rigor para falar sobre este tema, por unha sinxela razón porque ou non se leu o anexo do convenio ou debería saber que o anexo do convenio e isto mesmo que vostede estivo a repartir, Sra. Muñoz. O presidente da Mesa de Idade, o 1 de decembro, fixo un receso para chamar ao Sr. Rueda e recibir instrucións, vostede repartiu este panfleto e cando estaba a repartir este panfleto chamárona e lle dixeron retira ese panfleto porque o que queremos é transporte ilimitado e barra libre para todo o mundo e que paguen os vigueses, e vostede como dende o primeiro día que se senta aí o único que recibe son instrucións, por iso está enfadada con vostede mesma. O Alcalde de Vigo é un exemplo de cooperación e o máximo exemplo de cooperación e eu mireino porque vostede non estaba nas reunións cos alcaldes, vostede non viu á Alcaldesa de Mos cando o Alcalde de Vigo explicoullo e díxolle que si, vostede non estaba cando o Alcalde de Vigo explicoullo ao Alcalde de Redondela e dixeron que si, vostede non estaba, polo tanto, aquí hai un feito grave e é que vostede boicotean e queren fundir a Área Metropolitana, pero como se atreve a dicir que vostedes están a favor da Área Metropolitana se vostedes presentaron unha emenda no último momento, se a actual lei da Área Metropolitana é consecuencia de que aquí sexamos 17, é así, conseguimos a Área Metropolitana os cidadás e vostedes tiveron que modificar unha lei, vostedes si que non crían. Polo tanto, o máximo responsable Sra. Muñoz, é o Sr. Feijóo e se vostede tivese o mínimo predicamento no seu partido chamaría e diría que aceptasen isto que que é o que figura no anexo.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a Resolución da Alcaldía, de data 15.02.2017, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

### **MOCIÓNS:**

**5(25).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A QUE RESPONDA DA MOFA DO VICEPRESIDENTE AO REAL CLUB CELTA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1511/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro de 2017, número 1511/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr.

López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"O pasado 8 de Febreiro, a cidade estaba ilusionada con que o Real Club Celta de Vigo conseguise o paso á final da Copa do Rey.

Para animar ao equipo desprazáronse mil vigueses ata Vitoria e tamén o Alcalde estivo presente nese partido.

O resultado foi negativo e a cidade estaba afectada e triste. Aos escasos minutos de consumarse, no terreo de xogo, esa decepción colectiva, difúndese nas redes sociais un tuit dun xornalista deportivo ofensivo para o Alcalde e tamén para a cidade e o R.C. Celta de Vigo.

Sendo isto grave, pola mostra de desprezo que supoñía, o peor é que o Vicepresidente da Xunta de Galicia fai seu ese twiter e o redifunde, sumándose a esa burla cara á cidade de Vigo, ao seu Alcalde e ao R.C. Celta de Vigo.

A reacción dos vigueses foi inmediata, de indignación como un cargo público, coa condición de Vicepresidente de todos os galegos, pode mostrar a súa satisfacción coa eliminación do R.C. Celta de Vigo e facer súa esa mofa e burla.

A pregunta que se facían miles de vigueses, desde ese momento e que se seguen facendo, era se Galicia pode ter un Vicepresidente que se rie e se mofa da cidade de Vigo e do R.C. Celta de Vigo.

É o Presidente da Xunta de Galicia quen debe contestar a esta pregunta dos vigueses,

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que responda se considera que Galicia pode ter un Vicepresidente que se mofa e se rie do R.C. Celta de Vigo e da cidade de Vigo."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción porque é un claro exemplo do clamor dos cidadáns e é un claro exemplo de as veces como se pode ferir a sensibilidade dunha colectividade como neste caso a cidade de Vigo.

O deporte significa o que significa no contexto social pero é certo que o día 8 de febreiro era un día importante para esta cidade, esta cidade tiña unha ilusión

colectiva que xa anhelaba dende hai anos, que se escapara anteriormente e que estabamos ante unha nova opción de poder estar na final da Copa do Rei, só tiñamos que falar cos vigueses e escoitalos para comprobar que isto respondía certamente a unha ilusión colectiva, mil vigueses se desprazaron, tamén estivo o Alcalde e o segundo Tenente de Alcalde nese partido, como é deporte e como é xogo certamente perdemos e o asumimos, víamos as caras de tristeza dos vigueses que se tiveran desprazado.

Pero a todo isto un twit de moi mal gusto, ofensivo e de burla para a cidade de Vigo, para o Celta e tamén para o seu Alcalde, se difunde polas redes e mentres a tristeza invadía a esta cidade por esa derrota, o peor estaba por chegar porque nin máis nin menos que esa bufa, mofa, burla que dicía anteriormente a retwittea e a redifunde o vicepresidente da Xunta de Galicia facendo seu ese twit, burlándose de Vigo, do Celta e de tódolos cidadás. Isto é dunha extrema gravidade porque nos atopamos ante un cargo que representa a todo o goberno da Xutan de Galicia e a xulgar polo que refundiu, imaxínome que as once da noite estaba certamente contento e facendo súa esa burla e difundíndoa, e aquí é onde os vigueses se sentiron ofendidos, porque un vicepresidente da Xunta de Galicia isto non o debería facer, ben é verdade que reflexionando que no caso do Sr. Rueda se o pensamos con detalle pois entra dentro da súa liña. Politicamente, dende o goberno da Xunta de Galicia practica a dúo co Sr. Feijóo unha antiviguismo que queda palpable neste Pleno pero que o perciben tódolos cidadás, temos fotos de cando se manifestou en contra do Xulgado Mercantil para a nosa cidade, polo tanto certamente é unha persoa que na súa actuación política ten a orientación e se lle pode definir claramente como un antivigués practicante e convencido, e nese sentido nós recollemos o que sentían os cidadás ese día, o que sentían os vigueses como dicía ao principio tristes, simplemente por unha derrota deportiva, pero sobre a que había unha certa ilusión, e aquí traemos esta moción porque é a hora de que todos digamos que opinamos sobre isto, eu comprendo que á voceira do Partido Popular isto lle debe resultar certamente complicado porque eu estou moi expectante a ver o que din, imaxino que non estarán nunca a favor de que ninguén se burle e se mofe desta cidade, aínda que sexa do seu partido político e polo tanto, e insisto, estou expectante a ver o que se di e o que se vota.

O que si é certo é a realidade e a realidade é que houbo unha actuación

totalmente premeditada de burla e de mofa a esta cidade e ao Celta de Vigo e e aquí isto xa excede de quen lle deu ao dedo dese twit, excede, e é o Presidente da Xunta de Galicia o que debe responder a esa pregunta que non saíu da nosa redacción senón que nola trasladaron os vigueses que nos dicían, cando falo dos vigueses debería deixar vostede de rirse, pero foi un vigués da rúa que non sei se haberá votado a vostede ou a mi, o que nos trasladou, coñezo á persoa que nos trasladou o que debe responder o Sr. Feijóo, merécese Galicia un Vicepresidente de goberno que se mofa da cidade de Vigo?.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Todo o que aconteceu a partires da suspensión do partido é delirante, suspensión coa que este grupo concorda, a partires dese punto, delirio en estado puro, fixemos xa un chamamento público á cordura, que era só un partido de fútbol, que a seguridade era primordial, que non se fixeran declaracións políticas que saen das tripas dun tema que só era cuestión de seguridade pública. Pois ben, agora estamos a tratar nunha institución un retweet da conta dun comentarista deportivo que cada un terá a súa opinión sobre a calidade dos contidos, cuestión subxectiva, pero por outra banda o agradecemos, da oportunidade de falar neste Pleno de liberdade de expresión, de dereito á crítica por pouco corrente que sexa e da excesiva fiscalización que fai a xustiza, neste caso as institucións sobre as redes sociais persoais de cidadáns e de cargos políticos que tamén son cidadáns cos mesmos dereitos que calquera, aínda que iso si, máis expostos á crítica, cousa totalmente lexítima. O twitter, e non o dicimos nós senón estudosos da comunicación, non é un medio escrito aínda que formalmente sexa así, o twitter é un medio que debe ser tratado ao mesmo nivel que a comunicación oral, é dicir, debe ser visto no contexto e na situación e non como unha comunicación da que sacar un chío concreto e facer del unha interpretación subxectiva, unha situación nun contexto no se xa se amplificou unha decisión que era en exclusiva relativa á seguridade, sendo calquera outra decisión ben fora dun cambio de situación, dun aprazamento ou dunha suspensión definitiva, decisión que xa non tiñan nada que ver coas institucións senón que forman parte da liña empresarial da liga profesional de fútbol.

Unha cousa é o que se di nun chío e outra a valoración que alguén pode facer libremente, e nisto vostedes fan valoración subxectivas considerando que é un

desprezo á cidade, eu a nivel persoal, considéroo falta de enxeño, unha vulgar e simplista mofa dirixida ao Alcalde que non debería ter ningunha transcendencia. Lembremos que o twitter en realidade é unha forma de comunicación con códigos que teñen máis que ver coa comunicación oral que coa escrita, polo tanto, este chascareillo sen enxeño chegoulle ao Sr. Rueda, que non goza precisamente das nosas simpatías políticas e simplemente rebotou unha mofa do Alcalde. Podemos acusar ao Sr. Rueda de ter un sentido de humor moi pouco desenvolvido, pero de pouco máis e dende logo facer disto unha cuestión institucional parécenos un exceso, xa o propio Sr. Rueda matizou o seu chío pouco despois centrando a súa crítica no Alcalde. Un exceso con pouco percorrido, instar ao Presidente da Xunta de Galicia que respondan a esta cuestión ou en realidade a calquera outra é un exercicio necesario en cuestións transcendentales e pouco serio en cuestión desta trivialidade.

Non cremos que exista mofa nin á Sociedade Anónima Deportiva Celta de Vigo nin á nosa cidade, só unha burla pouco ocorrente ao Alcalde, que por ser figura pública está necesariamente máis exposto que unha persoa, imos dicir normal, á crítica e tamén aos comentarios humorísticos.

O que non nos parece pouco importante é que presentando esta moción vostedes están a xustificar unha fiscalización excesiva das redes sociais particulares das persoas que parécenos, nin máis nin menos, que facerlle o xogo á dereita máis rancia.

Fartas deberíamos estar dende a esquerda de operacións policiais contra perigosos supostos delincuentes que usan como armas as redes sociais, se fixéramos caso, parecería que é máis perigoso abrir unha conta de facebook que coller sobres en B, e pode ser, multas administrativas, sentencias que aínda que non supoñan un ingreso en prisión, supoñen un grave consecuencia social e persoal na vida destas persoas, grandes operacións teatrais ben publicitadas que cando a xustiza decide absolver, nunca teñen a mesma repercusión. A presión ilexítima causada, si que sempre ten consecuencias tanto en cargos políticos como en que non ten responsabilidade representativas.

Cantas persoas anónimas sofren as consecuencias dunha atención pública e cun alto impacto nos medios e son absoltas no máis absoluto dos silencios, cantas veces xulgaron xa á concelleira a Sra. Zapata, absolución tras absolución e



seguimos co conto que levou a súa dimisión, que por certo e este grupo municipal pareceulle e continúa a parecerlle un erro político. Están vostedes de acordo con este tipo de linchamentos? Nós non.

Coherencia é o que temos que ter dende a esquerda, sen coherencia pouco temos, polo tanto, imos votar en contra desta moción e posicionámonos en contra tanto do seu contido como do acordo proposto, como da xustificación que fai dunha especie de policía do pensamento onde interpretamos as cousas segundo vai na feira.

Aproveitamos tamén para enviar dende aquí unha forte aperta a revolucionario compañeira concelleira de Cangas o Sr. Andrés García Bastón, investigado por supostos delitos en redes sociais, que non deixan de ser delitos de opinión.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, parécenos penoso, lamentable e bochornoso que cos problemas que ten a cidade que traian aquí hoxe ao Pleno do Concello este debate, o Pleno do Concello de Vigo é outra cousa, isto é algo serio, están vostedes absolutamente solos, nin sequera os deputados do Partido Socialista en Santiago de Compostela quixeron participar deste teatro, desta farsa, deste circo, é absolutamente patético e vostedes ademais poderíamos aproveitar aquí para falar do que importa á cidade de Vigo por exemplo, de que pode pasar coa futura compra de Opel por parte de PSA e que ameazas trae iso para a fábrica de Vigo porque Figueruelas é unha das plantas de coches máis importantes de España e ademais ten moitas facilidades de ampliación, iso pode afectar a Vigo si ou non? Podemos falar por exemplo, da ameaza que supón que o ano que ven se abra unha nova fábrica de vehículos de Citroën, de PSA en Marrocos que é un dos principais mercados destino da exportación de Vigo, eses son temas importantes. Podemos falar de por que lle cobran aos vigueses a auga máis cara de Galicia e por que lle cobran 500 litros de auga os consuman ou non cada día, podemos falar dos impostos, dos contratos, o contrato do lixo ese que agora van prorrogar, aínda que remate a concesión o mes que ven, ou o contrato de Vitrasa ou o de Aqualia ou de Parques e Xardíns ou por exemplo os aparcadoiros de Praza de Portugal e Porta do Sol que seguen pechados e que os empresarios dos aparcadoiros que están abertos están encantados da vida, pero os cidadáns de Vigo non están encantados ou por que estamos a pagar a taxa, a hora máis cara de Galicia, poderíamos falar

diso, pero non vostedes queren montar un circo aquí, montar outro circo que sabemos que estamos no entroido que empeza esta semana e con 17 teñen para un comparsa pero nós vimos aquí a falar de algo serio, e vostedes teñen un problema de concepto, dicíao o Sr. Manquiña na súa película Airbag, “o concepto é o concepto” e vostedes confunden, cren que o Alcalde de Vigo é Vigo, que o Alcalde de Vigo é o dono de Vigo, é o dono do Celta, que non existía Vigo antes de que chegara o Alcalde e iso é falso, Vigo existiu e existirá co Alcalde de Vigo, Abel Caballero e con outros alcaldes que pasaron, esta fin de semana había un xornal local unha reseña doutro alcalde que tamén estivo 12 anos, o Sr. Manuel Soto Ferreiro e vostedes lles pasa que están esgotados, é un goberno sen ideas, é un goberno en claro declive como todas as etapas dun goberno, hai un arranque, un crecemento, unha etapa de madurez e hai un declive e vostede sábeo que é economista e vostede sabe que isto é unha ferramenta de marketing e vostede está na fase do declive, van para abaixo, por iso traen estas cousas a debater no Pleno de Vigo, miren, apliquen o seu tempo en cousas máis proveitosas e que interesan máis á cidade de Vigo, Vigo agradecerallo, apliquen a moderación, o sentido común, isto non é o que lle interesa á xente na rúa, e non confunda ese gran resultado que xa llo dixen no Pleno anterior Sr. Alcalde, hai ano e medio un gran resultado que lle deron os vigueses, algo terá feito ben, non confundan esa maioría absoluta para confundir o que é importante do que é a vostede lle interesa.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, cada vez está vostede máis disperso co cal cada vez é máis difícil seguirille, a cidade Vigo de componse de moitas cousas as que deu resposta este goberno e vostede non nos vai dar leccións ao que conseguimos 52% dos votos e 70 e pico mil votos nas eleccións municipais, porque cando fala de circo non llo está a dicir ao Sr. Font, estallo a dicir a tódolos aqueles que representamos e os vigueses deciden o que é serio e o que non é serio e a percepción que había na cidade é que o que fixo o Vicepresidente da Xunta de Galicia era moi serio, e o peor de todo non me pregunte a min por deputados, respondan vostedes que van votar e que opinan do twit do Sr. Rueda, porque foise outra vez polos cerros de Ubeda, vostedes a todo o que debatemos non concretan; unha moción sobre o tema de Opel, preséntena por que non a presentan? Porque

vostedes dende a Xunta de Galicia non teñen políticas nin alternativa fronte á deslocalización da industria de portos e demais, vostedes son os responsables por iso non queren presentar unha moción.

Polo tanto, este é un tema moi serio, seguro que vostede sae moi contento do que interveu aquí e demais, pero a percepción dos vigueses é outra.

Vostede que sabe moito fútbol sabe que para facer un equipo de fútbol se necesitan once titulares máis seis suplentes, nós poderíamos constituír un equipo de fútbol, vostedes non chegan nin a un equipo de fútbol sala, vostedes con sete non poden facer nin unha comparsa, nin unha asociación, nin un equipo de fútbol, Sr. Fidalgo e o problema é que imos ampliar o cadro de persoal, o problema é que cando votemos imos ampliar o cadro de persoal co cal xa vexo por onde van os tiros e xa vexo volvendo ao tema serio porque Sr. Jácome, nós non fiscalizamos o tema de redes sociais, nas redes sociais se insulta ás mulleres e o día que queiramos falar de fiscalización e de cuestións legais sobre as redes sociais falamos e nós non estamos na fiscalización de ninguén, nós o que sabemos é simplemente e sinxelamente unha cuestión, que cando esta cidade e hai que admitilo, e aos que non lles guste o fútbol síntoo, pero esta cidade estaba nun estado de tristeza por un evento deportivo, tal cal, e non é ningunha frivolidade e ese día o Vicepresidente da Xunta de Galicia burlouse desta cidade e do Celta de Vigo.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.02.2017 (Rex. Nº 1511/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6(26).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO AO MINISTERIO DE FACENDA CAMBIE O CRITERIO MANTIDO NA RESOLUCIÓN DO 25.01.2017 EN CONTRA DO CRITERIO XUSTO E LEGAL MANTIDO ATA ESE MOMENTO PARA O MELLOR EXERCICIO DO DEREITO FUNDAMENTAL DOS CIDADÁNS Á TUTELA XUDICIAL EFECTIVA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1512/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro de 2017, número 1512/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O pasado 25 de xaneiro de 2017, a Subdirección Xeral de Impostos sobre o Consumo do Ministerio de Facenda facía pública unha contestación a consulta vinculante pola que se cambiaba o criterio oficial sobre a non suxeición ao IVE, é dicir a non translación ao cidadán, do imposto derivado da defensa realizada por avogados e procuradores da quenda de oficio.

O novo criterio sinalado polo Centro Directivo do Ministerio de Facenda é o seguinte:

*"Os servizos prestados por avogados e procuradores aos beneficiarios do dereito á asistencia xurídica gratuíta estarán suxeitos e non exentos do Imposto, debéndose repercutir en factura o Imposto sobre o Valor Engadido ao tipo impositivo xeneral do 21 por cento ao seu beneficiario, destinatario da prestación de tales servizos".*

Este novo criterio únese a outros cambios anteriores (taxas xudiciais, imposibilidade de aprazar o IVE, etc) que menoscaban a Xustiza, os dereitos dos cidadáns e o respecto aos profesionais do Dereito que teñen como misión -nos termos do Estatuto Xeral da Avogacía- *"prestar un servizo á sociedade en interese público... mediante a aplicación da ciencia e a técnica xurídicas, en orde a... á efectividade dos dereitos e liberdades fundamentais e á Xustiza".*

É máis, supón un ataque ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva que reconece o artigo 24 da Constitución ao sinalar que *"Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus*

*dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión”.*

En lóxica coherencia este recoñecemento dun dereito fundamental, e ao obxecto de asegurar a todas as persoas o acceso á tutela xudicial efectiva, o artigo 119 do propio texto constitucional prevén que a Xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Iso implica o establecemento dunha obrigaón constitucional para que o Estado realice unha actividade prestacional encamiñada á provisión dos medios necesarios para facer que este dereito sexa real e efectivo mesmo cando quen desexa exercelo careza de recursos económicos.

Este novo criterio do Ministerio de Facenda leva ao absurdo de esixir que o avogado e o procurador deban repercutir o 21 por cento do importe dos seus servizos *“ao seu beneficiario, destinatario da prestación de tales servizos”*, é dicir, á persoa que -precisamente- carece de recursos económicos para contratar libremente un avogado e procurador, e ao que se lle asigna -por parte do Estado- unha defensa letrada *“de oficio”*.

Ademais de contra a propia lóxica, esta situación contradíse co contido esencial do dereito que regula o artigo 6 da Lei 1/1996 de Asistencia Xurídica Gratuíta cando recoñece ao cidadán o *“asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso a quen pretenda reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses”* e, tamén, a *“defensa e representación gratuítas por avogado e procurador no procedemento xudicial...”*.

É máis, pode suceder que se hai condena en costas á parte que non se beneficia da xustiza gratuíta, teña esta que pagar os honorarios do letrado e procurador actuantes. Co novo criterio do Ministerio de Facenda, en cambio, parece que o IVE debe virarse, en cambio, ao beneficiario da xustiza gratuíta.

Esta infinidade de despropósitos non só pon de manifesto o absurdo do criterio senón que permite afirmar, tamén, a súa incompatibilidade co ordenamento xurídico e iso, non só por contradicir a Constitución senón por ser manifestamente erróneo desde a perspectiva da normativa do IVE.

É certo que a Directiva do IVE -Directiva 2006/112/CE- non regula supostos expresos de non suxeición pero iso non é óbice para que a Lei 37/1992, do 28 de decembro regule -xa desde a súa aprobación- supostos de non suxeición. É así, que o artigo 7.10 da Lei do IVE establece a non suxeición ao imposto de:

*“as prestacións de servizos a título gratuíto...que sexan obrigatorias ... en virtude de normas xurídicas”*

Pois ben, desde o punto de vista do profesional do Dereito, a asistencia letrada é obrigatoria pois o artigo 31 da Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta establece o carácter obrigatorio para o avogado ou avogada da prestación de

asistencia letrada pois *“só na orde penal poderán os avogados designados escusarse da defensa. Para iso deberá concorrer un motivo persoal e xusto, que será apreciado polos Decanos dos Colexios”*.

Por tanto, trátase dunha prestación obrigatoria, non voluntaria para o profesional e que se entende en relación coa obrigaón do Estado de fornecer aos cidadáns medios para o exercicio real e efectivo dos dereitos. É dicir, o profesional non actúa como tal profesional senón como unha prolongación do Estado presta devandito servizo aos cidadáns e establece unha prestación persoal de carácter público a cargo das persoas colexiadas no respectivo colexio de Avogados ou de Procuradores.

É así que a tarefa do avogado non é, en realidade, un servizo que realiza como tal profesional senón unha prestación establecida pola Lei e derivada da Constitución na que non están presentes os trazos do exercicio dunha actividade profesional de acordo con, por exemplo o sinalado na Sentenza do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 2007 ou a coñecida Consulta do 18 de xullo de 1998 (V1492-08), e que son: ordenación por conta propia do seu traballo, selección da clientela ou fixación de prezos. É evidente que na asistencia xurídica gratuíta non concorren estes trazos posto que os profesionais non elixen aos seus defendidos, senón que lles veñen asignados; non establecen o réxime de días nos que citan ao cliente, senón que esta situación vénlles dada por detencións ou violencia de xénero ou prazos de recurso; e non fixan libremente a súa retribución, senón que lles vén fixada e a prezo distinto do de mercado.

De acordo cos datos do X Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta, *“a retribución media que percibe o avogado da Quenda de Oficio rolda os 130 euros por expediente. Esta cantidade que perciben os avogados mantense conxelada nos últimos anos, nalgúns casos, desde 2003”*.

Á vista diso, resulta posible concluír -en pura aplicación do ordenamento xurídico- que non se realiza o feito imponible do IVE que regula o artigo 2.1 c) da Directiva, isto é, unha prestación de servizos a título oneroso por un profesional que actúe como tal, senón unha prestación persoal derivada da Lei de Xustiza Gratuíta e, por tanto, non suxeita ao IVE por aplicación do artigo 7.10 da Lei 37/1992, do 28 de decembro.

Así o interpretou, por outra banda, o Informe do Ministerio de Xustiza do 18 de xuño de 1986 cando sinalou que: *“os servizos prestados por Avogados e Procuradores na denominada quenda de oficio ou para a asistencia letrada ao detido son obrigatorios para devanditos profesionais en virtude das normas xurídicas vixentes”*; sinalando á súa vez o mencionado informe que *“as cantidades que con cargo aos orzamentos do Estado asígnanse aos citados profesionais pola prestación dos devanditos servizos non teñen o carácter de retribución nin compensación pola prestación dos mesmos”*. De feito, a Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta refírese á “subvención” que as Administracións Públicas deben conceder aos Colexios profesionais e á “compensación” que, por estes servizos, reciben os letrados e procuradores.

Corrixir a situación que se crea co novo criterio non só é legal senón que é posible mediante o simple cambio de criterio do Ministerio de Facenda tendo en conta a Constitución, a Directiva de IVE, a Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta e a Lei do IVE.

Iso permitiría dar un tratamento xusto ás persoas que non teñen os recursos suficientes para contratar un avogado e que necesitan un avogado de oficio. De acordo cos datos do X Observatorio da Xustiza Gratuíta, "os 83 Colexios de Avogados remitiron ás Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta (organismos dependentes do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias en materia de Xustiza) 749.000 expedientes". No caso de Galicia, foron 52.416 expedientes, dos cales 9.045 foron en Vigo. Por servizos, máis de 36.600 avogados desenvolven a súa actividade en Asistencia Letrada ao Detido e máis de 19.600 atópanse adscritos a Violencia de Xénero

Por todo o exposto, propónse o seguinte ACORDO:

Primeiro. Esixir que o Ministerio de Facenda cambie o criterio administrativo mantido nunha Resolución do 25 de xaneiro de 2017 en contra do criterio xusto e legal mantido ata ese momento para o mellor exercicio do dereito fundamental dos cidadáns á tutela xudicial efectiva.

Segundo. Manifestar o apoio á Quenda de Oficio e ao dereito á asistencia xurídica gratuíta que leva a cabo por avogados, avogadas, procuradores e procuradoras dos respectivos Colexios Profesionais, solicitando a dotación dos medios económicos e persoais necesarios para a súa plena vixencia e efectividade.

Terceiro. Apoiar as medidas iniciadas desde os Colexios de Avogados e Procuradores para instar o Ministerio de Facenda ao cambio de criterio."

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O contido da moción parte do cambio de criterio do Ministerio de Facenda, posto de manifesto este pasado 25 xaneiro, cando unha contestación vinculante da Subdirección Xeral de impostos sobre o consumo do Ministerio de Facenda cambiaba o criterio mantido ata entón en relación co IVE relativo á quenda de oficio, hai que dicir que na quenda de oficio se benefician deste sistema de xustiza gratuíta entre outras persoas e lamentablemente hai que dicilo nestes días as persoas vítimas da violencia de xénero. Este cambio de criterio do Ministerio de Facenda significa que os beneficiarios da xustiza gratuíta, é dicir, precisamente quen non teñen recursos e precisan dun avogado e dun procurador para facer efectivos os seus dereitos, para defenderse, van ver como

estes avogados, procuradores teñen que repercutirlle o 21% do IVE, é dicir, precisamente se lle carga o imposto a quen non ten recursos para defenderse, polo tanto, é un cambio de criterio inxusto, ilóxico, absurdo e incluso contrario ao ordenamento xurídico.

Hai que dicir que este novo agravio do Ministerio de Facenda súmase a outros anteriores, hai que lembrar a imposición de taxas xudiciais para recorrer, para interpoñer recurso fronte aos tribunais ou o máis recente cambio de criterio tamén respecto a non posibilidade de aprazar o pagamento do IVE para avogados, procuradores e tantos profesionais de España, como dicía o meu compañeiro voceiro do goberno hai un intre, a outros agravios tamén de carácter local como a mobilización contra o Xulgado do Mercantil, no caso de Vigo.

Hai que dicir que neste ámbito os avogados e procuradores como di o seu estatuto orgánico, prestan o servizo á sociedade en interese público e para facer efectivos os dereitos e as liberdades fundamentais, así como a xustiza, polo tanto, este cambio de criterio é un ataque frontal a ese dereito fundamental recollido na Constitución, nese artigo 24, que recoñece que todos temos dereito a obter a tutela xudicial efectiva de xuíces e tribunais sen que en ningún caso exista indefensión.

Tanto é así a efectividade que se pretende dar a este dereito que a propia Constitución tamén recoñece no artigo 119, o dereito que teñen tódalas persoas a xustiza gratuíta cando así o dispoña a lei e en todo caso respecto de quen acrediten insuficiencia de recursos para litigar.

Polo tanto, a Constitución establece unha obriga constitucional para o Estado de prestar este servizo de asistencia xurídica gratuíta a quen acredita ter insuficiencia de recursos para defenderse fronte aos tribunais. É absurdo xuridicamente fronte á lóxica que precisamente quen non ten recursos teña que soportar o traslado dun imposto como é o caso do IVE, tamén é contrario á lei de xustiza gratuíta, a Lei 1/96, que recoñece expresamente o carácter gratuíto da xustiza tanto na fase previa ao xuízo, no asesoramento, como así o recoñece o artigo 6 desta lei, como tamén o asesoramento de defensa gratuíta no propio acto do xuízo, de novo polo tanto dun despropósito este cambio de criterio do Ministerio de Facenda, o Sr. Montoro fronte a condena en costas e a tributación polo IVE.

Hai que dicir que non só é absurdo a mostra máis evidente da inxustiza dunha



norma, dun criterio non é só que sexa absurdo á lóxica de calquera persoa senón tamén á lóxica de que se pode dar quen gaña o recursos é precisamente esa persoa que é beneficiaria do sistema de xustiza gratuíta terá que pagar o IVE pero en cambio non terá que pagar os honorarios do letrado e procurador que serán a cargo da parte contraria, polo tanto, ilóxica total.

Esa ilóxica súmase á contrariedade á directiva do IVE e tamén a propia lei española do IVE, que establece que a prestación dos servizos a título gratuíta non están suxeitas ao IVE, polo tanto, é un ilóxico cambio de criterio por parte do Ministerio de Facenda cando se trata, como así o recoñeceu xa un informe do Ministerio de Xustiza no ano 1986, polo tanto, xa ven de moi atrás, que non se trata dunha prestación de servizos, nin tampouco dun cobro de honorarios por parte dos avogados, polo tanto, ilóxico este criterio.

Hai que lembrar que en todo o estado se tramitan, de acordo con datos do décimo observatorio da xustiza gratuíta, uns 749.000 expedientes de xustiza gratuíta en toda España e 9.045 en Vigo, de acordo cos últimos datos.

Polo tanto, ínstate ao Ministerio de Facenda a que cambie o criterio administrativo, maniféstase o apoio á quenda de oficio e apóianse as medidas dos colexios profesionais neste senso.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente nós estamos de acordo con esta moción porque é absolutamente un despropósito propoñer o pago dun imposto como o IVE a un criterio que pode ser efectivamente non toda a quenda de oficio gratuíta pero para aquelas persoas que teñen ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional, ese criterio de xustiza gratuíta aplícase, o problema é que aquí falla algunha información que creo que é importante que teñamos, isto non forma parte da lucrubación dun ministro de xustiza que non é a primeira vez que nos sorprende con algún criterio como por exemplo, saír publicamente dicindo pois practicamente a eliminación da acusación popular dentro dos procesos xudiciais, non forma parte dunha ocorrencia dun ministro, isto forma parte dunha sentenza europea, dun tribunal de xustiza europeo que da a razón a determinadas actuacións no estado belga e que di a partir desa sentenza xudicial obriga a tódolos estados membros da Unión Europea a asumir que a quenda de oficio non é gratuíta e polo tanto vai sometido a IVE, non é gratuíta, non quere dicir que o

pague o cidadán belga que non ten recursos senón que as administracións belgas acaban asumindo o pago. Polo tanto, o que podemos poñer en discusión é efectivamente pois o Tratado de Lisboa, no ano 2009, que sacralizou que un tribunal da Unión Europea poida estar por enriba do estados e da Constitución Española que di que ese dereito á xustiza gratuíta existe, que debe ser a tutela xudicial efectiva, hai un tribunal da Unión Europea consagrado precisamente pola maior parte dos partidos que naquela altura existían, non polo que eu milito, pero xa asumiu que ese criterio dos tribunais era de obrigado cumprimento, efectivamente coa posibilidade de presentar recursos por tódolos estados membros, polo tanto, tamén disparemos cara Europa que é a que vai a obrigar a tódolos gobernos contidos dentro da Unión Europea a asumir ese criterio que para nós é absolutamente surrealista, pagar un IVE sobre un servizo gratuíto, tamén é certo que nós como Partido Socialista, pero tamén o Grupo Confederal de Unidos Podemos en Mareas si que formularon as súas preguntas ao Ministro e o Ministro dixo dúas cuestións, por unha banda que estaban intentando solventar ese agravio ou polo menos esa cuestión que era absolutamente incoherente de pagar o IVE dun 21% sobre un servizo gratuíto e o Ministro o Sr. Montoro, exactamente o día 16, dixo que en todo caso ese custe non sería do usuario senón que sería das administracións, cousa que para nós tampouco solventa gran cousa, porque non deixa de ser un custo en diferido que aínda que aquí non o paguemos os usuarios directamente págano o Estado e polo tanto é unha minoración de recursos. Nós estamos dispostos a apoiala e incluso creo que está habendo movementos nese senso tanto na comisión de xustiza no Congreso dos Deputados pero tamén en institucións europeas a través do grupo da Esquerda Plural que van a trasladar a queixa sobre esta cuestión que se está a levar a tódolos países da Unión Europea, en Bélxica estase levando tamén que foi o país orixinario onde saíu a sentenza hai bastante problema, creo que máis alá diso que non nos solventa a situación simplemente que o paguen as administracións autonómicas ou a administración central, que solventemos a cuestión independentemente de que ao final o usuario do servizo da quenda de oficio non o pague que non solventemos como pretende o Partido Popular que pagámolo as administracións públicas e quedamos tan panchos. Creemos que é un inxustiza e que deberíamos abondar en cuestións tan importantes como a reforma da quenda de oficio, que os criterios exclusivamente

de estar en ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional non son suficientes porque se toma como referencia a unidade familiar e iso desvirtúa o concepto de acceso universal á xustiza e nós estaríamos dispostos tamén a que ese debate se abriera.

Estamos de acordo coa moción porque dende logo o propio ministro recoñecía que é bastante surrealista propoñer un IVE sobre o servizo gratuíto.

SR. GAGO BUGARÍN: Sorpréndeme en primeiro lugar Sr. Aneiros que nesta cuestión parece que está máis documentado o Sr. Pérez Correa que vostede, porque nas catro páxinas e antes de darlle a razón da súa moción e na súa intervención non citou ningunha palabra en relación a que este cambio de criterio pode ser froito dunha sentenza do Tribunal da Unión Europea, concretamente do 28 de xullo do 2016, onde entende a directiva 2006/112, que se debe interpretar no senso que os servizos prestados polos avogados aos xusticiables que gozan de asistencia xurídica gratuíta, no marco dun réxime de asistencia xurídica nacional gratuíta non estarán exentos de IVE. Polo tanto, Sr. Aneiros creo que é bo empezar recoñecendo que este cambio de criterio pode ter algo que ver seguramente con esta sentenza como ben dicía o Sr. Pérez Correa.

Polo tanto, nós temos claro o noso posicionamento pero tamén é certo que isto é unha decisión absolutamente técnica xurídica e non política.

Aínda así estamos de acordo en que a preocupación por parte do Consello Xeral da Avogacía de España é lóxica, que se preocupe porque ademais como ben dicía vostede e como todos estamos de acordo a tutela xudicial efectiva está recollida e é un ben recollido na Constitución, pero como tamén ten que saber tódolos grupos políticos no Congreso dos Deputados posicionáronse esta semana pasada a favor de instarlle ao goberno de España a que cambie o criterio e que non entenda como suxeitos a IVE a tutela xudicial efectiva de aquelas que non poden pagar.

Por iso hoxe, e seguramente nas próximas horas ao longo desta mañá, no Parlamento de Galicia tamén vaise someter á votación a seguinte moción, que presentou o Partido Socialista. En relación ao que dixo o Sr. Montoro nós nos acollemos a unhas declaración que fixo a semana pasada e que di o seguinte, “permíteme expresar á pregunta, claramente a esta cámara que os beneficiarios da xustiza gratuíta non van pagar IVE nin van pagar por ningún outro concepto,

polo tanto, non o farán nin os beneficiarios que sería un contrasentido, nin tampouco os profesionais de xustiza que se encargan de aplicala” e despois á posterior réplica volveu a resaltar “ que xa lle dixen que non é aplicable ao beneficiario nin ao profesional que van pagar as Comunidades Autónomas ou o Ministerio de Xustiza e que non van a menoscabar as retribucións profesionais”. Queda claro por parte da Comisión de Xustiza no que están tódolos representantes dos grupos parlamentarios que se insta ao Goberno a que sexa considerado un servizo público exento de tributación.

Nós dende o grupo municipal do Partido Popular vémolos así, cremos que o beneficio da xustiza gratuíta regúlase no artigo 119, da Constitución española, que dispón que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e en todo caso respecto de quen acrediten insuficiencia de recursos para litigar. Así mesmo á asistencia xurídica gratuíta abórdase na lei 1/1996, de 10 xaneiro, configurándose como un sistema de servizo público que goza de financiamento público.

Polo tanto, e en resumidas contas, este grupo municipal, do Partido Popular, estamos totalmente a favor da tutela xudicial efectiva, este é un dereito constitucional, defendémolo, cremos nel e ademais aquí presentamos unha emenda moi clara, máis clara que a moción que vostedes presentan, que reza o seguinte; “o Pleno municipal de Vigo insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Xustiza en demanda das xestións necesarias para que os servizos presentados polos avogados na quenda de oficio continúen exentos de IVE”.

Chegados a este punto hai dúas opcións, ben o que di o Sr. Pérez Correa, recoñecendo que a sentenza que afecta neste caso a Bélxica xera xurisprudencia ao resto da Unión Europea e o que nós pensamos, que lle dicimos ao Sr. Montoro, que entendemos que esa sentenza non crea xurisprudencia en España e polo tanto queremos e esiximos que a tutela xudicial efectiva sega sendo sen tributación e sega sen ter que pagarlle o 21% do IVE .

Espero e confío en que vostedes neste caso, que creo que é bastante claro, que esteades a favor da emenda que aquí presentamos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente o cambio de criterio deriva dunha sentenza recaída no Tribunal Xustiza da Unión Europea e así se quere entender, nese cambio de criterio do Ministerio de Facenda de 25 xaneiro do 2017, tamén é certo que esta

sentencia se refire a lexislación belga polo tanto, non a lexislación española e polo tanto a unha lexislación totalmente distinta da española que como dixen non establece unha retribución para o avogado e para o procurador a diferenza do que fai a lexislación do país belga, onde si se recoñece esa retribución que percibe o letrado e o procurador pola defensa do titular desa xustiza gratuíta, polo tanto, son ordenamentos totalmente distintos, regras de xogo e regras xurídicas totalmente distintas, polo tanto, nese senso hai que entender que o criterio que establece a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea non é aplicable directamente, non é necesariamente aplicable á situación de España. Polo tanto, ese é o punto no que hai que ter en conta o criterio do Tribunal de Xustiza.

O Ministerio de Facenda en cambio, adopta sen ningún matiz ese cambio de criterio do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, polo tanto, non podemos estar de acordo con que o Ministerio de Facenda a través dun criterio que é vinculante para os seus órganos, diga o que diga o ministro no Parlamento, o criterio do Ministerio de Facenda vincula á inspección de facenda, aos órganos de xestión de facenda, ás administracións tributarias de toda España, polo tanto, non podemos estar de acordo con que se inste á Xunta de Galicia a paliar os efectos dun cambio de criterio que establece o Ministerio de Xustiza. Polo tanto, unha cousa é que o Ministerio de Facenda cambie o criterio e manteña o réxime anterior, é dicir, de non subxección no IVE dos servizos prestados por letrados e procuradores, esa é unha cousa e cousa moi distinta é onde vostede quere poñer o foco e que o Ministerio de Facenda e no seu caso o Ministerio de Xustiza dote de máis fondos que tamén ten que facelo, ás comunidades autónomas que son quen de forma material fan fronte a esa compensación de gastos que fan os avogados e os procuradores.

Hai que dicir, e remítome a datos do último observatorio da xustiza, que estas cantidades do Ministerio de Xustiza se manteñen conxeladas dende antes da crise, polo tanto, esa sería outra moción posible e esa se que poderíamos manter.

Polo tanto, mantéñome na miña moción, no senso de que é o Ministerio de Facenda o que ten que cambiar o criterio, non é que teñamos que acudir a unha medida paliativa para que Xunta de Galicia inste ao Ministerio de Xustiza ou ao de Facenda que dote de máis fondos, senón que é Ministerio de Facenda o que ten que cambiar o criterio mantendo o criterio que é o que se corresponde coa

lexislación española.

PRESIDENCIA: Entendo que non admite a emenda e que pide que se vote no seus xustos termos a moción.

*(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, por ausencia do Presidente)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.02.2017 (Rex. Nº 1512/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7(27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA A CONSIGNAR NOS ORZAMENTOS DE 2017, O INCREMENTO EN DIVERSAS PARTIDAS PRESUPOSTARIAS. REXISTRO PLENO 1513/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2017, número 1513/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

"Año tras ano, nas propostas de Orzamentos da Xunta, vén discriminando de forma moi notoria á cidade de Vigo.

Non deixa de ser unha manifestación máis do antiviguismo que practica o Presidente da Xunta, o que significa non atender as necesidades desta cidade castigando aos vigueses.

Ano tras ano, temos que instar o Goberno da Xunta a rectificar o seu Orzamento e reivindicamos investimentos e actuacións que son necesarias no campo das infraestruturas, na educación, na sanidade, no deporte e así unha longa relación de reivindicacións imprescindibles que non atende a Xunta.

Ante a proposta de Orzamentos para 2.017, este Pleno debe instar á Xunta á inclusión, por vía de modificación orzamentaria, das partidas necesarias para o desenvolvemento desta cidade.

E por esto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta a consignar nos Orzamentos para 2.017 as partidas que se relacionan a continuación:

- Incremento de 350.000 euros na partida de Pistas deportivas en Balaidos (Vigo)
- Incremento 2.000.000 euros na partida de Área Metropolitana Vigo
- Incremento de 2.000.000 euros na partida de Estación de Autobuses. Vigo-Urzáiz
- Incremento de 1.500.000 euros na partida de Accesos tramo urbano AP-9. Buenos Aires-Centro Vigo.
- Incremento de 1.000.000 euros na partida de Centro de transportes. Area Metropolitana Vigo
- Incremento de 350.000 euros na partida de Convenio Transporte público aeroporto Peinador Vigo.
- Incremento de 6.000.00 euros na partida de Plan Xeral humanizacións estradas autonómicas Vigo. PO-325.P-330.PO-552
- Incremento de 1.200.000 euros na partida de Proxecto Cidade do Mar Vigo.
- Incremento de 900.000 euros na partida de Obras nas cubertas dos patios do concello de Vigo
- Incremento de 1.000.000 euros na partida de Novo Centro de Saúde de Bouzas -Vigo-.
- Incremento de 1.730.000 euros na partida de gratuidade Aparcamiento HAC Vigo
- Incremento de 500.000 euros na partida de ETAP de Vigo
- Incremento de 400.000 euros na partida de Acondicionamento Río Lagares Vigo."

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A Xunta de Galicia abandona a Vigo un ano máis nos seus orzamentos, no documento marco para calquera administración que son os

orzsamentos xerais, abandonan á cidade.

Ano tras ano nas propostas dos orzsamentos da Xunta de Galicia vense discriminando á cidade de Vigo de forma notoria, non deixa de ser unha manifestación máis do antiviguismo que se practica dende a Xunta de Galicia, dende o seu presidente o Sr. Feijóo e dende todo o goberno da Xunta de Galicia.

Ano tras ano temos que instar ao goberno da Xunta de Galicia a que rectifique, a que se de conta da importancia que ten como motor económico a cidade de Vigo, e que conte cuns orzsamentos serios para enfrontar e enfocar a realidade da cidade de Vigo.

Por sorte, Vigo ten un goberno local que non vai a calar, e vai reivindicar o que é xusto para a cidade, o Partido Popular de Vigo, estamos convencidos, que non só votará a favor desta moción para reclamar á Xunta de Galicia aquilo que merece e necesita a cidade senón que tamén, xa que presume desa boa relación co presidente do goberno da Xunta de Galicia, estamos convencidos de que fará de actor positivo, activo para conseguir eses orzsamentos, investimentos que hoxe non existen na cidade de Vigo.

A verdade que estamos fora de tódalas infraestruturas e de tódolos servizos, por iso instamos ao goberno da Xunta de Galicia a consignar nos orzsamentos para o 2017, das partidas que a continuación relacionamos, incrementar en 350.000 euros a partida da pistas de Balaídos, pistas e convenio que segue sen asinar despois de tres anos de compromiso por parte da Xunta de Galicia, xa cambiamos de responsable de Deporte na Xunta de Galicia e segue sen asinarse ese convenio e segue sen facerse estas pistas deportivas.

Incremento de dous millóns de euros na partida da Área Metropolitana de Vigo, cando cremos nunha Área en serio, cando cremos nunha acción política en serio temos que dotala tamén economicamente, cousa que nestes momentos por parte da Xunta de Galicia non é así. Incrementar en dous millóns de euros a partida da estación de autobuses Vigo-Urzaiz, que pase de ser un debuxo a que pase a ser unha realidade. Incrementar 1.500.000 de euros a partida de accesos ó tramo urbano da AP-9 Buenos Aires, centro de Vigo, queremos que a entrada na cidade de Vigo pola AP-9 sexa unha entrada digna, sexa a entrada nunha grade cidade, xa como no seu día se remodelou esperamos que se sega avanzando no proxecto da Avenida de Madrid, pedimos a mesma dignidade para a AP-9 que nestes



momentos entramos na cidade en medio duns muros de formigón deteriorados. Incremento dun millón de euros na partida do centro de transportes da Área Metropolitana de Vigo, cremos que aquí incluso podemos atoparnos co apoio dos concelleiros e dos alcaldes da Área Metropolitana de Vigo, un área de transporte, unha cidade de transporte tan demandada por un colectivo loxístico. fundamental para a nosa cidade. Incrementar en 350.000 euros a partida do convenio de transporte público ao Aeroporto de Peinador en Vigo, nada máis e nada menos que o mesmo que fai a Xunta de Galicia co aeroporto de Santiago de Compostela. Incrementar en 350.000 euros unha partida que xa leva moitos anos, máis dunha década pagando na cidade de Santiago de Compostela.

Incrementar en seis millóns de euros a partida do Plan de humanización de estradas autonómicas, PO-325, PO-330 e PO-552, queremos unhas estradas autonómicas á altura das estradas municipais, estradas humanizadas porque a cidade de Vigo non pode ter unhas rúas de primeira e outras, porque as teña outra administración, que sexan de segunda, e só pedimos o mesmo que se fixo co goberno da Deputación de Pontevedra, un convenio e despois nós asumimos eses viais, collan, reformen, humanicen eses viais e despois dende o Concello asumirémolos.

Incrementar 1.200.000 euros a partida do proxecto da cidade do Mar, que a Cidade do Mar de Vigo deixe de ser un papel e que empece a ser unha realidade.

Un incremento de 900.000 euros na partida de obras de cubertas nos patios dos colexios do Concello de Vigo, como dixo xa noutras ocasións a concelleira de Educación do Concello de Vigo, a Sra. Alonso, non podemos seguir tendo os colexios nesta situación.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo, é dicir, hai unha cuestión no Parlamento de Galicia, hai unha cortesía entre os grupos da oposición pois, que nos votamos favorablemente as emendas que presentamos ao orzamento da Xunta de Galicia, e isto pois creo que forma parte dun capítulo importante de emendas que o Partido Socialista presentou aos orzamentos da Xunta de Galicia recentemente, cremos que non ten sentido traer isto aquí, unha vez pasado xa o período digo agora, posiblemente se o trouxeran pois antes do sábado 31 de decembro, data tope na que os grupos parlamentos presentes no grupos do

Parlamento de Galicia puidemos presentar emendas parciais, que se debateron o luns 6 e 7 de febreiro no Pleno, entendo que estas emendas, gran parte destas emendas, descoñezo a totalidade das emendas presentadas polo grupo parlamentario do Partido Socialista, pero son emendas dentro dese articulado que presentamos os grupos.

Polo tanto, estamos de acordo pero tamén nos gustaría saber de onde se minoran ou de onde se quitan os recursos, porque non é o mesmo propoñer algunhas partidas recortando de partidas que poden ser importantes, eu xa lle digo, nós fixemos unha proposta de adición de tres propostas e lle dicimos que partes importantes quitamos, no caso do hospital de Vigo, xa pagar 25 millóns para o rescate, pagar á concesionaria e quitarnos de enriba iso que nos vai custar durante anos erario público pagarlle a unha concesionaria privada, para o 400.000 euros que pedimos para a Fundación Marco de Vigo, pedimos quitalos da Cidade da Cultura, dese soterramento permanente de recursos públicos que se está a facer por parte dos sucesivos gobernos da Xunta de Galicia, pero creo que esta moción tería sentido pois antes do 31 de decembro, data onde os grupos parlamentarios presentamos as emendas.

Nos imos entrar na discusión das partidas, imos facer ese criterio de case respecto parlamentario que temos a oposición de votarnos positivamente as emendas, precisamente por un criterio que vostedes aplican aquí no Concello de Vigo que é que tódalas emendas que presentamos a oposición aos Orzamentos por un criterio ou outro acaban tiradas abaixo, tamén o Partido Popular podería dicir para tirar tódalas as emendas abaixo, aplicando o mesmo criterio que aplica o Partido Socialista no Concello de Vigo que non somos órgano que poida presentar emendas no Parlamento de Galicia, certo é, os grupos municipais non podemos presentar emendas e polo tanto, que a Xunta de Galicia non lle faga caso a esa moción, que entendo que vai saír aprobada e que utilicen o mesmo criterio que vostedes empregaron non só contra nós senón contra os 40 colectivos que presentaron emendas de aplicarlle o rodillo e deixalas todas na trituradora de papel. Estamos de acordo con algunhas partidas, con outras non tanto, pero si que é bo que polo menos se consignent e que poidamos discutir da súa importancia ou urxencia. Xa digo, sempre condicionadas a saber que partidas se minoran, se para facer un 1.200.000 euros na partida do proxecto da Cidade do Mar de Vigo

recortamos en recursos universitarios, en recursos de mantemento das estruturas universitarias de Vigo, pois ao mellor discutimos, se para meter seis millóns nunha partida de plan de humanizacións de estradas autonómicas o quitamos dos seis millóns de infraestruturas importantes en materia de seguridade vial, pois tamén poríamos dúbidas.

Polo tanto, estando de acordo se que nos gustaría un pouco máis primeiro da adecuación ao trámite parlamentario, porque agora pouco podemos facer, salvo que o Partido Popular decida facer modificacións orzamentarias a posteriori, e si é certo pois nos gustaría saber en que partidas se propoñen estes incrementos porque tamén a nós se nos pide, e os deberes moitas veces son bidireccionais por parte dos grupos municipais presentes neste Concello.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Traen hoxe aquí unha moción de postureo porque como dixo o Sr. Pérez Correa, porque o lugar de debate é o lugar no que se presentan estas emendas aos orzamentos é o Parlamento de Galicia. Eu presenciei ese debate e non lembro que ningún dos membros do PSdG nomearan a Vigo para nada en ningunha intervención.

Non me parece raro cando vostedes mesmos son os que descualifican aos deputados que representan ao PSOE no Parlamento de Galicia, pero así presentaron as emendas fora de prazo e por ese e outros motivos foi imposible aceptalos. Vou poñer só algúns exemplos, no caso do acceso ao treito urbano da AP-9 de Buenos Aires, propoñen 1.500.000 de euros pero trátase dunha actuación nunha autoestrada estatal para o que non hai proxecto nin se coñece o alcance da actuación a executar, co cal é unha proposta meramente cosmética, todos queremos un proxecto firme e a partires de aí presupostalo e apoialo porque nós tamén apoiámos ese treito.

A consignación prevista para obras por exemplo de rehabilitación, ampliación e mellora dos colexios, dentro das previsión dos créditos desconcertados, tamén incluírá a Vigo e saberán perfectamente onde terán que investirse e a comunidade educativa sábeo e tamén se fará o propio.

Propoñen detraer do novo hospital 1.730.000 euros para a gratuidade do aparcadoiro cunha absoluta incongruencia porque sempre están coa gratuidade do aparcadoiro do hospital sen ter aquí ningún criterio para construír o que

prometeron. Polo tanto, xa que traen ao Pleno municipal esta moción imos falar de xestión municipal e de contas municipais, tamén de contas da Xunta de Galicia porque todas estas partidas eu sumeinas e son uns 19 millóns de euros e gustaríame lembrar que xa lembrou tamén a voceira municipal noutra moción, que teñen 97 millóns na caixa e polo tanto, dan de sobra para facer estas infraestruturas e aínda lles pode sobrar para atender ás persoas e para facer maiores investimentos. Porque vostedes xestionan dunha maneira coas arcas cheas e subindo os impostos, que xa llo lembramos, polo tanto, o único que lles importa é a trifurca, a trincheira política, xa o vimos aquí tamén coas mocións que presentan que ademais non teñen ningún sentido e para obter rédito electoral, poden conseguir rédito electoral pero isto xa vai en decaemento e nós xa sabemos que cada día nos quedan máis claro e aos vigueses tamén.

Nós somos vigueses, defendemos Vigo, por suposto, defendemos as infraestruturas de Vigo e temos o mesmo discurso en tódalas partes sen descualificar, porque somos moi realistas, non imaxinamos e facemos esas imaxinacións que vostedes teñen na cabeza que cada día é máis sorprendente, reivindicamos o noso, por suposto que si, e ademais un gran exemplo en materia de urbanismo antes de falar de orzamentos e de investimentos, a instancia de Xunta de Galicia o Parlamento aprobou dúas leis nun ano para que o urbanismo nesta cidade non se pare, e vostedes aínda non moveron nin un só papel e ademais vai darlle actividade ao sector e iso vai permitir que se poidan facer algunhas das infraestruturas que vostedes reivindicán neste mesma moción, unha pura incongruencia.

Veñen hoxe a presumir aquí a este Pleno do traballo dos seus colegas do PSdeG? Veñen aquí a presumir deses colegas de partido que desprezan, que insultan, que culpan ademais dos resultados electorais dos demais, o resultado electoral do Partido Popular de Galicia e da Xunta de Galicia e por méritos propios, e a xente respalda a boa xestión e sabe ademais cando vota á Xunta de Galicia porque a vota e na cidade de Vigo tamén, por exemplo, podo dicir, a Xunta de Galicia ten comprometidos xa 168 millóns de euros, as súas partidas aquí non superan os 19, son un 5% máis que no 2016, están artellados ademais entre os eixos fundamentais que son a consolidación da creación de emprego porque vostedes destrózanos, a cultura e a educación, a sanidade, as políticas sociais e tamén

infraestruturas como a Cidade da Xustiza, a depuradora, a mellora dos viais, a estación intermodal, a ampliación do IFEVI, todos son investimentos da Xunta de Galicia e iso é o que está a modificar a realidade desta cidade, están tódolos proxectos claves da cidade e deberían contar co apoio do Concello, pero repito, que van apoiar vostedes se desprezan e insultan aos seus propios deputados que aínda por enriba fanlles o favor de presentar estas emendas aos presupostos e non falan de Vigo no debate, porque non nomean Vigo, por favor.

Esa vaidade, dicímoslles dende estas bancadas, vailles xogar moi malas pasadas, na Xunta de Galicia están xa presupostados 168 millóns de euros comprometidos pensando na cidade de Vigo e insisto, vostedes estas partidas sóbenas porque sumen creo que 18 millóns case 19 millóns, teñen 97 millóns na caixa, poden perfectamente realizalo cando queiran e presupostalos, por que teñen que estar facendo mocións de postureo como di o Sr. Pérez? Este debate xa se mantivo e por certo, non nomearon Vigo no debate quero que se saiba ben que non nomearon a palabra a cidade Vigo na intervención do voceiro do PSdeG no Parlamento de Galicia, non o nomean, por iso os desprezan. Entón, quero dicirlles que a Xunta de Galicia cumpre, ten moitas infraestruturas en marcha nesta cidade e que os vigueses sábeno perfectamente.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores de Marea de Vigo, si é o momento de traer aquí esta moción por unha cousa moi sinxela, queremos o apoio de tódolos concelleiros deste pleno, da Corporación en reclamar para Vigo medidas esenciais como as que aquí estamos a relatar, non só iso, co grupo municipal Socialista e o goberno da cidade miramos as propostas que nas fan dende o grupo de Marea de Vigo e as aceptamos tamén, porque cremos que son unhas medidas xustas, e queremos que vaia co respaldo de toda a Corporación porque é unha necesidade da cidade. Por iso señores do Partido Popular, a nós non nos vai parar nin os deputados do PSOE, nin os do Partido Popular, nin os responsables políticos en Bruselas de defender a esta cidade, ninguén nos vai parar, a vostedes si, señores do Partido Popular porque se non votan a favor desta moción están a dicirlle á cidade que non.

A súa intervención Sra. Egerique baseouna en dúas cousas, en que temos 97 millóns pola boa xestión que temos na caixa e na liquidez do Concello de Vigo que

iso que nos fai ser o primeiro Concello que mellor paga de toda España como dicía na moción anterior e despois unha circunstancia, nós eses 97 millóns, o Sr. Alcalde presidente da FEMP fala co ministro o Sr. Montoro tódalas semanas e lle di que os concellos teñen que poder usar eses remanentes en investimentos e o Partido Popular en España di que non, claréxense.

Despois claro outra das súas xustificacións foi que 169 millóns veñen destinados para Vigo, onde están? Onde están que non se ven, pero non os vexo nin eu nin os concelleiros do Partido Popular nin os de Marea de Vigo, nin a xente, os veciños/as da cidade, porque a mi estrañoume que noutras ocasións víñanos coa retaila de que estamos a facer unha depuradora, asinada coa ministra a Sra. Espinosa do Partido Socialista. Estamos a facer unha estación de ferrocarril asinado polo ministro o Sr. Blanco, do Partido Socialista, un novo aeroporto asinado polo goberno do Sr. Zapatero, o único que é unha realidade é que vostedes fixeron un hospital que lle destinan 25 millóns de euros ao ano, privado e nós estamos en contra dese investimento, dese gasto que estamos a facer e queremos que o hospital sexa público, por favor, non nos computen, eses 25 millóns que lle pagan aos seus amigos os das concesionarias, como investimento na cidade de Vigo, pedímoslles por favor. Eu creo que vou ter o voto favorable dos tres grupos deste goberno.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, presenta a seguinte emenda de engádeda.

- Incremento en 400.000 euros na aportación autonómica á Fundación Marco.
- Plan de apoio ao sector naval da Ría de Vigo cuha partida de 3.350.000 euros para o 2017.
- Conversión do canon de servizos externalizados no Hospital Álvaro Cunqueiro (25 millóns de euros) na partida de reversión ao público do hospital por un mesmo importe.
- Partida de 1 millón de euros para o Centro de Alta Resolución de Vigo.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con dezaioito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco

Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, acórdase engadir o texto da emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2017 (Rex. Nº 1513/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, engadindo a emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, quedando do seguinte xeito,

Instar ao Goberno da Xunta a consignar nos Orzamentos para 2.017 as partidas que se relacionan a continuación:

- Incremento de 350.000 euros na partida de Pistas deportivas en Balaidos (Vigo)
- Incremento 2.000.000 euros na partida de Área Metropolitana Vigo
- Incremento de 2.000.000 euros na partida de Estación de Autobuses. Vigo-Urzáiz
- Incremento de 1.500.000 euros na partida de Accesos tramo urbano AP-9. Buenos Aires-Centro Vigo.
- Incremento de 1.000.000 euros na partida de Centro de transportes. Area Metropolitana Vigo

- Incremento de 350.000 euros na partida de Convenio Transporte público aeroporto Peinador Vigo.
- Incremento de 6.000.00 euros na partida de Plan Xeral humanizacións estradas autonómicas Vigo. PO-325.P-330.PO-552
- Incremento de 1.200.000 euros na partida de Proxecto Cidade do Mar Vigo.
- Incremento de 900.000 euros na partida de Obras nas cubertas dos patios do concello de Vigo
- Incremento de 1.000.000 euros na partida de Novo Centro de Saúde de Bouzas -Vigo-.
- Incremento de 1.730.000 euros na partida de gratuidade Aparcamiento HAC Vigo
- Incremento de 500.000 euros na partida de ETAP de Vigo
- Incremento de 400.000 euros na partida de Acondicionamento Río Lagares Vigo."
- Incremento en 400.000 euros na aportación autonómica á Fundación Marco.
- Plan de apoio ao sector naval da Ría de Vigo cuha partida de 3.350.000 euros para o 2017.
- Conversión do canon de servizos externalizados no Hospital Álvaro Cunqueiro (25 millóns de euros) na partida de reversión ao público do hospital por un mesmo importe.
- Partida de 1 millón de euros para o Centro de Alta Resolución de Vigo.

**8(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN UN ESTUDO GLOBAL DA ZONIFICACIÓN E ADSCRICIÓN EN VIGO, TENDO EN CONTA A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA E A PROXIMIDADE AOS CENTROS, RESPECTANDO A CALIDADE DO ENSINO PÚBLICO. REXISTRO PLENO 1515/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2017, número 1515/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“Outro ano máis, ao chegar estas datas, moitas familias do ensino público da nosa cidade están sufrindo problemas e incertezas a hora de escolarizar aos seus fillos e fillas na ESO, na continuación dunha ensinanza obrigatoria que simplemente debería supor un cambio dun centro a outro, sen crear ningún pesar.

Pero a realidade é que alumnado de Vigo vai quedar sen poder escolarizarse no seu Instituto de referencia e que outro moito alumnado terá que desprazarse a dez



quilómetros de distancia.

Estes problemas que acontecen na nosa cidade dende fai tres anos, xorden cando a Administración competente, a Consellería de Educación, vai “parcheando”, ano tras ano, estes problemas de masificación nalgún Instituto con solucións que o único que conseguen é crear malestar e protestas nas familias.

E por esto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar á Consellería de Educación, á Xunta de Galicia, a abordar dunha vez un estudio global da zonificación e adscrición en Vigo tendo en conta a evolución demográfica e a proximidade aos centros, e respectando sempre a calidade do ensino público.”

#### DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Permítame utilizar medio minuto do meu tempo, bo día a todos/as, Sra. Muñoz, a linguaxe é moi importante e a visibilización das mulleres é un traballo de todas/os nós e cando ademais vostede permitese dicirlle a unha concelleira en ton tan despectivo “no la dejan hacer”, vostede pide respecto, eu pediríalle educación.

Antes de nada, quero manifestar o apoio público deste equipo de goberno co Alcalde á cabeza, as peticións e reivindicacións das nais e pais das nosa cidade, que apoiados por FOAMPA demandan unha nova adscrición e zonificación educativa. Zonificación, adscrición, a verdade que son uns termos que as veces son difíciles de comprender, voules tratar de explicarllos cun exemplo, o meu colexio o Frián Teis está adscrito ao IES República Oriental do Uruguai, o que significa que alumnado de 6º, cando remata á educación primaria, ten garantido a praza a continuación dos seus estudos que seguen sendo obrigatorios catro anos máis nese instituto, despois de toda unha etapa no mesmo centro, habituados aos mesmos profesores e compañeiros durante seis anos consecutivos e a maioría nove, contando infantil, sentíndose ademais durante o último ano na situación privilexiada que supón ser considerados os maiores do colexio, os alumnos que comezan a ESO pasan a ser un pouco estraños nun novo ambiente, os pequenos no novo centro no que deben convivir con estudantes de ata 18 anos, todo un reto para eses preadolescentes de tan só 11 ou 12 anos, só teñen 11 ou 12 anos. Esta

transición é moito máis que un simple cambio de instalacións, de profesores, de asignaturas, de compañeiros, é un momento de fortes cambios non só a nivel académico senón tamén nos planos físicos, emocional, social e cognitivo. Para que este tránsito se faga da mellor maneira posible, tanto para o alumnado como para as súas familias, leváanse a cabo diversas accións, a primeiros de febreiro o instituto convocou a unha charla informativa ás familias de 6º para falarlles da organización e o funcionamento do IES, dos recursos que ofrece, do proceso de matriculación e da resposta a tódalas súas dúbidas, dentro de pouco o alumnado de 6º visitará o centro de secundaria acompañados polas súas titoras e orientadora, coñecerán as instalacións, realizarán algunha actividade ou algún experimento no laboratorio, socializarán con antigos compañeiros, a fluidez na comunicación entre os departamentos de orientación de ambos centros facilitará o traspaso de información que permita planificar coa suficiente antelación medidas de atención á diversidade, todo isto que sería o normal, facilita o tránsito entre dúas etapas obrigatorias, conseguindo a tranquilidade e a confianza tanto do alumnado como das súas familias. Isto sería o normal, pero resulta que para moitos nenos/as de 6º da nosa cidade isto non é posible, non saberán onde deben continuar os seus estudos porque o IES ao que están adscritos non ten prazas para todos, pode que en xuño no proceso de matriculación xa o saiban, ou pode que teñan que esperar ata setembro, moitas familias ademais verán como os seus fillos/as se lles da praza nun centro lonxe do seu domicilio, cando teñen outros moito máis preto. Moitas nais e pais levan dous anos pasando por reunións, protestas, incertezas para saber onde se escolarizarán os seus fillos o próximo curso.

Os centros tampouco disporán da información do alumnado coa suficiente antelación, son situacións claramente discriminatorias, creando diferencias entre iguais, e todo porque dende a administración educativa, dende a Xunta de Galicia, sa hai cinco anos que curso tras curso estanse a tomar decisións que o único que fan é trasladar o problema dun IES a outro, o que está a crear ese malestar e preocupación.

O inicio desa nova etapa educativa, que segue sendo obrigatoria, non pode sopor un período de stres e de ansiedade, non estamos para nada de acordo coas decisións que só son parches para tapar un problema que se repite ano tras ano,

que cada curso afecta a máis familias, e como administración local, como representantes da cidadanía viguesa apoiamos as reivindicacións destes pais e nais que simplemente piden un estudo serio e rigoroso desde o coñecemento das zonas, dos centros e das necesidades, reclamamos unha educación pública de calidade, non masificada e que dea resposta ás necesidades do alumnado e das familias.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Na Marea de Vigo imos votar a favor desta moción pois somos conscientes dos problemas que está xerar esta situación para moitas familias de Vigo.

Non é de xustiza que, por por outro exemplo, por sumarme ao que dixo xa a concelleira, que o centro de educación infantil e primaria Castelao situado na barrio de Navia deixe de estar adscrito ao IES Alexandre Bóveda moi preto deste barrio e pase a estar adscrito ao IES de Valadares situado moito máis lonxe, cando existen dous institutos de secundaria na contorna e ben próximos.

O que se está a facer é fortalecer o ensino privado fronte ao público, xa que con estas medidas as nenas/os do ensino concertado facilitáselles estudar secundaria no propio barrio, mentres que o alumnado do ensino público debe viaxar preto de 20 quilómetro diarios. Isto é similar ao que se fai na sanidade, podes operarte dunha cadeira pero se vas á privada, se vas á pública tes que esperar inda por enriba, se elixes un hospital público pónñente ao fondo da lista e tardas dous anos máis en ser operado, coa gravidade que isto supón.

Pero temos que saber tamén señores/as do Partido Socialista que estas medidas non só son froito do Partido Popular pois o seu partido tamén é responsable da existencia dun extenso sector privado sostido con fondos públicos que segrega ao alumnado segundo procedencias socioeconómica e promove tamén unha división territorial da oferta educativa.

En decembro de 1985, o Sr. José María Maravall Herrero, Ministro de Educación do goberno presidido polo Sr. Felipe González, publicou un Real Decreto polo que se aprobou un regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, este Real Decreto abriu a porta a proliferación indiscriminada de concertos, polo que as administracións educativas obrigábanse a financiar con partidas procedentes dos orzamentos a creación e funcionamento de centros privados, a maioría

xestionados e dirixidos por ordes relixiosas. Naquel momento argumentaron que só se concederían concertos alí onde non houberan prazas públicas suficientes, máis co paso do tempo concertáronse unidades en zonas nas que había unha oferta pública abunda.

Crearon vostedes un instrumento lexitimado coa súa orixe socialista que sería utilizado polo Partido Popular para financiar centros privados, nalgúns casos promovidos por setas ultraconservadoras e integristas, e que en calquera caso selecciona ao alumnado pola procedencia socioeconómica.

A división tamén é territorial, segundo datos do Instituto Galego de Estadística, o ensino privado concertado é amplamente maioritario en zonas urbanas, mentres que o ensino público é maioritario no rural, ninguén pon en dúbida que o centro de Vigo é patrimonio do ensino concertado, centros que na súa maioría son dirixidos por ordes relixiosas. É evidente que a dupla rede pública concertada dificulta unha planificación correcta da oferta educativa ao tempo que en moitos casos implica duplicar gasto, financiándose unidades concertadas ao carón de centros públicos onde existen postos escolares vacantes.

Por outra banda os centros privados financiados con cartos públicos, defenden os seus intereses particulares diante da administración educativa, representada neste caso polo xefe territorial de Educación de Pontevedra, en contra das necesidades da rede pública facendo imposible unha zonificación racional.

Tamén queremos dende este grupo municipal manifestarlle ao Partido Socialista de Galicia a nosa preocupación pola posibilidade que acordaron vostedes unha reforma da LOMCE coas dereitas segregadoras, elitistas e centralistas do Partido Popular e de Ciudadanos, cómprenos unha lei educativa que aspire a facer real a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, que recoñeza o ensino público de calidade como factor esencial na formación intelectual da maioría e na loita pola igualdade social e que recoñeza o carácter plurinacional do Estado español.

Esta lei á altura da democracia, da aspiración á igualdade e dos desafíos do tempo no que vivimos, só pode prover dun acordo no que as ideas de progreso social e igualdade teñan un peso determinante. Os posibles pactos aos que poida chegar a gran coalición Partido Popular, Partido Socialista Ciudadanos só beneficiarían á minoría antisocial defensora das privatizacións, da segregación social e da desigualdade.

Outra das críticas que queremos facer ao Partido Socialista de Galicia, aínda que este propón agora mesmo que o Galego poida utilizarse en tódalas administracións do Estado, a crítica que lle queremos facer a este goberno, desta cidade é pola a súa falla de compromiso co uso normal da nosa lingua, un compromiso que fixera seu durante décadas o Concello de Vigo, foron e son milleiros os docentes e as familias que entenderon de xustiza promover o uso normal da lingua.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Como a concelleira do Partido Socialista, un segundo da miña intervención para dicir que vostedes son moi de sinatura e foto pero moi pouco de execución, é dicir, que gobernar non é asinar, quero clarexar iso porque as cousas son executadas cando saen no BOE non cando se asinan.

Esta moción danos ocasión outra vez máis de falar de educación, de calidade de educativa de Vigo e sempre coa intención de mellorar e nunca satisfeitos, por suposto, e ao carón dos alumnos e das familias respectando ademais sempre e a liberdade, a pesares de que o informe PISA sexa tremendamente positivo para a educación en Galicia, nós nunca nos conformamos e por iso imos seguir traballando dende o Partido Popular e deste grupo municipal instando ás administracións competentes atender as necesidades dos alumnos cun único obxectivo, que é mellorar a calidade do ensino público. O informe PISA anima a seguir nesta mesma dirección.

Nós estivemos coas familias afectadas, reunidas con FOAMPAS, apoiamos a petición ademais imos apoiar esta petición a de abordar un estudo global da zonificación adscrición en Vigo, e está entre aspas porque é así o que vostede solicitan, e apoiaremos esta iniciativa que por suposto inclúe o respecto absoluto aos técnicos que serán os encargados de facelo e dende o punto de vista político todos estamos de acordo neste Pleno en apoiar a realización dese estudo.

De tódolos xeitos xa que debatemos este mesmo tema hai aproximadamente un ano, gustaríame lembrar o contexto no que fixemos entón e o contexto no que o facemos agora, hai un ano todo era alarmismo, falaban de masificación, hacinamento, incluso chegouse a falar de barracóns neste Pleno, a min gustaríame que as persoas que escoitamos esas acusacións hai un ano, vexamos que nada diso é real e que comprobemos con datos como as cousas están ben planificadas, como se optimizan os recursos sen minguar a calidade e como as circunstancias

demográficas, sociais e xeográficas desta cidade van marcando as pautas e que temos en conta sempre permanentemente.

A día de hoxe á espera do repetidores pero coa adscrición pechada, no IES Alexandre Bóveda centro que puxeron vostedes no foco hai un ano como un centro masificado, hai 108 solicitudes das 150 prazas dispoñibles, é dicir, queda 42 prazas vacantes, esta é a realidade a día e hoxe, e o problema que era de redistribución xa se vai solventando en agravios, si é verdade que hai puntualizacións pero sen agravios e sen alarmismos que é o que vostedes expuxeron aquí hai un ano.

Hai vacantes tamén no IES Cunqueiro, no que poden entrar os solicitantes pero non hai razóns para ese alarmismo do que vostede falan.

E iso temos que recoñecelo, a educación pública é de moita calidade en Galicia e cada vez mellor, repito, as louvanzas do informe PISA ratifícano e remítome tamén aos datos de abandono escolar que cada vez vense máis reducidos.

Isto é un logro de todos, a verdade, é unha riqueza que temos e non podemos tirarnos os trastos á cabeza pois debemos remar todos na mesma dirección e niso estamos, apoiaremos esta moción, nós tamén queremos que se faga o estudo e nós imos e remamos nesa dirección, os que temos certa sensatez e pensamos no interese xeral e non no particular.

Outro dato importante, 19 alumnos do CEIP de Castela de Navia xa están adscritos ao IES de Valladares para 1º da ESO, voluntariamente, o que vostedes, os socialistas cualificaron de case desterro de alumnos, resulta que hoxe convértese nunha opción axeitada, nun centro de primeira calidade, nun lugar privilexiado que é Valladares porque temos que lembrar que Valladares é Vigo, que esta é unha grande cidade, por suposto que a proximidade é importante pero temos un centro magnífico, de moita calidade e como dixen temos que ademais ter unha visión social, xeográfica e demográfica distinta desta cidade, coa perspectiva por exemplo, dun barrio novo e populoso como é Navia e dunha rehabilitada zona como son Valladares e Beade cun gran hospital, cunha zona centro que vai mudar coa estación intermodal, hai que adaptarse tamén ás novas realidades, e ademais un punto é un dato importante que me parece tamén moi interesante para esta moción que lin onte nunha medio de comunicación desta cidade, a natalidade bateu records históricos á baixa, é un drama, no 2016 o número de nacementos en

Vigo situouse no seu nivel máis baixo, ese dato é moi importante tamén coas perspectivas de futuro postas nos centros que temos xa na comunidade educativa que temos e hai tres núcleos urbanos en Vigo con cero habitantes. Isto é un dato que nos ten que preocupar a todos e tamén vai importar moito no que é a educación no futuro.

Por iso estase a ampliar o CEIP Castelao, falaban antes da zona de Navia que é verdade que é un barrio moi populoso, e por iso dende o Concello tamén deberían mellorarse tódolos accesos ao redor do hospital porque a realidade da cidade está cambiando con ese núcleo alí que é o hospital Álvaro Cunqueiro.

No que respecta á súa moción, esa petición apoiámola, xa dixen, pero quero recalcar que a calidade educativa non se ve minguada en absoluto, non se veu minguada nunca, e os resultado en taxa de abandono escolar din todo o contrario. O esforzo e por suposto por parte de toda a comunidade educativa pero cunha xestión técnica e política correcta, sen ideoloxías, libre e adaptada a nosa realidade, sempre ademais dende eses puntos de vista, témolos en conta cando dende o Partido Popular e dende a Consellería fan tódalas opción e proxectan tódalas opcións en Vigo.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. López antonte escoitaba á tenente de Alcalde, á presidenta da Deputación de Pontevedra, a Sra. Silva, noutro foro, dicir que o Partido Socialista do que vostede falou moito, nacera para resolver os problemas da xente, para acadar a igualdade de oportunidades, non como outros partidos que o que fan é crear máis problemas.

Na miña intervención puxen de manifesto a quen afectan estas decisións, ao alumnado e ás familias, pero voulle resumir o problema, foi unha toma de decisións incorrecta, unha xestión ineficaz dos recursos dispoñibles e unha absoluta falla de planificación, todo isto unido á pasividade e a unha absoluta falla de atención ante as necesidades e a problemática que existe nos centros educativos, Sra. Egerique, non temos barracóns porque o ano pasado tivemos aquí unha intervención dun grupo de nais que dixeron que se negaban no seu centro a seguir aumentando as clases en sitios que non eran nin decentes nin éticos, foron eles quen o dixeron, dixeron que non se podía habilitar unha clase nun almacén porque ten que respectar como mínimo uns estándares básicos, sen agravios para

quen? O ano pasado para resolver un problema, ese problema que comentamos xa outras veces que primeiro comezou no Álvaro Cunqueiro que logo pasou ao Alexandre Bóveda, di sen agravios, o ano pasado de forma totalmente por detrás do que ten que facerse no proceso de adscrición, levaron uns cantos nenos de Navia a Valladares, e este ano fixeron igual, cambiaron o proceso de adscrición e lémbrolle que o proceso de adscrición ten que pasar co visto e bo do Consello Municipal Escolar da Cidade e da Federación de Directores a nivel provincial e non pasou e este ano a través de teléfono mandáronlle a eses centros tanto de Navia como o de Valladares que puxeran na súa páxina web que os nenos podían ir a ese colexio, esa é a forma de facer as cousas? Iso é sen agravios, voluntariamente, iso é voluntariamente? E que utiliza algúns termos que son moi perigosos.

O que está claro e vostede díxoo claramente, dixo que baixara a natalidade, é verdade eu penso que o que están a esperar e que se caia a educación, simplemente que se caían os centros e que morran que é o que están a facer, esperando a que o problema se resolva sen vostedes nin sequera tomar unha decisión.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, pola ausencia do Presidente, así mesmo atópase tamén ausente a concelleira, Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2017 (Rex. Nº 1515/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**



**9.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Non se presentaron.

**10.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Non se presentaron.

**MOCIÓNS.**

**11(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN MUNICIPAL A AMOSAR O REXEITAMENTO ÁS POLÍTICAS DE AUSTERIDADE DERIVADAS DAS ESIXENCIAS DA UNIÓN EUROPEA E DO ESTABLECIDO NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SUBSTENTABILIDADE FINANCEIRA. REXISTRO PLENO 1436/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1436/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“MOCIÓN PARA AMOSAR O REXEITAMENTO ÁS POLÍTICAS DE AUSTERIDADE DERIVADAS DAS ESIXENCIAS DA UNIÓN EUROPEA E DO ESTABLECIDO NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DA PETICIÓN DUNHA UNIÓN NECESARIA DAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA COMBATER OS EFECTOS NEGATIVOS DAS POLÍTICAS DE AUSTERIDADE SOBRE A CIDADANÍA.

A esixencia da Unión Europea de garantir a estabilidade presupostaria levou en setembro de 2011 a reformar o artigo 135 da Constitución Española introducindo unha regra fiscal que limita o déficit público e prioriza o pago da débeda. A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira desenvolveu os principios recollidos nesta modificación constitucional

realizada sen un referendo e consagrou os principios convencionais de estabilidade financeira a través dunha serie de normas fiscais que deben respectar as administracións públicas españolas co pretendido obxectivo de sanear os seus finanzas. No caso particular da Seguridade Social deberase manter unha situación de equilibrio ou superávit presupostario aínda que excepcionalmente poderase incorrer nun déficit estrutural de acordo coas finalidades e condicións previstas na normativa do Fondo de Reserva da Seguridade Social. Neste caso, o déficit estrutural máximo admitido para a administración central se minorará na contía equivalente ao déficit da Seguridade Social.

Con todo iso, as tres regras fiscais de ouro son: a non superación dun tope de déficit público, a non superación dun tope de débeda, e o respecto á Regra de Gasto. Esta última regra é un dos elementos máis perversos da Lei ao fixar que ningunha administración poida incrementar o seu gasto público máis do crecemento estimado do Produto Interior Bruto (PIB) aínda que se cumpriu o obxectivo de déficit.

Por exemplo, si o PIB a nivel estatal está previsto que sexa do 2%, o incremento do gasto no Estado, unha Comunidade Autónoma ou un Concello non pode superar o 2%. Isto produce situacións perversas xa que ata de pés e mans ás administracións e limita a capacidade de aplicar políticas sociais, así, en concellos con superávit, vese constringida a capacidade de gasto e de facer investimentos sociais necesarias para a cidadanía.

Adicionalmente, nesta Lei se estipula que no momento no que se quebrante algunha das regras, a administración correspondente quedaría obrigada a elaborar un Plan Económico Financeiro (PEF), que non é outra cousa que comprometerse a modificar os ingresos e gastos dos seguintes exercicios para poder volver á senda de cumprimento dos preceptos fiscais convencionais.

O actual deseño de financiamento local e as actuais normas presupostarias teñen como obxectivo velado reducir o tamaño do ámbito público, afogando aos concellos e impedindo melloras no benestar da cidadanía, cousa que non debemos consentir ao ser os entes locais os responsables de boa parte da política social, por definición aquela de maior proximidade, e aos que se lles esixiu un maior esforzo de contención fiscal o que afectou ás políticas sociais básicas.

O pasado ano o déficit das Comunidades Autónomas superou os 16.000 millóns e o da Administración Central os 25.000, mentres que os concellos non só cumpriron con fartura o obxectivo de déficit cero ao obter un superávit próximo aos 5.000 millóns de euros senón que tiveron por cuarto ano consecutivo un superávit próximo aos 5.000 millóns de euros.

Todo iso parece indicar que son precisamente as corporacións locais as que máis necesitan que se incremente a súa marxe de manobra fiscal ben a través de maiores competencias fiscais e/ou maiores transferencias desde o Estado e as comunidades autónomas, dado que coa actual distribución de competencias unha visión centralista do Estado equivalería a unha visión antisocial da realidade e porque o groso do financiamento do Estado de Benestar no noso país corresponde

ás comunidades autónomas, responsables de partidas tan centrais e esenciais como a sanidade e a educación.

Aínda por riba, a definición dos obxectivos de estabilidade presupostaria definidos o ano pasado e aprobados en ambas cámaras lexislativas do Parlamento pola maioría absoluta do PP reduciron si cabo aínda máis a marxe de manobra para que as comunidades autónomas aplicarán con eficacia as políticas sociais das que son directamente responsables.

Estas regras de restrición presupostaria lévannos directamente ao abismo ao causar graves danos á economía, deprimíndoa e reducindo sensiblemente o benestar da maioría social ademais de non servir para cumprir as metas fiscais establecidas, xa que logo supoñen un camiño absolutamente equivocado.

Ante esta situación é imprescindible cambiar de estratexia, hai que esixir ao Goberno que por unha banda negocie coa Comisión Europea novos obxectivos de déficit, e en calquera caso combater este mediante o fomento da actividade económica e o incremento dos ingresos, nunca mediante o recorte de gasto necesario. A resposta debe vir dun cambio de paradigma que permita que os estados membros poidan incrementar os seus déficits públicos mediante financiamento monetaria directa (creación de diñeiro por parte do BCE) e que este vaia dirixido a mellorar a situación económica da poboación máis afectada. E por outro, que adopte as medidas oportunas para flexibilizar a regra de gasto co fin de que os concellos con superávit poidan gastar máis aló do que vaia a crecer a economía a medio prazo e para modificar a norma que fixa o teito de gasto, límite que marca o Ministerio de Facenda para deseñar os orzamentos municipais, de forma que se fixe sobre as necesidades futuras dos concellos e non sobre o presupostado no exercicio anterior.

Os Concellos de toda España e de todo cor política, o que reclaman non é que se elimine o teito de gasto senón unha reinterpretación de como se calcula ese teito de gasto, por considerar que o actual sistema, que toma como valor de referencia o gasto efectivamente realizado no exercicio precedente, e non o presupostado, limita moito as posibilidades de investimento dos Concellos.

Por todo iso é necesario que se impulse a adopción dunha serie de liñas estratéxicas que teñan como fin combater a lexislación sobre as referidas restricións presupostarias, de forma que as distintas administracións públicas poidan poñer en marcha as iniciativas necesarias para mellorar o benestar dos e as cidadás do noso país e para este fin as corporacións locais supoñen unha capacidade potencial de acción conxunta moi interesante para combater as políticas de recorte e impulsar o necesario obxectivo de modificación do marco legal que as fai posible.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

#### ACORDO

1. O Concello de Vigo, mostra a súa disposición a colaborar con outros concellos

nunha campaña a nivel estatal en contra das políticas de austeridade derivadas das esixencias da Unión Europea e contidas basicamente na regras fiscais de non superación dun tope de déficit público, non superación dun tope de débeda e o respecto á Regra de Gasto, co fin de eliminar os límites impostos á aplicación de políticas sociais necesarias para os cidadáns nunha situación de crise como a actual.

2. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno Central que adopte as medidas oportunas para flexibilizar a regra de gasto co fin de que os concellos con superávit poidan gastar máis aló do que vaia a crecer a economía a medio prazo e para modificar a norma que fixa o teito de gasto, de forma que se fixe sobre as necesidades futuras dos concellos e non sobre o presupostado no exercicio anterior.

3. O Concello de Vigo, esixe aos Gobernos Central e Autonómico que adopten as medidas necesarias para que a marxe de manobra fiscal, do mesmo xeito que o do resto de concellos, véxase incrementado, ben a través de maiores competencias fiscais e/ou maiores transferencias desde o Estado e as Comunidades Autónomas.

4. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno que negocie coa Comisión Europea novos obxectivos de déficit, de forma que a súa redución acomódese a uns maiores prazos temporais e se alcance mediante o fomento da actividade económica e o incremento de ingresos e non mediante o recorte de gasto, necesario dada a situación sociolaboral existente.

5. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno que negocie coa Comisión Europea e os gobernos dos países que forman a Unión Europea a necesaria e urxente modificación dos Estatutos do Banco Central Europeo (BCE) co fin de que os Estados membros poidan financiar os seus déficits públicos mediante financiamento monetaria directa deste organismo e que a mesma vaia dirixida a mellorar a situación económica da poboación máis afectada.

6. Comunicar o presente acordo á cidadanía do municipio, ao Parlamento Galego, ao Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados e á Comisión Europea.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Ao inicio do Pleno falábamnos precisamente da incidencia que ten o goberno do Estado, o Ministerio de Facenda, pero da incidencia tamén que determinadas políticas económicas da Unión Europea teñen sobre os nosos concellos e precisamente dicíamos que o feito de que o Partido Popular non teña maioría no Congreso dos Deputados abre pois unha esperanzadora posibilidade de tombar determinadas actuacións que os gobernos do Partido Popular nos últimos

anos teñen feito para estrangular o municipalismo que debe ser a base política, ideolóxica, económica, social do pensamento de esquerda neste país porque fixemos unha transición ou unha suposta transición que chegou ás administración por enriba, á administración central, á administración autonómica paseniñamente, moito máis amodo do que a algúns nos gustaría, pero os grandes esquecidos nese proceso, nese reparto da transición son os concellos, hai 25 anos a Federación Española de Municipios e Provincias, tódolos partidos que estábamos alí dixemos que os concellos tiñan que participar nos tributos do Estado e participar máis e chegar aquela declaración da Cidade de A Coruña precisamente que dicíamos que o 33% da torta fiscal fora para un concello, o 33% para a comunidade autónoma e o 33% para o goberno central, nada diso tense feito e nós pensamos que é o momento aproveitando precisamente esa correlación de forza no Congreso de Deputados de abril de novo ese debate. E por que ven esta moción ao Pleno cando é unha moción presentada en setembro do ano pasado? Esta moción a presentamos primeiro no proceso de aprobación dos orzamentos deste Concello, presentábase precisamente porque queríamos que este Concello instara ao goberno central a tombar a Lei Montoro, a tombar o que significou no seu día esa lei de substetabilidade e racionalidade das administracións locais e de tódalas administracións pero que sobre todo consagraba a algo que non é exclusivamente paternidade do Partido Popular senón tamén do Partido Socialista, que era a reforma constitucional do 2011, que baixo os criterios que se poñían de reivindicar a defensa dos criterios de estabilidade marcados en Europa e sobre todo a cuestión de pagar antes a débeda pública pero que é coas entidades privadas antes de calquera outro gasto de carácter social ou de carácter de cobertura minimamente digna para os cidadáns deste país, e polo tanto, traemos aquí esta moción non só porque estea de actualidade a pesares de que xa pasou o período de aprobación dos orzamentos deste Concello senón porque algo pasou no Congreso dos Deputados a semana pasada, e que tiñamos unha oportunidade a esquerda política de tombar a lei, sobre todo dunha maneira express os artigos, a través dunha proposta de lei presentada polo grupo Confederal de Unidos Podemos e Marea, que derogábase gran parte do articulado que é o que logo obriga a utilizar os superávits en determinadas cuestións, a que nos impide utilizar ese superávit por exemplo, en abrir unha gardería, en crear un centro cívico, en

facen políticas de creación de infraestruturas públicas, non podemos, iso ao final quédanos pagar aos bancos, aos provedores ou pagarlle ás empresas construtoras para que nos poñan macetas nas rúas desta cidade. Pois nós pensábase que o Partido Socialista ía facer o esforzo de levar á práctica no Congreso dos Deputados en sede parlamentaria o que explicitou durante moito tempo nas campañas electorais e que curiosamente durante esas declaracións ou durante o tempo das declaracións do Alcalde de Vigo dicindo que incluso podería votar favorablemente aos orzamentos do Sr. Montoro se hai unha especie de licenza cos municipios, que non sabemos en ningún momento que pasa por derrogar esa lei, pois vemos que o Partido Socialista xa as ten e polo tanto seguimos traballando e aplicando a lei “Montoro”, e a seguimos aplicando nos exercicios seguintes. É certo que din que nos propoñían parches pero o que vostedes están a pedir nesta moción que puiden ler agora nun minuto que a responsabilidade é do Partido Popular, nós podemos facelo se queremos, temos maioría parlamentaria para levar adiante determinadas cuestións, só fai falla a vontade do Partido Socialista en que a próxima vez que un grupo parlamentario propoña a derogación e tombar esta lei, digan si, e non digan “xa veremos”, en todo caso que o faga o Partido Popular porque saben que o Partido Popular non vai mover unha coma en derrogar esa lei e polo tanto, a pelota, e estoume quedando sen tempo, falaremos despois na segunda quenda, está en mans do Partido Socialista en que os concellos convértanse en garantes de democracia social.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Pérez, mudando o estilo de réplica, para nós é vostede moi doto en cuestións da igrexa teño que dicirlle que vostede cre profundamente na milagre dos pans e dos peixes porque iso de pedir máis, facer máis debendo menos canto menos é unha gran milagre.

Cando o Estado, como estado español, chega a ter un déficit do 12% ou chega a ter unha débeda pública equivalente ao seu PIB como foi o caso de España, debería parecer razoable a premisa esta de non gastar máis do que se ten, incluso, de gastar un pouco menos do que se ten para emendar a débeda, non sei é que vostede ten unha nova fórmula para reducir o déficit endebedándose máis sen subir os impostos e sen xerar unha depreciación da moeda porque se así, se vostede ten a fórmula para reducir o déficit xerando máis débeda entón xa lle digo

aquí que solicitamos inmediatamente unha declaración institucional para propoñelo como próximo premio Nobel de Economía, pero dáme a sensación de que iso non é así. Fíxese falou vostede de que os concellos con superávit deben poder aplicalo no orzamento seguinte para non ver constrinxida a súa capacidade de gasto.

A caso está vostede de acordo co que se fai neste Concello? 97 millóns de euros en caixa sen executar, pasamos de débeda cero, nunha suposta boa xestión, a unha xestión catastrófica que é ser incapaz de executar os orzamentos planificados.

Un bo xestor non se mide por a capacidade que ten de non executar, un bo xestor se mide por si ingresa 100 e gasta 100, non se ingresa 100 e gasta 70 como fai esta goberno municipal que é incapaz de executar os orzamentos, nin tampouco debo dicirlle que un bo xestor non é quen ingresa 100 e gasta 120 que é o que vostedes propoñen, nós dende logo non estamos de acordo para con esa teoría.

Falando do investimento do superávit dos concellos, onte denunciámos como verán hoxe na prensa, que por citar unha das áreas, nos orzamentos en materia de turismo, quitando as subvencións ás áreas, o 100% dos orzamentos en materia turismo para investimentos so executaron o 40%, anda Sr. Pérez que non se podería facer política social co 60% dos orzamentos que non se executaron.

Non se trata de non gastar máis, trátase de gastar mellor, esa é fórmula que ten que vostede meterse na cabeza.

En relación á negociación de España coa Comisión Europea para lasar o cumprimento na redución do déficit, compre lembrarlle que España xa levou a cabo estas negociacións nos últimos anos e que xa se relaxaron os prazos e ademais sen ningún tipo de penalización.

En relación tamén como posible solución na moción á creación ou emisión de cartos por parte do Banco Central Europeo, hai que ter en conta tamén Sr. Pérez que se se emite moitos cartos o que provoca é un incremento da inflación, un decrecemento da moeda e polo tanto unha menor renda dispoñible para os que menos teñen, polo tanto, deberían analizar ben esa teoría.

E xa por último e xa remato, en relación ao Teito de Gasto que por certo como dicía a nosa voceira, efectivamente o goberno municipal que tanto fala de poder reinvestir o gasto, resulta que podía investir ata o 1,8% máis e resulta que efectuou menos dun 0,72%. No referente ao Teito de Gasto da evolución da

débeda, as políticas de austeridade que tanto vostede aborrece en época de crise, imos facer un exemplo práctico de economía das persoas para que todo o mundo o entenda, imaxínese vostede que lle presta 100 euros en pagos únicos anuais de 10 anos, por exemplo, ao seu compañeiro de cadeira o Sr. Jácome, e agora supoña que o Sr. Jácome lle devolve ao final de cada ano 90 euros, é dicir, vostede lle presta 100 euros e o Sr. Jácome lle devolve 90 euros, estaría vostede disposto a prestarlle durante 10 anos de novo 100 euros ao ano ao Sr. Jácome? Ou lle diría porque segundo a teoría económica da Marea de Vigo ao mellor diríalle, "non se preocupe que nós somos da Marea de Vigo, aquí temos a política económica do Sr. Tsipras e do Sr. Iglesias, e polo tanto, eses cartos que me debe xa o negociamos e xa lle fago unha quita do 80%". Vostede non sei porque me da a sensación Sr. Correa que cos seus cartos non estaría disposto a facer ese recorte.

Polo tanto, e remato con isto, non faga cos cartos dos demais, cos cartos públicos, o que vostede non quere para si porque iso é unha auténtica incongruencia.

SR. ANEIROS PEREIRA: En relación coas limitacións orzamentarias en materia de Teito de Gasto e de superávit non podemos estar máis que de acordo co fondo por canto o Alcalde de Vigo, a súa vez presidente da FEMP, encabeza un movemento de tódolos alcaldes de España para intentar que o goberno de España modifique esta cuestión sobre o Teito de Gasto e sobre a posibilidade de que os concellos con superávit como é o Concello de Vigo, que os concellos ben xestionados como é o caso do Concello de Vigo, como que os concellos que executan adecuadamente os seus orzamentos como é o caso de Vigo, poidan investir os seus remanentes e o seu superávit en aquelas necesidades e competencias que temos asignadas legalmente. Polo tanto, polo que respecto ao fondo estamos de acordo non estamos tanto de acordo con esa exposición longa que levaría a modificar incluso os tratados constitucionais da Unión Europea, polo tanto, creo que é preferible centrarnos no realista, no máis inmediato, que é solicitar que o goberno de España, mediante decreto lei que iso si que o pode facer, pódeo facer xa mesmo, incluso este mesmo venres no Consello de Ministros aprobe que os concellos podamos investir aquel superávit que temos naquelas necesidades que ten a cidadanía, que teñen os concellos, por iso o sentido da emenda que presentamos é precisamente iso, centrarnos no inmediato que é propoñer que o goberno de



España aprobe ese decreto lei que permita que os concellos con superávit, ben xestionados, con remanentes, como é o caso de Vigo, podamos investir ese superávit porque o certo é que para o 2017 non temos marco legal, ese é o motivo polo que se inclúe e se propón esa emenda para xa, para esta ano 2017, sen prexuízo de poder falar doutras moitas cousas como propón a moción de Marea de Vigo de cambio do estatuto do Banco Europeo de Investimentos, do cambio dos tratados constitutivos da Unión Europea, pero cremos que o urxente e o máis inmediato é atender xa ás necesidades da cidadanía e por iso propoñemos esas cuestións e digo que isto encaixa perfectamente cunha situación dun corpiño demasiado ríxido que deriva dunha lexislación estatal fundamentalmente aprobado no goberno anterior do Partido Popular con maioría absoluta onde a lei de estabilidade orzamentaria do Estado, establece ese corpiño distinto para os concellos que para as comunidades autónomas e o Estado, posto que os concellos temos que ter unha situación obrigatoriamente de equilibrio, mentres que o Estado e as comunidades autónomas teñen certos marxes de decisión no tocante ao gasto, polo tanto xa é un tratamento diferencial dos concellos respectos das comunidades autónomas e do propio Estado.

Corpiño que se incrementa ademais co establecemento dun teito de gasto, que non como di erroneamente un twit da Sra. Muñoz, e por iso tamén hai que estar atentos, o Teito de Gasto non se establece sobre os ingresos senón precisamente sobre o gasto, así que corrixa ese teito de gasto e ese twit.

O que temos que ter claro é unha cousa, porque hai certas confusións, Tesourería, a caixa que ten o Concello de Vigo ao 31 de decembro, 87 millóns, non digan outra cifra, o dato exacto, pero para que tamén o entendan, a caixa significa tanto como que se eu cobro hoxe nómina e xa a gasto enteira, o que están a propoñer vostedes é o mesmo que iso, gastar ó mesmo minuto de cobrar a nómina, gastala enteira, iso non se pode facer.

Segunda cuestión que quero clarexar tamén, a cuestión dos remanentes, os remanentes de onde veñen Sra. Muñoz? Os Remanentes veñen por exemplo, das baixas que conseguimos nos contratos que se adxudican por este Concello, cando se licita e se concede unha oferta a quen propón unha mellor oferta e máis baixo do prezo de licitación, hai un remanente, ese remanente é o que se utiliza, por iso a execución do Orzamento pode parecerlle senón sabe ler, que é menor pero é

axeitada. Tamén hai que ter en conta que hai determinadas obras que están paradas por outras administracións, póñolle un exemplo, as escaleiras de Abelairas Menéndez patrimonio da Xunta de Galicia non da o permiso en tempo para poder executar no prazo, así non nos bote a nós a culpa de non executar eses orzamentos, así que teñamos en conta tamén iso. Logo están os falsos amigos de Vigo que interpoñen recursos fronte a obras de importancia para esta cidade como pode ser o estadio de Balaídos, por iso temos eses remanentes que queremos investir.

En definitiva, queremos que un concello saneando como o de Vigo que executa axeitadamente os seus orzamentos, que é prudente na xestión financeira poida reinvestir o superávit e o remanente, por iso instamos a que o goberno do Estado aprobe un decreto lei que permita esta situación.

SR. PÉREZ CORREA: Quero felicitar a capacidade do Partido Socialista de invisibilizar a un voceiro de dous metros e cento e pico de quilos porque a moción a presentamos nós, eu creo que se me ve bastante ben, e a moción foi presentada pola Marea de Vigo, non polo Partido Popular que podería ser unha discusión pero agradecemos iso, creo que David Copperfield era capaz de esconder un tren pois vostedes son capaces de esconder a un mastodonte.

Eu creo que estamos a falar dunha moción moi concreta, instamos ao Partido Popular pensando que este como ben explica o concelleiro o Sr. Gago non está de acordo con isto, senón que isto forma parte dun criterio neoliberal de entender como ten que ser as administracións locais, é máis, entra dentro do criterio co que se lle deixa ao goberno central, débeda ilimitada ata o de agora, barra libre nas cuestións de endebedamento con algunhas actuacións que non teñen nada que ver cos servizos públicos, barra libre absoluta ás comunidades autónomas e culpabilizar aos concellos que dende o ano 2012 dan maioritariamente todos superávit e son as únicas administracións que sistematicamente dan superávit e a súa débeda está por debaixo do 5%, o que estamos a dicir é, arranxen os criterios da débeda pública do Estado, arranxen os criterios da débeda pública das comunidades autónomas, pero deixen respirar aos concellos que dende logo están asumindo a mala xestión dos outros, xa sei que aquí parece que as bolsas de inglés é unha competencia do Concello de Vigo, non é unha competencia

municipal, ningunha bolsa é exclusivamente competencia municipal pero os concellos vanas asumindo ante a falla de proactividade por parte da administración que ten competencias dependendo do tipo de bolsas que son a administración central ou autonómica.

Nós estamos de acordo, é que o de instar ao goberno a que faga un proxecto de decreto lei é inmediato, claro que o sabemos, pero sabemos que non pasa porque o Partido Popular sostén de maneira militante esta lei, pois nós o que pedíamos e o fixemos así a semana pasada, o 14 de febreiro, o día nos namorados, pois o Partido Socialista e o Partido Popular pois tiveron esa relación de amor e decidiron non tombar a lei, non o Partido Popular que sabemos que a defende, pero entendíamos que polas declaracións deste Alcalde dentro da FEMP e por declaracións sistemáticas que ten feito o Partido Socialista, era ía haber un voto favorable a derogar gran parte dos articulados, era un proxecto de lei, e deixar exclusivamente os que poden ser modificables porque melloran o financiamento ou a capacidade política-económica dos concellos.

Polo tanto, estamos de acordo con incorporar o que está subliñado en negriña e incorporalo como un acordo do Pleno, pero si que é certo que pensamos que ten que estar o resto das propostas por que algunhas delas si é certo, non poderemos cambiar tratados europeos, pero si que podemos volver modificar a Constitución Española que o Partido Popular e o Partido Socialista modificaron en 24 horas, eu sei que algún candidato das súas primarias deféndeo, a ver se é verdade é gaña e podemos volver a modificar a Constitución.

PRESIDENCIA: Trasládame o grupo Socialista que a emenda que tiñan presentada de substitución a transforman “in voce” nunha emenda de engádeda no termo resolutivo di o seguinte: “acordase instar ao goberno de España para que presente un decreto lei polo que se modifique a regulación actual do equilibrio orzamentario do Teito de Gasto para permitir que os concellos poidan destinar o seu superávit ás competencias que teñen atribuída”, gustaríanos saber se admiten esta emenda de engádeda, o grupo de Marea de Vigo que me di que si, entón pasamos primeiro a ditaminar esta emenda.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros

Pereira, presenta unha emenda “in voce” de engádeda, co seguinte contido,

Instar ao Goberno de España para que presente un Decreto-Lei polo que se modifique a regulación actual do equilibrio orzamentario e do teito de gasto para permitir que os concellos poidan destinar o seu superávit ás competencias que teñen atribuídas.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Pérez Correa, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernandez, pola ausencia do seu Presidente, están tamén ausentes a concelleira, Sra. Silva Rego e o Sr. Fidalgo Iglesias)*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, acórdase engadir o texto da emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.09.2016 (Rex. Nº 1436/1101), polo

voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, engadindo a emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, quedando do seguinte xeito,

1. O Concello de Vigo, mostra a súa disposición a colaborar con outros concellos nunha campaña a nivel estatal en contra das políticas de austeridade derivadas das esixencias da Unión Europea e contidas basicamente na regras fiscais de non superación dun tope de déficit público, non superación dun tope de débeda e o respecto á Regra de Gasto, co fin de eliminar os límites impostos á aplicación de políticas sociais necesarias para os cidadáns nunha situación de crise como a actual.

2. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno Central que adopte as medidas oportunas para flexibilizar a regra de gasto co fin de que os concellos con superávit poidan gastar máis aló do que vaia a crecer a economía a medio prazo e para modificar a norma que fixa o teito de gasto, de forma que se fixe sobre as necesidades futuras dos concellos e non sobre o presupostado no exercicio anterior.

3. O Concello de Vigo, esixe aos Gobernos Central e Autonómico que adopten as medidas necesarias para que a marxe de manobra fiscal, do mesmo xeito que o do resto de concellos, véxase incrementado, ben a través de maiores competencias fiscais e/ou maiores transferencias desde o Estado e as Comunidades Autónomas.

4. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno que negocie coa Comisión Europea novos obxectivos de déficit, de forma que a súa redución acomódese a uns maiores prazos temporais e se alcance mediante o fomento da actividade económica e o incremento de ingresos e non mediante o recorte de gasto, necesario dada a situación sociolaboral existente.

5. O Concello de Vigo, esixe ao Goberno que negocie coa Comisión Europea e os gobernos dos países que forman a Unión Europea a necesaria e urxente modificación dos Estatutos do Banco Central Europeo (BCE) co fin de que os Estados membros poidan financiar os seus déficits públicos mediante financiamento monetaria directa deste organismo e que a mesma vaia dirixida a mellorar a situación económica da poboación máis afectada.

6. Comunicar o presente acordo á cidadanía do municipio, ao Parlamento Galego, ao Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados e á Comisión Europea.”

7. Instar ao Goberno de España para que presente un Decreto-Lei polo que se modifique a regulación actual do equilibrio orzamentario e do teito de gasto para permitir que os concellos poidan destinar o seu superávit ás competencias que teñen atribuídas.

**12(30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO A IMPULSAR UN PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA NO QUE PRESTAR SERVIZOS IMPRESCINDIBLES AOS MÁIS NECESITADOS DESTA CIDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1514/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2017, número 1514/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“A realidade social de Vigo é moi distante da que se empeña en vender este goberno municipal. Neste sentido, bastaría con lembrar que un número moi importante de persoas dormen cada día nas rúas da nosa cidade. Unha situación, que sendo moi preocupante, non é a única que se produce, abocando a moitos dos nosos veciños a un estado de exclusión social difícil de superar.

Así, bastan algúns datos para poñer de manifesto a verdadeira realidade social de Vigo:

- Segundo distintos estudos, somos dos últimos concellos de España en axudas sociais.
- Os desafiuzamentos seguen a existir, pese ás palabras estériles do señor alcalde, que segue sen incorporar a Vigo á bolsa de vivendas valeiras proposta pola Xunta.
- Os coidadores de barrio presentan un papel de mero acompañamento persoal, perdendo unha vía excepcional para outorgar aos nosos maiores as atencións que realmente precisan.
- Segue sen existir un censo de persoas que viven soas.
- Temos un número insuficiente de traballadores sociais.
- E o albergue municipal segue sen facer cumprir as súas normas.

Estes son só algúns dos exemplos desa verdadeira realidade social que presenta Vigo, e que vimos denunciando publicamente desde este grupo municipal. Persoas e veciños sen teito aos que este goberno non atende privándolles do máis importante: da posibilidade de reintegrarse na sociedade.

Por este motivo, temos plantexado fai meses un plan de integración social que comprendería diferentes actuacións centradas, fundamentalmente, en todas esas persoas que dormen nas rúas da nosa cidade. Así, temos apostado pola mellora efectiva dos servizos do albergue; pola creación dun centro ocupacional; ou mesmo pola habilitación dunha bolsa de vivendas que sirvan de alternativa ao

propio albergue.

Actuacións ás que hoxe queremos sumar outra que consideramos urxente: a posta en marcha dun punto de atención continuada os máis necesitados. Neste centro se facilitaría a información pertinente sobre axudas y apoios sociais; se procuraría aloxamento para os que o demanden; e se atendería -derivando se fose necesario- á saúde dos máis necesitados.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Concello de Vigo a impulsar un punto de atención continuada no que prestar servizos imprescindibles aos máis necesitados desta cidade.
- Instar ao Goberno municipal a incorporar de modo inmediato ao Concello de Vigo á bolsa de vivendas valeiras da Xunta de Galicia.”

DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Quería ocupar tamén un pouco do meu tempo como fixo a concelleira para dicirlle que é moi importante a linguaxe verbal, pero hai algo que é moito máis importante que é o respecto, vostede non pode impoñer a ninguén como usa a súa linguaxe, sobre todo tendo en conta de que é o único que se está a facer neste momento pola muller nesta cidade.

E quería dicirlle tamén ao Sr. Aneiros que non sei como pode dicir que ten 87 millóns en caixa cando ten diante do Concello un montón de xente acampada porque as políticas sociais deste Concello son terroríficas, e agora despois de falar de twit e todas estas cousas que a vostedes lles encantan para pasar o tempo, imos falar da realidade desta cidade.

A realidade social de Vigo é moi distante da que se empeña en vender este goberno municipal, neste senso bastaría con lembrar que un número moi importante de persoas dormen cada día nas rúas da nosa cidades, están tamén diante das portas dos comercios pedindo, unha situación que sendo moi preocupante non é a única que se produce, abocando a moitos dos nosos veciños a un estado de exclusión social difícil de superar.

Bastan algúns datos para poñer de manifesto a verdadeira realidade social de

Vigo, fíxense segundo distintos estudos que non son do Partido Popular nin de ninguén son totalmente independentes, somos dos últimos concellos de España en axudas sociais. Os desafuzamentos seguen existindo pese a esas marabillas que di o Sr. Alcalde de que aquí non existe absolutamente nada, menos mal que o outro día a señora concelleira si recoñeceu que houbo 20 desafuzamentos neste mes e medio. Porque Vigo ademais non quere incorporarse á bolsa de vivendas valeiras da proposta da Xunta de Galicia porque sería moito máis fácil.

Os cuidadores de barrio desta cidade presentan un papel de mero acompañamento persoal buscando vellos por tódalas esquinas que da pena velos, que teñen bastón porque así é moito máis fácil acompañalos a casa é dicir que traballan. Non lle dan a atención que precisan, non hai proxecto social nesta cidade, é terrorífica o proxecto social desta cidade porque non hai e é terrorífico porque vaise traballando a salto de mata tódolos días, segue sen existir un censo de persoas que viven soas, é verdade que auga é a máis cara de toda España, Sr. Aneiros, sabe por que? Porque un tanto por cento moi elevado desta cidade vive soa, vostede sabe que o 60 ou 70% desta cidade gasta de auga oito metros cúbicos e paga 30 ao mes? Vostede sabe iso? Non o sabe porque non lles interesa.

Temos un numero insuficiente de traballadoras sociais aínda que se dean cartos para eles, pero insuficientes total, non chega porque hai unhas listas de espera pódolle asegurar bastante peores do que vostedes din que existen noutro lado. O albergue municipal segue sen facer cumprir as súas normas, exactamente igual, non é cuestión de cambiar, fíxese eu esperaba que a Cruz Roja mellorara todo isto porque sei como traballa a Cruz Roja, deféndoa en tódalas partes, é cuestión de como a dirixen dende aquí, o Albergue da pena, non funciona tanto no tema do lavado como no tema de entrada e saída etc.

Estes son só algúns dos exemplos desa verdadeira realidade social que presenta Vigo e que vimos denunciando publicamente dende este grupo municipal, persoas e veciños sen teito aos que os que este goberno non atende privándolles da posibilidade de reintegrarse na sociedade.

Fíxese, imos propoñerlles que poñan un punto de atención continuada que lles podo explicar en que consiste, un lugar onde a xente estea día e noite atendido por profesionais e máis, voulles dicir algo que poden facer, coller simplemente aos irmáns misioneiros de Teis que neste momento están nunha situación terrible, por



iso nós propoñemos “instar ao Concello de Vigo a impulsar un punto de atención continuada no que prestar servizos imprescindibles aos máis necesitados desta cidade e instar tamén ao goberno municipal a incorporar de modo inmediato ao Concello de Vigo a bolsa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia”, teño máis cousas que dicir pero vou a esperar a despois porque me parece moi interesante e por favor, teñan un pouco de rigor e respecto á xente que está na rúa e que están aí fora porque estano a pasar moi mal e eu ademais quero denunciar que o Alcalde vaise porque non é capaz de ver a pobreza de cerca nin de enfronte, nin de ver as necesidades da cidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Xa temos falado neste Pleno das carencias do albergue municipal, empezando pola estancia máxima de 10 días, diferentes colectivos levan denunciando esta e outras carencias que efectivamente deberían ter sido resoltas na nova concesión.

Este grupo defende que a través da xestión directa e a subrogación de traballadoras, máis en todo caso facíase imprescindible un cambio no funcionamento que podería terse resolto ou paliado ao menos a través dos novos pregos, ademais esta situación veuse agravada pola redución de servizos do albergue de Teis.

Os problemas de acceso á vivenda da clase traballadora e a falla de recursos incluso en persoas con emprego están aquí para quedarse, non é unha situación conxuntural do sistema hai que dicilo con toda claridade, nunca co sistema actual acadaremos o pleno emprego e hai que dicilo con toda claridade, ademais dificilmente acadaremos os niveis de ingresos previos á mal chamada crise económica cando as propias institucións europeas obrigan ao Estado coa necesaria colaboración do goberno de España a aplicar medidas que impiden o crecemento do emprego e os ingresos dos traballadores.

Dentro destas medidas, os recortes impostos prexudican a aplicación de medidas para cando menos paliar a situación desesperada de moitas persoas e familias e por isto que tódalas institucións que se consideran favorables ás maiorías sociais teñen que facer o máximo esforzo en atopar crebas no sistema que axuden a paliar esta situación.

Imos apoiar o primeiro punto de acordo desta moción, as carencias no albergue

municipal, a redución de servizos en Teis, a redución do programa Sereos reconvertido en Sísifo que pasou de local a furgoneta, de furgoneta a autobús, de autobús a furgoneta e así quedou, fai necesario un novo esforzo das institucións para a atención de persoas en situación de exclusión social ou en risco de caer nela.

Os colectivos sociais de base empezan a advertir dun aumento da presenza nas nosas rúas da heroína, autoridades médicas advirten do fin de período da alerta social ante este problema e da falla de percepción de risco por parte das novas xeracións que non viviron os terribles anos 80. Outra vez nun contexto de crise, desemprego e de precariedade, as persoas carentes de alternativas buscan saída á desesperación, este punto de atención integral é só unha máis das medidas a tomar máis parécenos unha iniciativa caída.

En canto ao segundo punto, son temas que teñen relación? Imos dicir que si, aínda que o enfoque que se lle da chirría, a unha exposición de motivos que con matices sobre as causas e seguro que con matices sobre como enfocar as solucións, este grupo asinaría sen dubidar, de repente descólganse co rexistro de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, cantas veces preguntou a oposición no Parlamento sobre cifras concretas de persoas acollidas gracias a esta listaxe, tantas veces como adxuntas que houbo á pregunta o que nos fai pensar que a día de hoxe esta listaxe é totalmente inoperante e cos acollementos que fai o goberno galego chegan por outros canles.

A Marea de Vigo, deixando claro que a Xunta de Galicia non está a cumprir a súas obrigas no ámbito de dereito á vivenda, porque non está demais lembrar que é un dereito e non un privilexio, fixo neste Pleno unha proposta para a creación dun parque municipal de vivendas, faciámola baseándonos na Lei reguladora das bases do réxime local, que establece que os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúen a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal e que estes exercerán en todo caso como competencias propias, atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social. Onde está o 10% de aproveitamento lucrativo que corresponde ao Concello polas operacións inmobiliarias? Por que non se usa esta ferramenta para iniciar e despois a través doutra medidas ampliar un parque municipal de vivendas coas que paliar o problema de falla de vivenda que leva inevitablemente á

exclusión social. Cando neste grupo insistimos na necesidade de medidas locais que só dependan de vontade e de recursos municipais, facémolo dende dúas perspectivas a primeira, unha profunda crenza en que os municipios son a base de calquera proceso de transformación que se dea na sociedade, que esta transformación só é posible dende a institución máis próxima á necesidades das persoas, e que esta transformación é posible, necesaria e imprescindible.

E a segunda, moito máis materialista e pragmática que a maioría social que se expresa lexitimamente nas eleccións en Galicia, non ten neste momento a necesaria correlación de forzas para emprender ningún proceso de transformación, antes ao contrario calquera cambio que se dea a día de hoxe no Parlamento terá como vítima a clase traballadora, cousa que non tería porque suceder na nosa cidade e aínda que a situación político-social de Vigo sempre é complicada de entender.

Non cremos na utilidade actual deste rexistro, e por iso que o obxectivo prioritario de apoiar ao primeiro acordo proposto na súa moción, presentamos unha emenda ao grupo Popular.

SR. ANEIROS PEREIRA: Co máximo rigor e tamén co máximo respecto porque estamos a falar dunha cousa moi importante, non estamos a falar de número nin de políticas, senón que estamos a falar de persoas e de cuestións que afectan á dignidade das persoas e polo tanto, a máxima seriedade e o máximo rigor neste punto.

Eu non deixo de sorprendeme con esa manipulación da realidade, con esa demagogia que se intenta facer, eu cando lin esa moción que presenta o Partido Popular pregunteime unha cousa, pregunteime en primeiro lugar quen é a administración competente, a administración competente segundo o Estatuto de Galicia é a comunidade autónoma que no ano 2006 cun goberno socialista, co goberno do Sr. Touriño, aprobou unha lei de servizos sociais de Galicia que regulaba esa competencia da Xunta de Galicia en materia de política social e tamén en materia de vivenda, polo tanto, tiven que poñer o foco respecto do que fai a Xunta de Galicia en política social e en política de vivenda, a sorpresa foi cando descubrín que en política de vivenda pois así como unha partida de 600.000 euros en catro anos, é dicir, nada se facemos un calco para unha cidade como Vigo

supón 20.000 euros ao ano, é dicir, practicamente nada, e cando poño o foco sobre o que fai a Xunta de Galicia en Vigo en materia de política social atópome con que nada, de nada, entón poño o foco sobre o que podo facer eu como goberno desta cidade, polas persoas que necesitan axuda, que necesitan unha vivenda, unha vida digna, que necesitan axuda nunha situación de necesidade, e poñendo o foco sobre esta cidade vexo que asumimos competencias que non asume a Xunta de Galicia, facemos moito máis do que fai a Xunta de Galicia nesta cidade, só en axudas á familias tramitáronse no ano pasado 2.800 axudas, das ordinarias, máis outras 2.000 das extraordinarias, polo tanto, xa temos un bo número de axudas ás familias que o necesitan para cubrir as necesidades de alimentación, de pagar a factura eléctrica, de pagar o gas, polo tanto, o Concello de Vigo está a asumir esa competencia que non asume a Xunta de Galicia.

O Concello de Vigo asume tamén o Servizo de Axuda no Fogar, hai máis de 700 persoas que se benefician deste servizo que presta o Concello de Vigo e que non presta a Xunta de Galicia, pero non é iso só, no servizo de Teleasistencia hai unas 570 que reciben ese servizo que presta o Concello de Vigo, a concellería de Benestar do Concello de Vigo, pero seguimos no servizo de Xantar na Casa, 125 persoas desta cidade reciben ese servizo que non presta a Xunta de Galicia que é a competente, pero a máis, os coidadores de barrio que non andan buscando anciáns senón que prestan axudas a aqueles que os chaman, que precisan de axuda para ir ao médico, para facer a compra, para as tarefas máis cotiás da vida, son asistidas 250 persoas, por certo tamén dando emprego porque hai 46 persoas contratadas no servizo de coidadores de barrio.

Pero ademais damos axudas para rehabilitar e arranxar as vivendas que o necesitan, porque unha persoa con mobilidade reducida necesita un ascensor, como xa fixemos nalgún barrio desta cidade, e non quero dicir o nome porque é un barrio importante e haberá máis.

Bolsas de libros e comedor, máis de 70 colexios desta cidade con cargo aos orzamentos deste Concello, o programa maiores, de infancia, pero é que este luns acabamos de ceder á Xunta de Galicia dúas parcelas en Cambeses, en Chantada para a construción de 63 vivendas, sabe en canto se valora iso? En 1.200.000 euros, esa é a achega que fai esta cidade, que fai este goberno á protección das persoas que necesitan axuda polas súas necesidades e que precisan axuda para

unha vivenda, esa é a diferenza entre o goberno da Xunta de Galicia e o goberno desta cidade, o do Sr. Abel Caballero.

Polo tanto, as diferencias cantan Sra. González, a Xunta de Galicia que é a competente, cero o goberno local de Vigo, a cidade de Vigo apoia á xente que o necesita.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Si que cantan, si.

Imos empezar polo último, os ascensores que si se están a poñer en Coia non son cousa do Concello, o único que fai o Concello é non cobrarlles o permiso, non minta por favor, o 80% pono o Ministerio e o resto pono o Consorcio, por favor non minta, a parte iso non é política social.

Os cuidadores de barrio é verdade que os pon o Concello de Vigo, é a porta xiratoria máis grande que ten o Concello, e voulle dicir algo, como tamén os hai en Coia eu paseime unha hora e media dentro do coche, porque eu cando o falo é porque o vivo, vendo como abordaban á xente polo camiño, eu, se vostede quere dicir o contrario pode dicir o que queira, vino eu, os cuidadores de barrio si que os pon o Concello, agora, dígame vostede que clase de RISGA pagarían vostedes ou de axudas se non tiveran os 17 millóns de euros que teñen da Xunta de Galicia, pero de que está a falar? Quen está a pagar a RISGA nesta cidade senón a Xunta de Galicia que lle acaban de entregar 13 millóns no mes de decembro, pero de que fala? De que lle ceden parcelas, por suposto, pero quen vai construír ás vivendas? O Concello de Vigo? Non, se quere vivendas terá que ceder o terreo. Ou sexa que está a misturar todo, non se da conta que política social non as bolsas de comedor, non o son, iso é educación.

Simplemente dicir que a política social desta cidade, eu non teño aquí o artigo onde di que o Concello, a vostede lle parece normal que non teña ningunha responsabilidade cando ten a xente pedindo nos comercios, nas portas, cando ten a xente acampada aí porque pásano mal, porque non teñen nin que comer, a vostede lle parece normal que haxa xente na porta cunhas barricadas alucinantes pedindo onde vivir e non lles dean unha vivenda digna, pero que clase de Concello é este? Que clase de políticas social leva esta Concello adiante? Si todo o que están a facer, tódalas axudas son gracias a un tanto por cento moi elevado que lle da a Xunta de Galicia, vino, téñoos nos orzamentos, e non sei o artigo onde pon que

vostede ten a obriga de coidar á súa cidade porque é o normal digo eu?

Pero de verdade é que non entendo como din esas parvadas, cando realmente teñen á xente na rúa pasando fame e nun albergue, son polas políticas do Concello de Vigo. Non misturen os temas que a política social é algo moi serio e nunha cidade non se pode permitir tanta pobreza sobre todo cando se presume tanto dunha cidade fermosa.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enriquez, presenta a seguinte emenda de engádeda,

3.- Instar á Xunta a desenvolver un regulamento que estableza os mecanismos, baremables e obxectivos, para o acceso inmediato ás vivendas incluídas en dita bolsa.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernandez, pola ausencia do seu Presidente, están tamén ausentes a concelleira, Sra. Silva Rego e o Sr. Fidalgo Iglesias)*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, acórdase rexeitar a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista,

señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.2017 (Rex. Nº 1514/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**13(31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A CONCRETAR SE VAI UTILIZAR O INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL, EN QUE ÁMBITOS, PRAZOS E QUE GARANTÍAS VAI DAR PARA CUMPRIR OS PRAZOS DE ELABORACIÓN DUN NOVO PXOM. REXISTRO PLENO 1516/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2017, número 1516/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“En novembro de 2015 tiñamos coñecemento público da anulación polo Tribunal Supremo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo do ano 2008. Desde esa data, temos asistido, pese ás numerosas promesas, á completa inacción deste goberno municipal.

Una falta de iniciativa que ten derivado na existencia de dous tipos de administración. Dun lado, a autonómica, ocupada e preocupada en darlle unha solución aos problemas urbanísticos de Vigo. E doutro, a administración local, pola que levamos 14 meses esperando para que presente o borrador inicial dun novo Plan.

Durante todo este tempo, a Xunta ten elaborado a denominada Ley Vigo, que permitiu desbloquear proxectos fundamentais para a cidade como a ampliación do polígono de PSA-Citroën, a Estación Intermodal ou a ampliación do IFEVI; e ven de

impulsar a lei de medidas en materia de urbanismo, pensada especialmente para facilitar o desenvolvemento urbanístico de particulares e pemes.

Esta é unha ferramenta fundamental que pode salvar algúns ámbitos da cidade e impulsar proxectos empresariais importantes, actuando como solución provisional á paralización do urbanismo na cidade de Vigo.

Non obstante, para elo o goberno municipal ten que poñerse a traballar na procura de cumprir unha serie de prazos inescusables para o seu emprego. Así, establécese un prazo dun ano desde que o Concello aproba este instrumento para presentar o borrador dun novo PXOM; dous anos para a aprobación provisional; e tres anos e medio para a aprobación definitiva.

Neste marco, a aprobación provisional dun novo Plan se situaría dentro desta lexislatura. Un prazo que, se ben suporía rebaixar o obxectivo inicial de ter un novo PXOM antes das próximas municipais, permitiría outorgar un pouco de luz aos miles de vigueses que veñen padecendo desde hai máis dun ano a ausencia dunha norma urbanística.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

#### ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a concretar:

- Si vai utilizar o instrumento de ordenación provisional
- En que ámbitos resulta aplicable.
- Que prazos está manexando para a súa implementación.
- Que garantías vai dar para cumprir os prazos de elaboración dun novo PXOM, de tal xeito que non se poña en risco os eventuais instrumentos de ordenación provisional que se aproben.”

#### DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Dende logo que pena que non estivera aquí o Alcalde de Vigo para escoitar aos seus concelleiros dicir que o Concello de Vigo non ten ningunha competencia en política social, cando el é o primeiro que presume da mellor política social de España, é realmente lamentable o seu papel, que tiveran votado en contra desta moción e a política social inexistente dende logo e o desprezo que teñen cara as persoas que máis o necesitan nesta cidade, sinceramente é lamentable.



Como tamén é lamentable Sr. Alonso e señora concelleira de Igualdade que queiran arborar unha bandeira cando vostedes mesmas saben que o teñen que facer é aplicar unha verdadeira política de igualdade no Concello, política que tamén igual que a social é absolutamente inexistente señoras concelleiras, traballen un pouco nos problemas reais que ten esta cidade, porque dos problemas reais que ten esta cidade quere falar o Partido Popular pero está claro que non quere falar o Partido Socialista. O Partido Socialista e este goberno municipal segue enredado na rede, mentres a realidade dos vigueses e o día a día dos vigueses é moi diferente ao mundo ideal no que está instalado este goberno municipal, pero como non hai máis cego que o que non quere ver, dende o Partido Popular imos seguir falando dos verdadeiros problemas que ten Vigo, e un dos problemas que ten Vigo é que non temos Plan Xeral, que estamos no ano 1993, e hai xa 15 meses que o Tribunal Supremo anulou o Plan Xeral do 2008, 450 días sen saber nada dun novo Plan Xeral, Sra. Caride, que insistentemente este grupo municipal lles pediu que nos deran algún tipo de información, se tiñan unha folla de ruta para o novo plan, se tiñan uns prazos, unhas datas, que é o que levaban facendo, hai un mes apareceu vostedes cun carpetón e dicía que o 75% estaba feito, agora debe ser que estamos case no mes de marzo e desapareceu o que tiñan feito, debeu de volatilizarse todo ese traballo que tiveran feito.

Hai que escoitar de vez en cando a realidade de Vigo, xa sei que molesta, xa sei que nese mundo ideal non encaixa a realidade de Vigo pero teñen vostedes que baixar á realidade e baixar ao día a día.

Efectivamente o Plan Xeral é un dos nosos grandes problemas porque hai non só están comprometidos investimentos importantes para esta cidade senón que teñen a miles de familias atrapadas na tramitación das súas licencias ou que non saben aterse para o seu propio futuro. E ten tamén moi preocupado ó sector da construción porque como dicían aquí os únicos que van construír vivendas en Vigo é a tan odiada Xunta de Galicia, por vostedes, vai construír vivendas e acaban de asinar con ela a cesión e terreos, Sr. Anerios, acábao de recoñecer, e van facer tamén vivendas sociais en Navia. Polo tanto, deixen de criticar tanto e aprendan dunha administración que se toma moi en serio as necesidades desta cidade porque está claro que nestes 450 días houbo unha foto que dende logo esclarece toda dúbida, o comportamento distinto de dúas administracións, unha a

administración autonómica que neses 450 días foi capaz de quitar dúas leis para paliar os efectos da anulación do Plan Xeral do 2008, pola súa culpa Sra. Caride e do Alcalde.

Sr. Alcalde pídolle respecto a esta voceira, vale xa de dicir que non se decata, vale xa de descualificar, teña vostede respecto por esta voceira, respecto e humildade que lle ben moi ben Sr. Alcalde e ao mellor venlle moi ben recibir aos que están aí acampados na entrada do Concello para ter un pouco de humildade e ver a necesidade que hai nesta cidade e deixarse de tanta soberbia, vale xa de soberbia nesta cidade e neste goberno municipal e máis respecto polo traballo e pola situación de todos Sr. Alcalde.

Pero como digo, dúas administracións diferentes a Xunta de Galicia dúas leis e vostedes nada, agora quérense colgar a medalla da Lei de medidas, a medalla da Lei de medidas e o mérito é da Xunta de Galicia, non se queiran colgar medallas que non lle corresponden, pero agora lles toca a vostede e aínda non escoitamos que é o que van facer coa Lei de medidas, non escoitamos se van a utilizar a ordenación provisional, non nos dixeron en que prazos están manexando, non nos dixeron tampouco se afecta á un ou varios, a que ámbitos exactamente afecta esta Lei, gustaríanos sabelo, gustaríanos que por unha vez neste Pleno vostede veña aquí con algún tipo de información, por favor lle pido que non empece a descualificar, que non empece a seguir a liña que lle marca o Sr. Alcalde porque a vostede seguramente lle gustaría actuar doutra maneira pero non a deixan.

SR. PÉREZ CORREA: Nós como prevíamos cando vimos o enunciado da moción, pensábamos que isto era unha moción que instaba ao Concello de Vigo a utilizar ese mecanismo absolutamente improvisado que o Partido Popular e o Partido Socialista porque ao fin e ao cabo tamén tivo apoio parlamentario nesa cuestión, a utilizar esta mecanismo para nós desembazado para darlle saída a algunhas cuestións do Plan, se a moción fora instar ao Concello de Vigo a facelo nos votaríamos en contra, porque sería a enésima vez que a solución para un Planeamento anulado é unha cuestión que xa estaba desterrada do planeamento urbanístico de Galicia que é a ordenación urbanística provisional, imos facer unha ordenación para utilizar a curto prazo aquilo que figuraba na anterior Lei do solo pero algúns concellos si que puideron ter esa ordenación urbanística provisional, e

logo xa veremos se en tres anos e medio faise o Plan Xeral e seguimos para adiante co resto dos ámbitos urbanísticos. Como esta moción o único que fai é preguntar, poderían ser perfectamente preguntas, nós estamos de acordo que se pregunte, queremos saber se o Concello de Vigo, de feito o propio concelleiro o Sr. Fidalgo preguntouno, así o fixo na última Xerencia de Urbanismo nós nos imos abster simplemente porque entendemos que hai preguntas que todos nos facemos, agora ben nós queremos poñer algún no pouco tempo que teñamos, algún foco sobre o que o goberno da Xunta de Galicia pretende para saír do impas da anulación do Plan Xeral e o primeiro xa o dixemos que é crear unha ordenación urbanística provisional, é dicir, imos a determinados ámbitos conxelados no tempo ao que nos interese a administración pública, ou ao que lle interese a calquera promotor e determinados ámbitos ímolos a conxelar no tempo, non lle imos aplicar a nova Lei do solo que vostedes aprobaron, non lle imos aplicar determinadas cuestións e así imos desbloqueando determinados ámbitos. É certo que a Xunta de Galicia informou, reuniunos aos grupos municipais, non estaba o grupo municipal do Partido Socialista, estaban os promotores, os arquitectos e estas dúbidas que propuxemos nós as ten practicamente tódolos sectores, porque establecen un criterio de arbitrariedade ou de suspensión no tempo, só co compromiso do Concello de Vigo de que antes de tres anos e medio está o Plan aprobado e senón que pasa con eses ámbitos desenvolvidos, quedan anulados polo feito de que o compromiso de ter o planeamento non se fixo? Para nós é un parche, un enésimo parche ao urbanismo que ten que ser o cerne dun Concello que é obter un Plan Xeral, ter un planeamento íntegro, ter un modelo de cidade desenvolvido, saber que modelo de cidade, de urbanismo queremos facer e facer o plan que o acompañe, pois non, imos facer o enésimo intento de tapar e de suturar unha ferida que dende logo nesta cidade pódese converter en endémica.

Nós non estamos de acordo con este formato, primeiro, non estamos de acordo que estea concernido como unha lei de acompañamento, un proxecto de lei de medidas fiscais que acompañen a uns orzamentos, como se fose unha cousa, unha proxecto de medidas urxentes que vai anexo a un orzamento, e non estamos a falar de planeamento urbanístico, estamos a falar de cuestións que logo poden xudializarse e poden converterse en problemáticas de novo, xa levamos dous plans xerais anulados, do ano 1990 e do ano 2008 e que non sexa a enésima vez

que volvemos atoparnos cunha improvisación como é o Plan do 1993, que non deixa de ser unha improvisación da anulación do Plan de 1990.

Nós propoñemos e o defenderemos a capa e a espada que se redacte o novo plan, que non busquemos atallos, que vexamos ámbito a ámbito as capacidades que temos de desenvolve-lo, que desbloqueemos, que non está feita esta Lei por certo para os particulares, porque entre outras cousas nolo dixo a propia consellería, a directora xeral de urbanismo o solo rústico non se pode converter en urbano consolidado a través deste mecanismo, hai moitas familias que quedan atrapadas nun limbo que non vai resolver esta fuxida cara adiante do goberno da Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós entendemos que hai que facer xa os traballos de concreción do planeamento, e aí si que a pelota está no Concello de Vigo, convocar xa unha comisión, algo no que podamos participar os grupos municipais e que saibamos en que prazos, entendendo que a nova Lei do solo permite ir incluso máis rápido no proxecto de aprobación dun Plan Xeral, en que prazos nos imos mover, porque ao mellor somos capaces de ter un planeamento antes deses 3,5 anos que propón esta ordenación urbanística provisional do Partido Popular e nós cubrimos as costas ante anulacións, dúbidas que poidan ter incluso o sector e non queira empregalos, eu entendo que haxa promotores que non queiran empregar esta medida e dende logo non improvisar máis no planeamento porque creo que esta cidade o tope de improvisación urbanística creo que o temos xa superado e que polo tanto contra as improvisacións só queda a lei.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sra. Muñoz o insulto non é o meu estilo, non sei se a vostede alguén lle obriga a dicir cousas neste Pleno nas que vostede non cre, a esta concelleira non, polo tanto, se vostede se sente obriga por alguén que está por enriba de vostede, vostede saberá, pero dende logo esta concelleira non, polo tanto, libremente di o que cre.

Trae vostede unha moción a este Pleno que eu creo que cando menos é sorprendente porque non propón vostede nada, polo tanto, non nos fai posicionar sobre nada, senón que só pregunta, eu a verdade que ante estas preguntas invitaríalle a que falara cos membros do seu partido, do seu grupo que van á comisión de urbanismo, á Xerencia de Urbanismo, porque sinceramente non

entendo porque estas dúbidas se comentan, se falan, se clarexan precisamente no Consello de Urbanismo, polo tanto, non acabo de entender moi ben porque vostede non é capaz de falar cos seus compañeiros, se imos utilizar ou non un instrumento, en que ámbitos, en que prazos, que garantías, todo preguntas, polo tanto direille que este grupo vaise abster nesta moción precisamente porque entendemos que temos que dar respostas a estas cuestións como levamos facendo, pero como non propón vostede nada, eu voulle clarexar algunha cousa. Ten vostede razón, obviamente é un dato que levamos máis dun ano co Plan Xeral anulado, pero tamén é certo que ao longo deste ano aconteceron moitas cousas, por exemplo, aconteceu que o 10 de febreiro a Xunta de Galicia aprobou unha nova Lei do solo, esa nova Lei do solo non resolveu ningún dos problemas que o planeamento galego tiña, ningún, votouna o Partido Popular única e exclusivamente, só co seu apoio, iso si, cando se aprobou esa Lei o Planeamento de Vigo e o de Ourense e outros, xa estaban anulados pero non se intentou solventar ningún dos problemas que apareceran e que xa tiñamos detectados, pola contra, fíxose unha actuación ás costas do Planeamento Galego, froito desa situación houbo que tramitar unha nova lei, porque quedaban pendentes moitos proxectos, os señores de Marea de Vigo din agora que estarían en contra dunha ordenación provisional, xa estiveron en contra da Lei de medidas urxentes, de Citroën, en contra de Balaídos, do emprego na cidade, polo tanto, na súa liña están tamén en contra pois de que poida axilizar o ordenamento urbanístico de cidade de Vigo, algo que dende logo nós non compartimos.

Dende o primeiro momento lle instamos á Xunta de Galicia a utilizar un mecanismo que permitira corrixir unha situación cando, sobre todo no caso de Vigo, o único erro que motivou a anulación do Plan Xeral foi a insuficiente motivación dun informe, nada que teña que ver co incumprimento dunha lexislación sectorial prioritaria, senón cubrir un erro, por iso mesmo o Concello de Vigo habilitou unha vía para solventala, a vía Parejo, e a Xunta de Galicia deulle as costas ao Concello de Vigo, pero logo diso apareceron outras, aprobou un regulamento que vota para atrás o traballo que nos dixeron que podíamos facer, onde nos dixeron que o Concello de Vigo sería soberano para determinar o grado de desenvolvemento da información que presentase no documento de borrador e ademais agora pois houbo que aprobar unha lei que como vostede sabe na

exposición de motivos di que hai unha ausencia legal, un baleiro legal e que polo tanto hai que solventalo, o que lle levábamos advertindo dende xaneiro do ano 2016, a Xunta de Galicia acaba de decatarse en novembro do ano 2016, e a partir de aí aproba na Lei de acompañamento, podemos chamar, este ordenamento provisional, un ordenamento provisional a instancia tamén do Concello de Vigo que leva moito tempo reclamando que se solvete esta situación. Pregunta vostede moitas cousas, ímolo utilizar? Si. Para que ámbitos? Para tódolos que poidamos, está pensada para ámbitos pequenos como vostedes saben, tamén para o desenvolvemento de dotacións, de accións privadas que estean moi desenvolvidas e tamén para aquelas poidan incorporar un uso axeitado do espazo en terciario, industrial, etc. para que ninguén teña que marchar desta cidade para poder facer os seus investimentos. En que prazos aprobaremos o novo plan xeral? Nos prazos establecidos, como máximo 3 anos e medio, ademais o documento de borrador na escala que o tiñamos efectuado xa está practicamente rematado, polo tanto, a partir de esa información continuaremos coa tramitación para incorporar os novos requisitos que nos esixen para ese borrador e ademais utilizaremos tódolos mecanismos dispoñibles, proxectos sectoriais, modificacións do Plan do ano 1993, como o da Panificadora por exemplo, polo tanto todo aquilo que nos permita que ninguén quede sen investir en Vigo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sra. Caride teño que recoñecer que teñen vostedes unha capacidade para non contestar ao que se lles pregunta sinceramente incrible.

Se lles pregunta que ámbitos é aplicable esta ordenación? E resposta, a tódolos que sexa posible, Sra. Caride, un pouco de seriedade que é concelleira de Urbanismo no Concello de Vigo o concello máis importante de Galicia, un pouco de rigor e seriedade, a tódolos que sexa posible, vostede cre que iso é unha contestación? E non veña aquí a falar que se da puntual información na Xerencia de Urbanismo porque iso non é verdade, porque estamos cansados e os meus compañeiros concelleiros están cansados de preguntarlles que é o que van facer, e vostede dan largas día si e día tamén, así é verdade aínda que alporice o Sr. Font que está moi nervioso hoxe, non sei que lle pasa, que o Atlético de Madrid gañou Sr. Font, hai que estar contento por iso, Sr. Font, estéanse contentos e déixenme

contestar e un pouco de respecto a esta voceira, insisto, que a vostedes lles falla humildade e respecto dúas cuestións que son importantes.

Pero mire, nós si que no tomamos en serio o urbanismo en Vigo e por iso apoiamos e por iso falamos moitas veces coa Xunta de Galicia o grave problema que tiñamos nesta cidade, porque a Xunta de Galicia tivo que actuar ante a súa absoluta inacción, porque levamos máis dun ano e acaba vostede de recoñecer que van ver se en tres anos e medio se cumpren os prazos que establece a lei para ter un novo plan xeral, pero como pode dicir iso a esta cidade, como pode dicir aos vigueses/as que nos tres anos e medio que quedan van ver se son capaces de presentar ou non un plan xeral novo, pero si xa tiña que estar presentado ese borrador Sra. Caride, que pasou máis dun ano e agora resulta que é culpa da Xunta de Galicia, mire xa non nolo cremos, xa sabemos perfectamente que o urbanismo para vostede non é importante porque desgasta, quita votos e todo o que lle quite votos ao Sr. Alcalde, que supoña un desgaste aínda que vaia en contra dos intereses da cidade non lle interesa e que vai volver utilizar politicamente o urbanismo porque vostede é a responsable de que se anulara o Plan Xeral igual que o é o Sr. Alcalde. Aquí gustaríame facer unha pregunta e deixar unha pregunta no aire para que vostedes a respondan cando o teñan a ben, van vostedes a tardar en tramitar a ordenación provisional para que os dous anos que obriga a lei a ter aprobado provisionalmente o plan e que obriga á información e á exposición pública non se poida facer antes das eleccións municipais, gustaríame que me respondera a esa pregunta, vaise facer o trámite de exposición pública do novo plan xeral antes das eleccións municipais? Como queda reflectido en acta nós cremos que non, que vostedes non lles interesa politicamente e que paralizar esta cidade a vostedes dende logo é o que menos lles importa. Pedímoslles seriedade, que traballen polos intereses dos cidadás, pedímoslle que saian de estar enredados de querer enredar día si, día tamén, pedímoslle que deixen de facer oposición á oposición, que cumpran coa súa obriga que é gobernar que para iso lles votaron e par iso presumen tanto de 17 concelleiros e que se vexa e que o noten os vigueses que o seu goberno municipal está nos problemas e está no día a día. Ata agora desgraciadamente non está, está a outras cousas, esperemos que iso cambie.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaioito abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa , adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.02.2017 (Rex. Nº 1516/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**14(32).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á PETICIÓN DE D. JUAN MANUEL CAROLO RAÑA PARA SER RECIBIDOS POLO ALCALDE.**

SR. PÉREZ CORREA: Isto é un escrito presentado en tempo e en forma o 22 de decembro polo D. Juan Miguel Carolo Raña pedindo unha solicitude de reunión co Alcalde, non sei se é de xente do barco, e de xente que está acampada aí e rogamus que esa reunión se efectúe conforme está proposto, senón existe este escrito ou se perdeu eu lle entrego copia a través do secretario para que se faga o rogo de responder.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.



**15(33).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á REDE DE SUMIDOIROS NO ENTORNO DO EDIFICIO SOTAVENTO.**

SR. GAGO BUGARÍN: O último Pleno presentei aquí un rogo para que a concelleira de Vías e Obras fixese unha remodelación das partes que quedaban sen cumprimentar na rotonda do entorno do edificio Sotavento, teño que recoñecer, porque é de xustiza recoñecelo que efectivamente puxo as cinco árbores, modificou tamén as luces dos farois, ademais tamén limpou as beirarrúas, agora ben só lle queda e lle pido que poña a rede de sumidoiros porque o día que fun alí a vendelo produto que supoño que vostede tamén o faría, pois ese día chovía moito e auga entraba nos comercios, entón lle rogaría que por favor, que o último que lle queda é a rede de sumidoiros que o poña.

**16(33).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á ACTUALIZACIÓN DO NÚMERO DE ASOCIACIÓNS XUVENÍS QUE FIGURAN NA PÁXINA WEB.**

SR. GAGO BUGARÍN: A semana pasada chamei a todas e cada unhas das accións xuvenís que veñen na páxina web, a todas, supoño que probablemente se funciona a comunicación xa llo dirán non? E das cincuenta asociacións que veñen na páxina web, só cinco están actualmente en vigor, encontrei dez que me dixeron que facía dez anos xa que non eran presidentes, outros que tiñan trinta e sete anos, outros que xa directamente o teléfono dicía que estaba desconectado ou fora de cobertura e só cinco dicían que tiñan actividade, polo tanto o que rogaría en primeiro lugar, é que actualicen despois de dez anos o listado das accións xuvenís e en segundo lugar que tomen cartas no asunto porque estanse cargando a actividade asociativa xuvenil.

PRESIDENCIA: Tomamos nota dos dous rogos pero debe clarexarse que nós non

imos vendendo produtos.

**.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**16(35).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO ÁS BASES DE CONCORRENCIA DAS BECAS PARA DEPORTISTAS DA FUNDACIÓN VIDE.**

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Cambiáronse as bases de concorrencia das becas para deportistas da Fundación Vide despois de ser publicadas?.

PREDIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

**17(36).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , RELATIVO A CANDO VAI RECIBIR O ALCALDE Á XENTE QUE O TEN SOLICITADO.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu pregunto se realmente vai recibir á xente, non llo rogo, pregunto, porque creo que o ten claro, debería contentar xa si ou non, se vai recibir á xente que está na rúa.

PRESIDENCIA: As contestacións da axenda do Alcalde, cando considera que é o momento.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como

secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.